



# xermolos

ASOCIACIÓN CULTURAL DE GUITIRIZ

## XL FESTIVAL de PARDIÑAS

2,3 e 4 de AGOSTO de 2019



# O AUTOR DO CARTAZ:

## LEANDRO LAMAS

Non foi doado escoller ao autor do cartaz desta edición do Festival de Pardiñas. Queríamos unha obra cargada de ilusión e entusiasmo nos trazos e nas cores porque estamos a celebrar os 40 anos, e neste tempo fomos aprendendo que o cartaz do festival mobiliza á poboación, e que, polo tanto, neste ano tiña que berrar aos catro ventos que Pardiñas segue a ser un mundo máxico, nunha palabra tócalle espallar o “pardíñazo” da nosa música.

Leandro Lamas Ermida é un artista total, non só na plástica, tamén no teatro, coma actor e director, e mesmo é capaz de meternos ás e aos espectadores no corazón da escea que deseña, neste cartaz envólvenos coa música das pandereiteiras e fainos bailar e cantar que é o propio do noso festival porque nel todas e todos somos artistas. Este cartaz lémbra-nos outros cadros seus coma “A saia da Carolina” ou o “Paso-dobre do Berbés con clarinete” que recordeo celebrar con Xosé Seivane na exposición da Casa das Artes de Pardiñas. A empatía entre o creador e os seguidores de Pardiñas foi tan grande que cando estabamos a pegar estes cartaces a xente arrincábanolos das mans e moitas e moitos pedíronnolo por moitos medios para conservalo coma un recordatorio do festival.

A súa linguaxe a través das artes é directa e rexa, ateigada de ecos humorísticos e irónicos, sempre fieis ás nosas esencias coma pobo, convertendoo nun dos creadores que mellor transmite a nosa realidade. A súa proxección social abrangue todos os eidos da actividade coma reflicte o mural da Facultade de Económicas de A Coruña: “A palabra como motor da economía” desenvolta en dez táboas: Pesca, Traballo, Aforro, Sargadelos, Coñecemento, Agro, Recursos naturais, Textil, Desenvolvemento e Industria cultural...



# CANTANDO AS CORENTA

UN ESPECTÁCULO ÚNICO PARA UN GRAN ANIVERSARIO

por XURXO SOUTO

Pardiñas chega á súa cuadraxésima edición. Corenta agostos de festivais ininterrompidos, feito único na música galega. E quere significalo cun evento tamén único: “**Cantando as corenta**”, un gran espectáculo creado en exclusiva para esta celebración.

A proposta nace directamente da **Asociación Cultural Xermolos**: Tres horas de música e baile. Resume dos fitos máis destacados da historia do Festival e, ao tempo, un sonoro manifesto de futuro.

Sobre o escenario unha banda de once instrumentistas, conformada por músicos de diferentes grupos que algunha vez teñen actuado en Pardiñas. A canda eles moitos solistas -estilos, diversos- que deixaron unha especial pegada no Festival: Susana Seivane, Antón Reixa, Uxía, o gaiteiro Pepe Vaamonde, tamén Kevin Weatherill (líder de Inmaculate Fools) ou Xosé Manuel Pereiro (vocalista de Rádio Océano).

“**Vinde merendar a Pardiñas!**”, así nos convocou Xermolos por primeira vez. Tanto medrou aquel pequeno encontro, tanta emoción compartida, que agora o Festival é quen –feito extraordinario- de producir o seu propio espectáculo.

Con el quere poñer en valor todo o aprendido e compartido nestes anos. E, sobre todo, agradecer ás miles de persoas que converteron a Pardiñas –música, natureza, amizade- en parte fundamental da súa propia biografía.

Entre todas, entre todos transformamos aquela merenda nun dos maiores referentes da cultura galega contemporánea. En tempo pois de celebración: Cantando as corenta !

## AI ! PARDIÑAS, DÁSME A VIDA !

Os once músicos de “Cantando as corenta” levan meses traballando para o evento. A banda está dirixida polo saxofonista coruñés Richi Casás, unido para sempre ao Festival tras da súa actuación co grupo *Os Papaqueixos*. A maior parte banda procede tamén da inmensa canteira de músicos que algunha vez actuaron en Pardiñas. Velaí (citamos só o nome dun dos grupos): Nacho López (guitarra e voz) do *Jarbanzo Negro*; María Prado (trompeta) de *Banda Xangai*; Olivier Cano (saxo e frauta) de *Tres Trebóns*; Mangüi Martín (baixo) e Xurxo Souto (presentación e coros), dos *Diplomáticos de Monte-Alto*; Xan Xove (gaita e percusión tradicional) e Antón Díaz, tamén, dos *Papaqueixos*.

O **baile** será outro gran protagonista do espectáculo. Dende aquí convocamos a todas as bailadoras e bailadores do país: Precisamos do voso talento para acadar a apoteose.

Pois cómpre significar tamén a singular metamorfose que vivimos nestas catro décadas no campo de Pardiñas: “**do pogo ao punto**”. Isto é, do baile incontrolado, a base de choutos e empurróns, (“o pogo”), á marabilla dos “puntos de muiñeira”, que cada vez campan máis sobre a herba do Festival.

**Somos un pobo de artistas !** O espectáculo ten o seu impulso primeiro no propio talento e creatividade das veciñas e veciños de Guitiriz. Por iso en “**Cantando as corenta**” tamén actuará a Coral, a Banda de Gaitas e mais o Bloquinho de Xermolos.

E haberá un recoñecemento especial a Sito Carracedo: *o luthier das portas abertas*, que ano tras ano acolle a centos de persoas no seu taller. Na súa honra soará unha obra –estrea absoluta- dedicada ao seu invento máis famoso: “O peitoque”. Pequeno instrumento de percusión quen de erguer a maior das treboadas.

## **BANDA PARDIÑAZO**

Grupo efémero, creado exclusivamente para este evento.

Levan meses traballando. E vanse autodestruír conforme remate a gran sesión de “Cantando as Corenta”.

A banda está dirixida polo saxofonista coruñés **Richi Casás**, unido para sempre ao Festival tras da súa actuación co grupo *Os Papaqueixos*.

Richi é o músico total, que reflicte en plenitude o universo Pardiñas: *Do jazz ao bravú; da verbena á música tradicional*.

Titulado en jazz polo Conservatorio Superior da Coruña. O seu saxo foi pedra angular dos míticos *Papaqueixos*. Formou parte da sección de metal da orquestra *Os Satélites*. A súa avoa Rosa, de Cerceda, foi unha das principais informantes de Dorothe Schubarth no seu “Cancioneiro popular galego”. Actualmente está a piques de editar un libro-disco onde rende homenaxe a esas melodías que aprendeu da avoa.

A maior parte dos seus **once compañeiros e compañeiras** procede tamén directamente da **fecunda canteira de músicos** que algunha vez actuaron en Pardiñas.

Velaí (citamos só o nome dun dos grupos):

**Xan Xove** (gaita e percusión tradicional) do *Jarbanzo Negro*. **María Prado** (trompeta) de *Banda Xangai*.

**Álvaro Trillo** (batería) de *Dios ke te Crew*.

**Olivier Cano** ( saxo e frauta) de *Tres Trebóns*.

**Antón Díaz** (baixo) dos *Papaqueixos*.

**Guni Varela** ( guitarra e coros), **Mangüi Martín** ( baixo) e **Xurxo Souto** ( presentación e coros) dos *Diplomáticos de Monte-Alto*.

Alén desta canteira pardiñenta, a banda está reforzada con tres músicos en clave de excelencia:

O saxofón de **Mercè Palacios** ( The Funkles, Malasombra jazz, Next Generation, CMUS Big Band).

**Roberto Comesaña** no acordeón ( que agora mesmo está a colaborar con Cristina Pato, Leilía, Sonia Lebedynski, Xulio Lorenzo, Tanxedoras...)

E **Xosé Luis Miranda**, trombón ( que toca habitualmente con Santi Araujo, Carla Green and The Demons, García MC e Nación Quilombo ou Gallaecia Big Band).

*Xurxo Souto.*

# XURXO SOUTO

Xurxo Souto é un dos grandes valedores do Festival de Pardiñas, sempre estivo a carón noso, remando coma o que máis no corazón do Festival, actuou coma fundador integrante de Os Diplomáticos en dúas ocasións, noutro Festival foi o pregoeiro xunto con Sofía de Labañou e ten participado coa súa literatura en libros e revistas de Xermolos, mesmo presentando aquel fermoso volume sobre Manuel María na Librería Couceiro de A Coruña. Da súa imaxinación saíron en La Opinión desta cidade, páxinas maravillosas sobre Pardiñas. Foi con Uxia Senlle que tamén nos agasalla neste Festival coa súa palabra quente un dos coordinadores da Plataforma “Nunca Máis”. Celebrou unha homenaxe a Manuel María en Pardiñas, amigo seu e compañeiro sobre todo, no derradeiro treito da súa vida en Monte Alto.



## A ARROUTADA naceu en Monte-Alto, fíxose na ruta e estoupou en Guitiriz

por Xurxo Souto

Lugar de Pardiñas, punto de concentración de “carnochos”, romería da xente, onde os Diplomáticos recibimos FORZA VITAL para conquista-lo Universo (a pesar da ciática, niso che andamos).

Hai un par de anos, Paco dos Bloques, un de Xermolos, un bravo, un teórico da emoción deunos unha consigna definitiva:

*“Fun a Parga e Guitiriz / Guitiriz e máis Teixeira  
Fun a Parga e Guitiriz / hoxe fun ó Mundo enteiro”*

O senso da vida, fronte os “repunantes de Megalópolis”, onde ninguén vale nada, nós temos o Universo das cousas pequenas, feitas pola xente. Guitiriz, bravura concentrada, e Pardiñas, e os Sete Muiños, e o Capador de Reinote, e A Torre de Pedra e a Señora Requecha, profeta verdadeira que nos indicou cuns versos ben lúcidos que a nosa única limitación está no tamaño, afortunadamente:

*“TÉS BOA SORTE MARCIAL / DE SER CAPADOR PEQUENO  
SE FOSES GRANDE E CAPARAS / TODOS CHE TERÍAN MEDO”*

Ameaza poderosa, consigna vital para turrar KONTRA O MUNDO. Insisto na miña teoría de tres pesetas. Vivimos no cu do planeta, condenados a ser sempre espectadores: As películas fanas en Hollywood, as cancións en Inglaterra, a política en Bruxelas e as máquinas en Xapón. E nós a velas vir.

Vivimos no cu do mundo, si, pero temos bravura para tronzar o Universo. E aparece Paco dos Bloques, un bravo, un arroutado e nos entrega as palabras máis bonitas, subversión pura, ARROUTADA EN GUITIRIZ:

*“Osos fríos no inverno / arde o monte polo vran*

*comemos liscos na Pascua/ e a cacheira no San Xoán*

*pero se queres sardiñas / moita tralla e pouco pan*

*has vir aquí a Pardiñas / pra agarrala coma un can,*

*Non temos praia nin porto / porque somos do interior*

*pero come-lo porco / petámoslle ó licor*

*berran as ras no Boedo / e os sapos no Fontá*

*e a foder non tés medo / imos xuntos cara alá*

***FUN A PARGA E GUITIRIZ / GUITIRIZ E MÁIS TEIXEIRO***

***FUN A PARGA E GUITIRIZ / HOXE FUN Ó MUNDO ENTEIRO”.***

Poder bravú, himno longo da xente para volver a Guitiriz, sempre. Gracias Paco, gracias Xermolos, por seguir armando a historia da emoción, unha historia que xa é lenda, fronte a tanta “repunancia”, que viva o poder dos bravos. Augas de Pardiñas, forza vital, TANTA PAIXÓN QUEN PODERÁ DETELA!!!

XURXO SOUTO

E trinta carnochos máis.

Coma imos escoller só unha banda para cada un dos intérpretes de CANTANDO AS CORENTA, centramonos nas intervencións de Xurxo cos Diplomáticos dende

**Pardiñas 2019**



1991, 1994, 2003, 2005 e 2014..., no que o presentábamnos deste xeito, falando dos seus libros:

“Vocalista que foi do conxunto bravú Os Diplomáticos de Monte-Alto, e autor dos libros, A tralla e a arroutada (1996), Fumareu (1997), O retorno dos homes mariños (1999), Contos da Coruña (2004) que é unha apaixonante viaxe ao fondo da memoria desta cidade e dos seus barrios populares, As Xubias, Eirís, Os Castros, A Gaiteira, Oza, O Montiño, Monelos, Elviña, Fontán, San Roque, O Labañou, que son da Galicia toda, Cuentos del mar de Irlanda, de Galicia al Gran Sol, etc

A Coruña que Xurxo Souto contempla colectivamente tracexada como unha cidade de músicos e navegantes, entre o palco da festa e o peirao do Muro, polo toque do acordeón e o golpe de mar.

Xurxo Souto descúbrenos neste fato de historias agachadas, algunhas delas publicadas con anterioridade no xornal La Opinión da Coruña, que ata agora ninguén contaba, unha cidade inédita para os medios de comunicación: a Coruña como unha cidade atlántica (onde sopra o vento de Nova York), enxebre e cosmopolita; como unha pedra chantada no océano; como unha cidade que naceu do mar e no mar ha ter o seu futuro.

Contos da Coruña é un primeiro e único manual de épica cascarilleira. Velaquí as grandes historias de heroes anónimos da Coruña como o Periquete, o patrón máis novo que mandou un pesqueiro de altura; os percebeiros da Punta Herminia; Pucho Boedo e Sito Sedes, cantantes preciosistas; o ciclista Clemente; ou Manuel Caja-raville, o gran bailar de Aturuxo e Cantigas da Terra. Velaquí un periplo tasqueiro insólito, que nos leva dende o Bar Los Claveles, sede do esplendor da tapa de orella prensada, ata A Toquera, refuxio de mariñeiros, ou á apoteose de os Peteras dos Belés, taberna fermosa no medio das torres de Monelos. Un libro que recolle tamén a primeira antoloxía do cantigueiro cascarilleiro, inzada de emocionantes repichocas e cantareas de historias lindas da memoria popular.

Contos da Coruña é, pois, un convite fraterno para armar un poderoso periplo tasqueiro no que procurar toda a xenerosidade gastronómica das nosas comarcas e das terras estremeiras de Galicia, agora felizmente cartografadas nos bares, tascas, baiucas e adegas.

Contos que arroutan o peito e aclaran a gorxa para nos dicir quen somos e que facemos neste curruncho da Humanidade ao que ben chamamos Galicia. E mesmo agora cando escribimos isto, Xurxo Souto está presentando outro libro: **TRES TREBÓNS**: un fato de relatos Velaí:



*Xurxo Souto e Sofia de Labañou dando o pregón do XXII Festival de Pardiñas*

## Un Trebón

**Música:** En todas as súas formas: ruído, repichoca, harmonía pitagórica, clamor universal.

## Dous Trebóns:

**Máis música:** A canción do cosmos, que nos define e aloumiña e que, nesta parte do mundo, vén sempre mollada co salseiro do mar.

## Tres Trebóns:

**Música, moita máis música:** Proclama dun novo mito para un novo tempo:

**A MULLER SOL**, fecundidade feminina, que todo domina, como cantan estes versos das Garrotas da Ribeira:

“Nesta terra de mulleres que sementan  
berberechos na ribeira e patacas na leira  
Levan nos ollos un Sol que non queima  
E na boca un limón maduro”

de XURXO SOUTO



*Xurxo Souto actuando cos Diplomáticos de Montealto no XV Festival de Pardiñas*



# PEPE VAAMONDE

Fai dez anos Pardiñas disfrutaba coa música de Pepe Vaamonde e a súa banda, era a trinta edición.



Pepe Vaamonde Grupo (PVG) é unha formación folk pensada para o directo. A calidade, coma instrumentistas, de cada un dos compoñentes, xunto coa forza emocional das composicións, forman un cocktail que os converte nunha das bandas de folk máis maravillosas do momento. Pero, ademáis, Pepe Vaamonde Grupo, é tamén capaz de realizar un traballo de estudio de gran calidade, como así o demostran os recoñecementos acadados nos medios especializados cos seus dous primeiros traballos discográficos. No seu terceiro traballo: Intro Terra, o grupo mestura os sons máis íntimos da música tradicional coas correntes máis vanguardistas do Folk Europeo.

INTRO TERRA, composto por once temas nos que a “terra” (as formas musicais tradicionais), manifesta a súa forza poderosa. Si o primeiro disco estaba dedicado á auga, “Aviouga”, o segundo foi ao vento: “Onde nace o vento”. Este terceiro traballo discográfico está dedicado á terra. A terra está presente nas guitarras de Pipo e no baixo de Xesús. E mestúrase coas gaitas e frautas de Pepe e co acordeón de Nacho para crear “Intro Terra”. Á diferenza dos anteriores traballos, Pepe Vaamonde Grupo decidiu saír de Galicia para preparar este novo proxecto nos estudos PKO de Madrid. Contou coa colaboración de artistas convidados, coma o cantante Javier Feijoo ‘Chisco’, o batería Carlos Bastón, as cantantes María Vidal, Iria Cobos e Ana Rosa Vidal; o trompetista Abraham Cupeiro e o gaiteiro Brais Monxardín.”Se tivéramos que definir a Pepe, nunha soa palabra, esta sería, sen ningún tipo de dúbida, gaiteiro. Naceu en Visantofña, no 1971 “cunha gaita baixo o brazo”, o que permitiu que, nos 90, fose o gaiteiro máis galardoado en concursos e certames de gaita de toda Galiza. Participou en moitos festivais, coma o 35 Festival Intercéltico de Lorient. Forman parte deste quinteto: Pepe Vaamonde (gaitas e frautas), Nacho Tobío (acordeón), Pipo Alvarriño (guitarras), Xesús Vidal (baixo) e Andrés Vilán (percusionista).



*Presentación de Cantando as corenta na Casa das Palabras de Guitiriz. Pepe Vaamonde, segundo pola esquerda*



*Xosé Seivane pregoando a I Mostra de Instrumentos de Música Tradicional en Pardiñas, abaixo, Susana Seivane tocando nesa mesma Mostra e noutra edición posterior.*



# SUSANA SEIVANE

Moi ligada ao Festival de Pardiñas dende nena a través do seu avó Xosé Seivane e da súa dona, a súa presenza foi habitual no festival, deleitandonos coa súa música, e mesmo, aínda que non esté na programación daquel ano, Susana ven á festa coas súas crianzas, na liña de moitas familias que queren manter esta fidelidade xeración tras xeración. Xermolos quere



corresponder a este agarimo espallando a arte de esta creadora por todos os recantos, sen esquecer o compromiso desta familia coa nosa música a través da artesanía.

Naceu en Barcelona en 1976 no seo da familia Seivane, un dos apelidos con máis prestixio e sona dentro do mundo dos gaiteiros e artesáns de gaitas de Galicia. Comezou a súa andaina musical aos tres anos de idade da man do seu pai, Álvaro Seivane. Aos 9, trasládase, xunto coa súa familia, a Cambre (A Coruña). Xa en Galicia, entra en contacto con mestres gaiteiros da talla de Ricardo Portela ou Moxenas que, xunto co seu propio avó, Xosé Manuel Seivane, influenciarían grandemente o seu xeito de entender e interpretar a música tradicional galega. Non tardou moito en gañarse a admiración e respecto do mundo da gaita en Galicia, comezando aos 10 anos a dar concertos por todos os recunchos do país.



Durante a súa adolescencia, Susana cursou estudos de solfexo e piano e formou parte de diferentes agrupacións musicais tradicionais. Aos 20 anos toma contacto cos escenarios da man do grupo Milladoiro como artista invitada. A partires deste momento comeza a súa andaina como solista creando un estilo xenuíno que, lonxe de perder de vista o aire enxebre dos antigos gaiteiros, ábreo ás influencias doutras músicas. Consegue, deste xeito, un enfoque fresco e orixinal. Unha mestura áxil e moderna que afonda a súa raíz no máis profundo da tradición galega, deixando arrolar a súa ramaxe nos ventos dos novos tempos.

**A banda**

Susana faise acompañar por un elenco de músicos de gran talento. Con eles consegue un espectáculo fresco, dinámico e orixinal que mantén a diversión do público desde os primeiros compases ata o último bis.

Brais Maceiras Acordeóns

Xurxo Iglesias Bouzouki

Carlos Gándara Batería e bombo tradicional

Carlos Freire Percusións e tamboril tradicional

Iago Rodríguez Baixo eléctrico

### discografía

**Susana Seivane:** En 1999 edita o seu primeiro disco “Susana Seivane” (BOA MUSIC), producido por Rodrigo Romaní de Milladoiro. Este traballo, baseado en temas tradicionais e composicións de artistas galegos. O seu primeiro disco editase xa en Europa, EE.UU. e Canadá.

**Alma de Buxo:** No seu segundo traballo “Alma de Buxo colaboran Uxía Senlle, Kepa Junquera ou Rodrigo Romaní e o seu avó Xosé Manuel Seivane. Introduce instrumentos como a batería ou o baixo eléctrico

Xa con **Mares de Tempo** percorre Escocia, Alemaña, Francia, Italia, Estados Unidos, Arxentina, etc., co acompañamento de grandes músicos e o compositor: Rodrigo Romaní.

**Os soños que volven:** “Os soños que volven é unha mirada atrás sobre as pegadas que a música galega foi deixando na alma de Susana Seivane. As melodías, que debuxan os ecos da súa infancia, xorden con toda a enxebreza da súa voz e da súa gaita”,

No 2015 edita “**Susana Seivane e amigos**”(Enavies) que recolle un concerto en A Coruña

E co seu último disco **Fa** está a celebrar os vinte anos do primeiro. Este quinto álbum, “FA” (Fiz e Antón) recolle a súa relación máis intimista.



Susana Seivane

Te gusta esta página · 5 de agosto de 2013 ·

Festival Internacional de Pardiñas, 4 de agosto — en FESTIVAL DE PARDIÑAS.



Pardiñas onte. Como describir as emocións sentidas? Cansancio, adrenalina, recendo á nosa xente. De verdade, moitísimas grazas pola noite máxica, divertida e inesquecible de onte. Dídesme que eu son grande, pero non vos dades conta de que os que me facedes grande sodes VÓS. — en FESTIVAL DE PARDIÑAS.

# UXÍA SENLLE

Tamén foi a pregoeira da Mostra de Instrumentos de Música Tradicional no Festival de Pardiñas. A Asociación de Gaiteiros Galegos pensou en Uxia Senlle, non só pola súa achega á música, senón tamén polo seu compromiso con Galiza, brindolle a nosa casa que é este santuario da natureza e da amizade que é Pardiñas a esta muller senlleira. Participou no 1988 no Festival co grupo Na Lua, tamen daquela comarca do Porriño, deleitándonos coa súa voz e comunicación dende o escaerío.

Mesmo cadrou con outro dos líderes contra as desfeitas do Prestige, Xurxo Souto, naquel Festival de Pardiñas. Xermolos sentiuna máis preto na loita contra as consecuencias do Prestige, que foi unha das nosas páxinas de solidariedade, fomos varias fins de semana a limpar as rochas do Roncudo de Corme, de Laxe, de Muxía... Colaboramos coa "Plataforma contra a Burla Negra" organizando un concerto no que actuaron o músico Miro Casabella, que xa fora unha das primeiras actuacións da nosa asociación, o mago Rafa e o grupo de gaitas de Xermolos, e no Festival de Pardiñas fixemos unha exposición de debuxos de nenos sobre esta desfeita, e outra de fotografía.



UXÍA é unha das voces máis importantes da Galiza de entre séculos. O seu primeiro disco, do ano 1986, traballando sobre o repertorio tradicional. Algún dos músicos que grabaron con ela nesa ocasión formaban parte do grupo Na Lúa que interveu en varias edicións deste festival. Desta colaboración xurdiría a incorporación de Uxia no grupo e co que grabaría dous discos.

Posteriormente retomou a súa carreira en solitario grabando Entre Cidades, fóra da estética folc. Non sería ata 1995 cando editase o que se pode considerar o seu traballo máis significativo: Estou Vivindo no Ceo.

Dous traballos continuarían o percorrido desta cantante: La Sal de la Vida, (en colaboración coa cantante sudanesa Rasha, a castelá María Salgado e galego Xesús Pimentel na guitarra flamenca) e Danza das áreas... A música de Uxia baséase fundamentalmente na súa voz, en arranxos musicais coidados e en textos poéticos medievais e contemporáneos ou en pezas tradicionais do repertorio galego.

A cantante porriñesa ten unha ampla proxección internacional. Ten dado concertos en Portugal, Alemania, Arxentina, Cuba e outros países, algúns deles en espectáculos compartidos. Subliñar a especial relación que mantén con músicos portugueses coma João Afonso, Júlio Pereira, Zezo Ribeiro ou o grupo Frei Fado d'el Rei. Tamén indica-la súa presenza en actos de reivindicación social.

A súa creación musical é tan universal como a súa traxectoria artística, así transmitenos toda a súa emoción lírica tanto en poetas medievais ou temas tradicionais, coma en poetas contemporáneos ou a través das súas propias cancións, Uxia presentanos ó longo da súa andaina vital e creativa unha simbiose total entre tenrura e amor, nas súas múltiples formas e expresións,

sempre presentes xunto coa reivindicación, sempre constante, do respecto ós dereitos das persoas e dos pobos..

A loita pola dignidade da muller inspirou moitos dos seus proxectos, como galega e como artista; así, podemos salientar Mulleres a viva voz en colaboración con Amalia Rodrigues e María del Mar Bonet. Participa nas mostras luso-galegas Bailía das Frores e Os Sons da Fala coa presenza de músicos de Cabo Verde, Mozambique, Angola e Portugal. - foi a responsable do deseño, coordinación e codirección musical, xunto coa pianista Enma Pino, dun espectáculo de mulleres que xuntou a cantoras dos máis diversos estilos (Leilía, Maria João, Filipa Pais, María González, Minela, María del Mar Bonet e a propia Uxía). En El Festival de Música Popular de Porriño presenta O Cantar das Galegas, un espectáculo conxunto de Leilía e Uxía que colleita un enorme éxito de público e crítica. Uxía representou a Galiza na Expo 98 de Lisboa co seu espectáculo “Nai Terra” e a súa participación no espectáculo da cantora Filipa Pais “Afinidades”. Ese mesmo ano foi seleccionada para participar en prestixiosas feiras de música POPKÖLN (Alemania) e no Mercat de Música Viva de Vic (Catalunya) nas que acadou un importante éxito. A Concellalía da Muller de Santiago de Compostela encargoulle no 2000, un espectáculo para conmemorar o Día Internacional da Muller Traballadora: “Son delas, o canto das mulleres” no que participaron convidadas por UXÍA máis de dez mulleres cantantes e instrumentistas galegas que representaban distintos estilos e xeracións (Mercedes Peón, Uxía Pedreira, M<sup>a</sup> Manuela, Rosa Cedrón, Paloma Suances, Guadi Galego, Susana Seivane, Sonia Lebedinsky etc.)

- Foliada de marzo (Edigal), 1986
- A estrela de maio (Edigal), 1987, con Na Lúa
- Ondas do mar de Vigo (GASA), 1989, con Na Lúa
- Entre cidades (Sons Galiza), 1991
- Estou vivindo no ceo (Nubenegra), 1995
- La Sal de la Vida (Nubenegra), 1997, en colaboración con Rasha, María Salgado y Xesús Pimentel)
- Danza das Areas, (Virgin), 2000
- Cantos na maré (Nordesía), 2005, con Chico César, Filipa Pais, Manecas Costa, Astra Harris, Xabier Díaz y Jon Luz
- Eterno navegar (Harmonía Mundi. World Village), 2008
- A nena e o Grilo (OQO), 2010, con Magín Blanco
- Meu Canto, 2011
- Andando a Terra (Fundación Manuel María), 2012, sobre poemas de Manuel María
- María Fumaça, Editorial Galaxia, 2012
- Rosalía Pequeniña (Galaxia/Sonárbore), 2013
- Xiqui xoque, fiú fiú!, Editorial Galaxia, 2014
- Baladas da Galiza imaxinaria (Edicións da Madriña), 2015, con Narf
- Canta o Cuco, Editorial Galaxia, 2015, con Magín Blanco
- Uxía canta a Manuel María, Casa Museo Manuel María, 2015, directo sobre poemas de Manuel María con Xabier Díaz
- Uxía-o, Fundación Uxío Novoneyra, 2017



No seu ultimo disco canta a poesía de Uxío Novoneyra con ritmos de muiñeira, alalá, jazz e percusións poderosas, coa colaboración do instrumentista brasileiro Sérgio Tannus.

# KEVIN DE IMMACULATE FOOLS

## Murmuradores

Fáloche de corazón  
desde o limpo horizonte  
lonxe dos murmuradores  
que están en todas partes.

Mais non poderán deternos  
que o noso amor non ten medo  
porque o amor vai tras do amor  
como un año segue a outro.

Murmuradores, murmuradores....

Teñen os ollos coma coitelos  
nun pensamento de odios  
que por tras da testa  
pendura unha coitela.

Detrás de cada fiestra  
agáchanse vendendo rumores  
teñen cativas e perversas mentes  
e moito tempo que perder.

Murmuradores, murmuradores...

Sabemos que estades aí,  
mirándonos tras das sombras  
desde os ollos que rosman pedras  
tan doadas de advertir.

Lembro os días  
lembro os tempos  
nos que eles te ollaban  
e maldicías a eses cegaratos.


Murmuradores, murmuradores....

KEVIN de Immaculate Fools, igual que Xurxo Souto, Susana Seivane, Mero, Miro Casabella..., e outr@s, fíxose presente na vida de Xermolos e do Festival en moitas circunstancias. Actuou en dous festivais (1990 e 2002), e mesmo tivo un recoñecemento especial de Xermolos nas mans de Ramón Villares, daquela Rector da Universidade de Santiago, na foto, e de Antonio Calvo, delegado de Cultura da Xunta de Galiza.

Pero foi no eido da creación no que Kevin mantivo unha relación máis intensa, gravando co Grupo de Gaitas de Xermolos a canción "Cotillas" no LP. The Toy shop

Nos 80-90 era unha das bandas máis importante de Europa cun xeito pop-rock con ensoñacións folq e reminiscencias da música celta. Xurdiron en Lon-





dres, en 1984, Formada polos irmáns Weatherill, Kevin (voz e guitarra) e Paul (baixo) e os irmáns Ross, Andy (guitarra e teclados) e Peter (batería). Anos despois os Immaculate coñeceron novas formacións: Kevin Weatherill (voz principal, guitarra acústica, harmónica, baixo), Paul Weatherill (baixo acústico, coros, percusión), Brian Betts (guitarra acústica, guitarra slide, percusión, mandolina), Barry Wickens (violín, dulcimer, guitarra acústica,

acordeón) e Nick Thomas (batería).

Naqueles anos editaron coma Immaculate Fools estes L.P.s Hearts of fortune (1984), Dumb poet (1987), Another man's world (1990), Toy shop (1992), Woodhouse (1995), Kiss and punch (1996) + Maxi-single Kiss and Punch + The Best of Immaculate Fools ...

Another man's world foi Disco de Ouro e un dos máis escoitados en Europa e América.

Kevin vive arestora en Cambados

Xa nos estudos que montaron na granxa en Gales gravaron Woodhouse e Kiss and Punch, No 2016 fundara outro grupo co contrabaixista Paco Charlín, a baterista Naíma Acuña e o pianista e organista Alex Salgueiro. Os músicos integrantes de Immaculate Fools eran: Kevin Weatherill (voz, guitarras), Paco Charlín (bajo eléctrico), Naíma Acuña (batería), Alex Salgueiro (hammond), Laura Solla (guitarra), Linda Lamb (voz) e Helena Watt (violín). Xa nestes anos publicaron: Turn the whole world down (2015) e Keep the blade sharp (2017).

Kevin participa nos 25 anos de Xermolos, no festival do 2002, que daquela daba concertos en solitario coma: Dirty Ray Weatherill, facendo carreira en solitario dende o 1997, publicando Primitive . En Pardiñas interveu no 1990 e no 2002. Pero participou noutras actividades de Xermolos.



**Lembrades este album de Immaculate Fools publicado aló polo ano 1992? Nel hai un tema que se fixo coa colaboración do grupo de gaitas de #xermolos: "Cotillas"**



# ANTÓN REIXA

Antón Reixa naceu en Vigo (1957), o berce da movida e da fervenza creativa dos 70...Xa estudando Filoloxía Galega na Universidade de Santiago estreita vencellos coas vangardas literarias. En 1975 funda con Alberto Avendaño, Manuel M. Romón e Camilo Valdehorras, o Grupo de Comunicación Poética Rompente publicando poesía nos libros colectivos “Silabario da turbina” e “As ladillas do travesti”.

Abandona o seu traballo no ensino para dar pulo a novas bandas de rock and roll coma Siniestro Total. Con dous deles, Alberto Torrado e Xavier F. Soto, forma o grupo Os Resentidos, en 1982, e xa catro anos despois escoitaremos en Pardiñas: “Vai un sol de carallo”.

Os Resentidos deixou paso, en 1995, a outro proxecto, “Nación Reixa”, que o levou a colaborar co desaparecido grupo vasco Negu Gorriak. Mentres, o polifacético Reixa non deixa de experimentar noutras artes. Escribiu teatro, fixo videoclips musicais, programas de radio, e tamén traballou no eido audiovisual, como actor, produtor e director.

En 1998, estrease na TVG, baixo a dirección de Reixa, Mareas Vivas, unha serie ambientada na Galicia mariñeira actual e un ano máis tarde, e con parte do equipo de Mareas Vivas, Antón funda Portozás Visión. O proxecto máis ambicioso da productora é a adaptación ao cine da novela de Manuel Rivas “O lapis do carpinteiro”.

Ademais dos libros colectivos agasallounos con outros: A dama que fala (1983), Historia do Rock and Roll (1985). Transporte de superficie (1990), Ringo Rango (1992), Viva Galicia bebe (1994). Escarnio (1999). Látego de algas (2008), Michigan/Acaso Michigan (2019)

Entre os discos: Vigo, capital Lisboa (Gasa, 1984)., Fai un Sol de Carallo (Gasa, 1986)., Música Doméstica (Gasa, 1987), Fracaso Tropical (Gasa, 1988). Jei (Gasa, 1990), Delikatesen (Gasa, 1992)., Xa Están Aquí (Gasa, 1993), Made in Galicia 84-94 (Gasa, 1994). Disco recopilatorio.

Xa no proxecto Nación Reixa: Alivio Rápido (DRO, 1994), Safari Mental (Esan Ozenki-Gora Herriak, 1997), Escarnio (El Europeo/Esan Ozenki-Gora Herriak, 1999).

Xa no proxecto Nación Reixa: Alivio Rápido (DRO, 1994), Safari Mental (Esan Ozenki-Gora Herriak, 1997), Escarnio (El Europeo/Esan Ozenki-Gora Herriak, 1999).

*Arriba, Reixa na presentación do XL Festival na Estrella de Galicia con Susana Seivane e Richi Casás e abaixo actuando en Pardiñas.*



# XOSÉ MANUEL PEREIRO

Xosé Manuel Pereiro ten participado en moitas actividades de Xermolos, xa que é unha persoa polifacética e sempre ao pé da actualidade cun sentido crítico que é exemplar.

Pero arestora queremos celebrar a súa presenza no Festival de Pardiñas no 1987 co grupo de rock Radio Océano que nos cantou “Terra Chá” que seguimos desfrutando nun videoclip gravado na Praza de María Pita de A Coruña, Fundou e dirixeu a Revista Bravú, en colaboración con Manolo Rivas e Manu Chao. que se converteu na achega máis completa para coñecer esta cultura, con traballos coma os de Xurxo Souto.

Aínda que naceu en Monforte está a desenvolver a súa vida en A Coruña. Estudou Ciencias da Información e desenvolve un intenso labor coma xornalista en varios medios, fundando no 1975 a Revista Loia, xunto con Antón Patiño, Manuel Rivas e o seu irmán Lois Pereiro. Nos anos que participa en Pardiñas está a enxergar a revista cultural La Naval (1986-87), o manifesto da “movida atlántica” e da modernidade enxendrada en Galiza..

Foi un dos fundadores da Revista Luzes (2013), e entre os seus libros lembramos, “Si home si” (2001), “A Praza é Nosa. Quen constrúe a Democracia?” no 2011. No 2014 coñecemos: “Prestige. Tal como foi, tal como fomos” que veu presentar a Xermolos.

Mesmo foi Radio Océano o que acompañou Os Resentidos na súa presentación en A Coruña.



**Pereiro actuando en Pardiñas no 1987 e á par intervindo na presentación de Cantando as Corenta na Casa das Palabras de Xermolos**



Xosé Manuel Pereiro @sihomesi - 20 de xuño  
En Guitiriz, presentando a 40 edición do #FestivaldePardiñas #Cantandoas40 e recibindo un regalo de arqueoloxía musical, grazas a @ACXermolos.



# O PEITOQUE, A NOVA ACHEGA DE SITO CARRACEDO NO MUNDO DA PERCUSIÓN

## A percusión

A percusión é unha das actividades relacionadas coa música máis antigas que existen. Prácticamente dende o comezo dos tempos os seres humanos bateron, sacudiron, rascaron elementos que se atopaban na natureza para conseguir sons ou ritmos que os acompañaran nas súas tarefas diarias, nos momentos de maxia ou no tempo de lecer.

A percusión facíase sen coñecemento ningún. Era unha actividade inconsciente que soamente se dedicaba a seguir o ritmo das cancións con golpes que a súa intuición lles ditaba, con pandeiretas, axouxeres, ou calquera outro elemento que puidera producir un son agradable e que non molestara moito para poder oír a música ou a historia que o músico contara.

Seguramente todos os instrumentos primitivos de calqueira cultura serían de percusión, pois resulta improbable que o ser humano primitivo fose capaz de manipular unha corda ou de soprar un corno antes de bater un pau o palmear coas mans. Estas formas de tocar utilizaríanse para fins cerimoniais, guerreiros, de traballo ou incluso de lecer para celebrar calqueira tipo de cousa, así coma de algún ritual relixioso adicado a afastar espíritos malignos ou atraer favores de algún deus.

A percusión é algo que nos acompaña na vida dende antes de nacer. No ventre materno está connosco o latexo do corazón das nosas nais, ou o camiñar, bater Palmas, etc ..., que son os primeiros ritmos que o noso oído percibe.



*Sito actuando con Gris Merengue no oitavo Festival de Pardiñas*

### O peitoque

No século XXI un novo instrumento de percusión engádese á longa lista xa existente. Noutra edición do Festival de Pardiñas xa fixeran aparición os Pitos, a castañola máis diminuta da que temos coñecemento e que se poida utilizar como instrumento musical, de coordinación e de traballo do sistema locomotriz, nesta edición vai ter lugar a presentación destes novos desenrols de Sito Carracedo, coma o peitoque.

Este é un novo instrumento de percusión deseñado para ser tocado suspendido do pescozo, con regulación de altura e colocado sobre o tórax para utilizalo como caixa de resonancia. De diversas formas e matices, ten tamén varios materiais posibles para a súa fabricación de xeito que tamén existen distintos sons a escoller.

Estes materiais van dende o quebracho que é a madeira máis básica, pasando por buxo, teixo, palorrojo, ébano ou granadillo o que nos brinda ampla variedade de matices tímbricos. Tamén pode utilizarse con finalidades estéticas como colgante, ou instrumento de percusión que nos dá a posibilidade de improvisar en calquera momento, pois podemos levalo sempre posto.

Temos ó noso dispor máis información en [www.sitocarracedo.com](http://www.sitocarracedo.com) e tamén venda dos mesmos en [www.carracedo.tk](http://www.carracedo.tk).



*Sito participou no Festival de Pardiñas con varias formacións, así no 1987 con Gris Merengue, na foto.*

# A CORAL DE XERMOLOS

Unha das primeiras actividades da Coral foi a interpretación e estrea do HIMNO DE XERMOLOS, no IX Festival de Pardiñas (7 de agosto de 1988). A letra é de Manuel María e a música de Antonio Gundín, dunha familia de músicos de A Coruña. Director da Asociación Albéniz, que naquel ano cumpría 60 anos. A Agrupación Musical Albéniz é a orquestra de pulso e púa máis antiga de España. O mestre Gundín xa creara outros himnos, coma a da orde de Cabaleiros de María Pita, da súa cidade.

Nestes 25 anos os concertos da Coral multiplicáronse por todas as comarcas de Galicia e chegaron a Euskadi, León, Asturias, etc.

## A CORAL “XERMOLOS” por Xan Arias

“A Coral XERMOLOS inicia a súa andaina no ano 1985 no seo da Escola de Música da Asociación Cultural, na que comparte o seu interese pola cultura musical cos Grupos de Danza e Gaitas.

No seu inicio a Coral XERMOLOS estaba formada por voces mixtas, incluíndo nenos, así como un nutrido grupo de instrumentos de corda (guitarras, bandurrias e laúdes).

Durante esta primeira etapa a súa dirección estivo a cargo de D. Alfonso Delgado.

A súa primeira actuación en público foi o 17 de Maio de 1986, nun acto celebrado no Colexio Público “Lagostelle” de Guitiriz co gallo do “Día das Letras Galegas”. A partir de aí realiza numerosas actuacións en varias parroquias do Concello con motivo das súas festas patronais. Dende a súa creación ven participando ininterrompidamente na “Feira e Festa da Música e da Arte” (Festival de Pardiñas).

A finais da década dos 80 a Coral realiza unha estruturación na que desaparecen os instrumentos e permanecen só as voces.

Neste período a Coral suscribe o convenio Deputación de Lugo-Caixa Galicia para Bandas e Corais, desprazándose a varios puntos da xeografía luguesa (Escairón, San Clodio, San Ciprián, etc.).

No ano 1991 destaca a súa participación nun espectáculo conxunto cos Grupos de Danza e Gaitas da Asociación Cultural XERMOLOS no País Vasco, invitados polos Centros Galegos de Sestao e Barakaldo para celebrar o “Día das Letras Galegas”. Neste espectáculo estréanse varias pezas coreografiadas e musicadas para esta ocasión. A Coral XERMOLOS comparte tamén programa coa Coral Ondarreta de Algorta, no Conservatorio de Sestao.

Ao longo da súa historia realiza intercambios con corais da provincia e de Galicia, e participa nos



Circuitos Culturais organizados pola Consellería de Cultura (Taboada, Monterroso, Palas de Rei, Becerreá, O Valadouro, etc). Así mesmo ten intervido en programas de radio e televisión (Telelugo, TVG e TVE).

Tamén participa e colabora habitualmente co Concello de Guitiriz, coa Escola Municipal de Música e coa Banda Municipal do mesmo concello.

Na actualidade a Coral XERMOLOS e dende o ano 1998 está dirixida por D. Manuel Vizcaino Díaz mestre especialista en Educación musical. No Xacobeo'99 é seleccionada xunto con outras corais para participar na Mostra de Corais Galegas "Galicia Cantat", organizada pola Consellería de Cultura e o IGAEM. Dende o ano 2003 participa no Festival de Panxoliñas organizado pola Delegación Centro da provincia de Lugo da FECOGA (Federación de Corais Galega). Tamén nesta etapa interpreta pezas en conxunto coa Banda de Música Municipal de Guitiriz

No repertorio da Coral inclúense pezas tradicionais galegas e españolas, panxoliñas, música sacra e outras.

Relación dalgunhas das actuacións realizadas ao longo da súa historia:

- 29/12/1991 Vilalba, Encontro Coral de Polifonía e Panxoliñas
- 02/08/1997 A Mezquita (A Merca-Ourense), Concerto do Verán
- 29/11/1998 Auditorio Municipal de Vilalba, Encontro Coral
- 05/06/1999 Centro Social de Fingoy de Lugo, Concerto de Corais

## E CENTOS DE CONCERTOS MAIS...

A CORAL DE GUITIRIZ OFRECE CADA FESTIVAL DE PARDIÑAS UN CONCERTO na Igrexa de Santo Domingo, mesmo coa participación de Rubén Vizcaino e da súa compañeira Mila Gallardo, mezzosopreno mexicana, que adoita interpretar a "Ave María" de Schubert ao remate do concerto" (Foto Raul Río, Pardiñas 2018).



# GRUPO DE GAITAS DE XERMOLOS



Nas fotos, o primeiro grupo de gaitas de Xermolos, Vito coa súa irmá Elena, Manolo de Luís, Paco dos Bloques e Suso de Dominguiño. Aquele grupo tivo varios profesores, pero foi Antón Santamarina, mestre na Escola de Guitiriz, o primeiro que deu unhas clases, máis ben teóricas, sobre a aprendizaxe da gaita... Outros mestres foron Farruco de Tangaraño, Antón e Carlos Corral, Sito Carracedo, etc.

A primeira actuación estivo rodeada do maior entusiasmo. Foi no Santiago de Trasparga. Unha parroquia que

estaba a vivir un momento de plenitude, porque estaba nos comezos dunha nova etapa, a unión da parroquia coa estrea dun campo da festa, mesmo no corazón da comunidade, no seu centro xeográfico. Houbo actuación e tamén merenda preto do río da Roxida. O grupo sentía coma propio este acontecemento, e por iso a transmisión da súa música, aínda foi máis intensa e emocionante. Daquela Xermolos recadaba fondos, percorrendo as festas das parroquias, cun «chigre», a cambio de incluír actuacións de grupos de gaitas ou danzas, a coral ou o teatro..., no programa.

Aquele primeiro grupo de gaitas percorreu estas festas patronais, pero tamén foi a outras vilas e cidades, e mesmo participou nalgún Festival de Pardiñas, coma o III e IV, no 1982.

Hoxe lembramos a Vito e a Suso Rio que nos deixou no mes de maio, foron impulsores de tódalas músicas, na sociedade, e na familia. As actuacións multiplicábanse en aldeas e cidades: Mariz, Baamonde, A Espenuca, Parga, Bascuas, co Club Moto 7, etc. Vivían a música con tanta devoción, que ata facían de mestre ás/aos máis novos, aos principiantes.



## LETRA DE PACO DOS BLOQUES PARA A CANCIÓN DE ^O GALO^ QUE IMOS TOCAR OS GAITEIROS NO ESCEARIO COA BANDA DO PARDIÑAZO

<p>CANTANDO AS CORENTA EN COPLAS</p> <p>E como somos de Pardiñas Pardiñas, Pardiñas e como somos de Pardiñas andamos de troula toda a semaniña</p> <p>Hoxe é festa en Pardiñas Pardiñas, Pardiñas hoxe é festa en Pardiñas bailade rapaces e mais rapaciñas</p>	<p>Comezou no ano oitenta oitenta, oitenta Comezou no ano oitenta e no dezanove Sáenme corenta</p> <p>O cura que inventou a festa ai festa, ai festa O cura que inventou a festa que boa idea tivo e canto nos presta</p>	<p>Pardiñas era para un día Un día, un día Pardiñas era para un día e se me descoido leva toda a vida</p> <p>Hai músicos e cantantes cantantes, cantantes hai músicos e cantantes algún xubilado e moitos estudantes</p>
---	---	--

### LEMRANDO A SUSO RIO

O Festival convida a ollar máis alá do evento e afondar no misterio das criaturas. En Pardiñas aprendimos a loitar polos soños, así o de acadar a irmandade universal, interactuando coas nosas diferencias e partillando as nosas capacidades creadoras. Así vivía Suso Río Losada o noso festival dende neno, no que aprendeu a harmonizar tradición e modernidade, unha dinámica que alongou nas súas décadas coma pioneiro da vangarda gastronómica do noso país. Na foto tocando o bombo co Grupo de Gaitas de Xermolos no III Festival de Pardiñas (1982). Neste XL acompañanos coma unha estrela que non esmorece na noite eterna alumeada.



### GRUPO DE DANZAS DE XERMOLOS

A alma do Grupo de Danzas de Xermolos foi Rufi Gómez. Ela comezou coas clases de danza en Xermolos, recién chegada a Guitiriz (1976) coa colaboración do Grupo de Gaitas: Vito, Manolo do Spar, Paco dos Bloques e Suso de Dominguiño, comezando os ensaios no colexio. Anos máis tarde, xurde a idea de crear un grupo de adultos, formado por nove parellas, ...





# BLOQUINHO DE XERMOLOS

Abofé que este “bloco” de percusión segue tendo unha grande acollida no país, para os que bailamos ó seu ritmo dende fóra, imaxinamos que unha das razóns é porque viven a tope os latexos da natureza e das súas festas estacionais..., dende o San Froilán, no outono, ata o Nadal no que participaron na Cabalgata de Reis en Lugo...

Xa na queima do Entroido levaron a foliada a Foz e Ferrol, e fieis ó noso universo, volveron a Teixeira, cantando o himno de Pardiñas:

*“fun a Parga e Guitiriz,  
Guitiriz e máis Teixeira,  
hoxefun ó mundo enteiro”.*

Arestora, co verán, están a estrear o logotipo do Bloquinho, estampado nas camisetas que van lucir en Pardiñas, obra do deseñador Diego Pena Espiñeira. Son unha mostra de que a imaxinación non ten lindes con este leito, son unha vaga de beleza.

O Bloquinho é protagonista do Festival de Pardiñas dende que naceu, un grupo que fica forte e sempre máis creativo, coma apreciamos nesta foto, formado daquela (2015) por Brais Vivero, Gabriel Arias, Kamy Iglesias, Sara Comba, Belén Gato, Xulián Arias, Laura, Nina Miraz, Tania Campello, Roberto Campello e María Morandeira. Xa é historia, e coma estamos ollando a este XL do Festival, tamén nos detemos aquí... Nese ano, por exemplo, levaba un ano ategado de actuacións dende o Festival de Pardiñas do 2014, en festas coma Teixeira, o Ecce Homo, no San Froilán, ou en festivais coma A Candeloria en Lugo ou o Festival 27003 (Begonte)..., a Festa do Emigrante (Santaballa) ou o Entroido en Muimenta.

Así, a súa presenza en Lugo xa é habitual, na Noite Aberta do Comercio (Organizada pola Asociación de Autónomas de Lugo), nos Partidos do Azkar, no Entroido ou polo día mundial contra o cancro Infantil (Organizado pola Asociación SOMOS-Lugo)

Tamén a través dos medios, colaborando no directo do programa “Aqui Galicia” da Televisión de Galicia, e nunha intervención para o programa “Vaia Troula” (tamen da TVG).

Dende o seu nacemento están dirixid@s, primeiro por Toni Roca, e dende fai anos por Kamy Iglesias, e imos escoitar o que nos contan nestes anos: “Abofé que este “bloco” de percusión segue tendo unha grande acollida no país, para os que bailamos ó seu ritmo, e dende fóra, imaxinamos que unha das razóns é porque viven a tope os latexos da natureza e das súas festas estacionais..., dende o San Froilán, no outono, ata o Nadal no que participaron na Cabalgata de Reis en Lugo... Sería o autor do cartaz do XXXV Festival o que ía facer o logotipo do Bloquinho, que estrearon nas camisetas que luciron en Pardiñas, obra do deseñador Diego Pena Espiñeira..



# FESTIVAL de

## BANDA PARDIÑAZO

Todas e todos axudaron a medrar e manter vivo Pardiñas



*Richi Casás na presentación do Festival na Estrella de Galicia en A Coruña*

### BANDA PARDIÑAZO

Grupo efémero, creado exclusivamente para este evento.

Levan meses traballando. E vanse autodestrúir conforme remate a gran sesión de “Cantando as Corenta”.

A banda está dirixida polo saxofonista coruñés **Richi Casás**, unido para sempre ao Festival tras da súa actuación co grupo *Os Papaqueixos*.

Richi é o músico total, que reflicte en plenitude o universo Pardiñas: *Do jazz ao bravú; da verbena á música tradicional*.

Titulado en jazz polo Conservatorio Superior da Coruña. O seu saxo foi pedra angular dos míticos *Papaqueixos*. Formou parte da sección de metal da orquestra *Os Satélites*. A súa avoa Rosa, de Cerceda, foi unha das principais informantes de Dorothé Schubarth no seu “Cancio-neiro popular galego”. Actualmente está a piques de editar un libro-disco onde rende homenaxe a esas melodías que aprendeu da avoa.

A maior parte dos seus **once compañeiros e compañeiras** procede tamén directamente da **fecunda canteira de músicos** que algunha vez actuaron en Pardiñas.

Velaí (citamos só o nome dun dos grupos):

**Xan Xove** (gaita e percusión tradicional) do *Jarbanzo Negro*.



**María Prado** (trompeta)  
de *Banda Xangai*.



**Olivier Cano** ( saxo e frauta)  
de *Tres Trebóns*.



**Álvaro Trillo** (batería)  
de *Dios ke te Crew*.



**Antón Díaz** (baixo)  
dos *Papaqueixos*.

**Guni Varela**  
(guitarra e coros),



**Mangüi Martín**  
(baixo) e



**Xurxo Souto**  
(presentación e coros)  
dos *Diplomáticos de Monte-Alto*.

Alén desta canteira pardiñenta, a banda está reforzada con tres músicos en clave de excelencia:

O saxofón de **Mercè Palacios** ( The Funkles, Mala-sombra jazz, Next Generation, CMUS Big Band).



**Roberto Comesaña** no acordeón  
(que agora mesmo está a colaborar con Cristina Pato, Leilía, Sonia Lebedynski, Xulio Lorenzo, Tanxedoras...)



E **Xosé Luis Miranda**, trombón  
(que toca habitualmente con Santi Araujo, Carla Green and The Demons, García MC e Nación Quilombo ou Gallaecia Big Band).



*No ensaio para o Pardiñazo*

# OS OUTROS GRUPOS

## OS CARUNCHOS

Nace o grupo a finais de 1994 coa idea de mesturar temas cantados co repertorio de gaiteiros solistas, conseguindo naquel momento unha formación nova e orixinal coa que Os Carunchos participan nos máis importantes festivais folk do país.

Gaita solista, percusións varias, polifonía nas voces e o acompañamento da zanfona, xunto con vellas e novas cantigas fan que os directos de Os Carunchos sexan unha verdadeira testa chea de forza e diversión.

No ano 1998 gravamos o noso primeiro CD que leva por nome ¡Ala, que vai!, mo que facemos un resumen dos nosos primeiros catro anos de vida gravando nel cantigas e melodías de nova composición, mesturados e os máis antigos romances ou pezas populares.

Pasan catro anos e no 2002 gravamos o noso segundo traballo chamado Sen tempo non era,. Incluímos novos instrumentos,, como o óboe, a fruta traveseira e maila requinta, e seguimos a empregar letras de autor e compoñendo algunhas das nosas melodías.

Desta maneira chegamos ó 2005, e pasado o décimo aniversario, celebrámolo gravando o terceiro disco, Montealegre, no que aparecen novos instrumentos e temas tanto tradicionais como de diversos compositores. Este grupo baile nace no ano 1977 no seo da Asociación de veciños "Os Rueiros", pertencente á parroquia oleirense de Nos. Convertido no decano dos grupos tradicionais do municipio, eríxese como unha das formacións precursoras no eido da música popular na provincia de A Coruña.

Os bailes do seu repertorio constitúen unha simbólica e acertada representación do amplo abano do folclore galego popular, entre os que atopamos muiñeiras, xotas, regueifas, maneos ou pasodobres nos que se narran a vida dos nosos ancestros.



Na actualidade conta con 60 persoas de todas as idades integradas nos corpos de baile e música. Dentro do primeiro establécense tres categorías clasificadas por grupos baixo as denominacións de pequenos, medianos e maiores, mentres que no segundo hai dous de pandeiratas e un de gaitas e percusión. Ademais, Os Rueiros dende esta agrupación lévase a cabo un importante labor didáctico e pedagóxico coa consolidación das súas escolas.

Un dos seus maiores logros radica na organización da XVI edición da Xuntanza Mariña-na, evento no que participan dende os comezos da súa historia. Actuacións por todo o territorio galego e a participación en festivais e intercambios culturais no resto da xeografía española e

portuguesa avalan unha traxectoria repleta de éxitos e loubanzas alá onde van.

Pero o maior exponente do grupo e motivo de satisfacción para todos os seus componentes é o himno propio de “Os Rueiros”, unha peza de letra e melodía, composto por Xulio Dans e convertida no seu auténtico selo de identidade. Unha expresión máis do arte popular das xentes que escribiron a nos a historia.

O actual Presidente é Xosé Manuel López Pita, a mestra de baile e canto é Salome Couso e o profesor de gaita é Juan Carlos Longeira (componente do grupo Alen do Mar). Actualmente ensaian na Casa do Pobo de San Pedro de Nos os sábados pola mañan.tores da nosa terra.

Unha vez mais apostamos pola nosa cultura facendo un disco fresco e cheo de ritmo, apostando pola nosa lingua e polos nosos instrumentos, rescatando vellas cantigas e introducindo novas composicións para o xa extenso repertorio da música galega.

No ano 2009 editamos o noso cuarto traballo discográfico, titulado En Galego, no que o grupo propón unha escolma de temas de moi diversa orixe, como sempre, temas da tradición galega e portuguesa, do repertorio de gaiteiros e dos coros galegos, temas compostos por achegados ou membros do grupo con contidos reivindicativos e en defensa da lingua galega.

No ano 2013 editamos o traballo, TI QUE?. Máis compromiso e mais festa, un binomio irrenunciable que nos leva acompañado durante todos estes anos, festa, baile e risas que xa forman parte da nosa identidade.

Tras 22 anos de andaina Os Carunchos ofrecemos o noso sexto traballo discográfico titulado “CANTARES”. Como sempre, móvenos a necesidade primaria de facer e compartir música galega para o baile e a festa, así como ofrecer a nosa pequena achega ao repertorio gaiteiro.

Melodías cantadas ao redor (unha vez máis) da poesía popular, de letras propias e, máis que nunca, nadas da necesidade de musicar aos poetas. Rosalía, Manuel María, Celso Emilio Ferreiro, Darío Xohán Cabana, Manolo Pipas e Carlos Fontes están presentes en temas pendurados dos fíos trenzados da nosa tradición musical.

Nos nosos directos queremos amosar a nosa interpretación da música galega popular, sustentada na variedade de timbres, tonalidades e ritmos da nosa música, da poesía popular, dos vellos e novos romances. Querendo facer da nosa actuación unha verdadeira festa na que o público poida sentirse partícipe.

OS CARUNCHOS son:

Luís E. Correa Piñeiro

Pablo Rial Salgueiro

Isaac Teniente Molinos

Alberto Costas Come-

saña

Juan A. Álvarez Iglesias



# HABELAS HAINAS

O grupo está formado polas MÚSICAS:

Sandra Tamayo: acordeón, gaita, pandeiro cadrado...

Patricia Gamallo: gaita, pandeiro cadrado, guitarra...

Arantza Alfaia: tamboril, caixón peruano, ferriños, derbuka...

Jara Ortiz: voz, bombo, pandeireta, crócalos árabes...

Habelas Hainas nace en Compostela en 2010, tempo no que se cruzan os camiños destas catro músicas de raíz galegas, crebacabezas musical e persoal que se sinte parte dunha tradición longa, viva e en permanente transformación, da que xorde a natural necesidade de se expresar, dende unha ollada feminista e social, explorando outras músicas, experimentando coa tradición e creando un son propio, fresco, enérxico e orixinal nunha intensa traxectoria como músicas ao vivo.



## DERRADEIRAS NOVAS

- Nominadas polo seu primeiro álbum Livres e Loucas aos Premios da Música Independente na categoría "Mellor Álbum en Galego".
- Participan no proxecto "Músicas galegas ilustradas" (Laura Romero)
- Estrea do Videoclip "Marmuradoras" realizado por Antía Ameixeiras.
- Participan no proxecto "A música ibérica a gostar dela propia" dirixido por Tiago Pereira.

## DISCOGRAFÍA

- Livres e Loucas (2017)
- Irmandiñas. Músicas en pé de festa. Habelas Hainas/Sacha na Horta/Oïma/The Teta's Van (2017).

## COLABORACIÓNS NOUTROS ÁLBUMS

- Rosalía Pequeniña (2013) con Uxía que nos acompaña neste festival



## MÚSICAS AO VIVO

Teñen participado en máis de trescentos concertos ao vivo ao longo de todo o país e noutras latitudes, algúns salientables:

- Festivais: Pardiñas, San Pedro, Terra da Fraternidade, Festigal, Cans, Río Castro, A Candeloria, Antros Pinos, Máis Talento e Menos Cemento, Il Bagpipe Internacional Conference (Londres), Celta de Balboa (O Bierzo), Músicas na Noite, Viva quen sabe querer (Barcelona), Terra

Brava, Festival da Poesía do Condado, A Chaira, Lloviznarte. Encuentro Otoñal de Artes (Extremadura), I Codfish Festival (Noruega)...

- Salas: Sala Capitol, As Crechas, Sala Nasa, A Fundación, LuscoFusco, Clavicémbalo, Rockuncho, As pedriñas, O curral do Marqués, Super8, Artabria, A Gentalha do Pichel, Heicho de dar queridiña, A Gaivota, L'Époque, Le Bergamote (Gwengump-Breithz, A arca da Noe...

- Xornadas, presentacións, manifestacións: "Se nos tocan a unha tócanos a todas", "Noite poético-musical co pobo saharai", "1º Día das mulleres nas letras adicado a Dorothe Schubarth", "Rosalías. Daquelas que cantan", "Eu querer quérate ben", "Innovación educativa", "A rebelión da décima musa", "Día da loita campesiña", "Homenaxe á poeta Luz Fandiño"... en diferentes centros educativos, de maiores, sociais, asociacións, librarías, prazas e rúas

#### MUSICA HABELAINA EN PROXECTOS AUDIOVISUAIS

- "Festiña por dentro" no "Sororidades" Flashmob contra a violencia de xénero.
- "Salvadora" para o "Sempre foron cinco". Banda sonora deste documental galego-catalá sobre os petos agochados das mulleres en favor dunha outra economía sostible.
- "Eskápate do Escaparate" para o "Deu centímetros més a prop del cel", documental de Raquel Rei.
- "Pan, Traballo e Teito" para o 29 N 2014: Marcha pola Dignidade (Praza do Obradoiro, Compostela).
- "Hymne des femmes" para a exposición "Levouns-Nous" de Carolina Cruz Guimarey sobre o Hymne de Femmes do MLF (movemento de liberación feminista, 70's).
- "Festa Rachada 2014": participación no vídeo xunto con outras artistas galegas para reivindicar a presenza de músicas galegas nas festas populares.



**IRMANDIÑAS**  
MÚSICAS EN PÉ DE FESTA

# OS RUEIRIÑOS

Os Rueiriños nacen no ano 1977 no seo da Asociación de veciños “Os Rueiros”, pertencente á parroquia oleirense de Nos. Convertido no decano dos grupos tradicionais do municipio, eríxese como unha das formacións precursoras no eido da música popular na provincia de A Coruña, participando no Festival de Pardiñas no 1983.



Os bailes do seu repertorio constitúen unha simbólica e acertada representación do amplo abano do folclore galego popular, entre os que atopamos muiñeiras, xotas, regueifas, maneos ou pasodobres nos que se narran a vida dos nosos ancestros.

Na actualidade conta con 60 persoas de todas as idades integradas nos corpos de baile e música. Dentro do primeiro establécense tres categorías clasificadas por grupos baixo as denominacións de pequenos, medianos e maiores, mentres que no segundo hai dous de pandeiretas e un de gaitas e percusión. Ademais, Os Rueiriños dende esta agrupación lévase a cabo un importante labor didáctico e pedagóxico coa consolidación das súas escolas.

Un dos seus maiores logros radica na organización da XVI edición da Xuntanza Mariñana, evento no que participan dende os comezos da súa historia. Actuacións por todo o territorio galego e a participación en festivais e intercambios culturais no resto da xeografía española e portuguesa avalan unha traxectoria repleta de éxitos e loubanzas alá onde van.

Pero o maior exponente do grupo e motivo de satisfacción para todos os seus componentes é o himno propio de “Os Rueiros”, unha peza de letra e melodía, composto por Xulio Dans e convertida no seu auténtico selo de identidade. Unha expresión máis da arte popular das xentes que escribiron a nosa historia.





# HARMÓNICA CREAMS

Este cuarteto que actuou en Pardiñas no 2013 presenta unha vibrante e enérxica mestura entre músicas celtas e blues. O xénero musical do grupo vén dado polo son da harmónica.

Así mesmo, as frases improvisadas, incluíndo cantos e susurros, vinculan a dinámica musical celta e o ritmo do blues. A banda, liderada por Yoshito Kiyono, publicou no 2011 o álbum "Analyse the toucher".

A combinación dos timbres eclécticos da harmónica, o violín, a guitarra e a percusión do instrumento irlandés, o bodhran, fai ca banda fusione a acústica e a electrónica para crear un son único.

Harmonica Creams recibiu no 2012, o primeiro premio do concurso 'Runas', no festival de Ortigueira. O primeiro álbum de Harmonica Creams tivo moito eco en radios francesas e xaponesas, así coma en publicacións de varios países. O seu segundo álbum coñeceuse no 2012.

Esta banda xaponesa con aires celtas está formada por Koji Nagao coa guitarra irlandesa, Yoshito Kiyono, líder do grupo, residente en París que marca o ritmo coa súa harmónica e Aiko Obuchini facendo co violín irlandés. Coa forza da acústica e a electrónica non deixan a ninguén frío. O cuarto disco foi grabado en España coa participación de Brian Finnegan e Calum Stewart.



# OS MELIDAOS

## *“Música tradicional cantada”*

O grupo de música tradicional Os Melidaos naceu no ano 2001 en Melide pola unión de músicos de diferentes xeracións e variada procedencia que consideran que a música tradicional é un tesouro que cómpre conservar. Estes seis gaiteiros e unha gaiteira que cantan, veñen desenvolvendo a súa actividade musical, dende hai dezaseis anos, con aquel principio como guía.

Os sete membros dos Melidaos son:

- Pepiño Blanco López- Bombo
- Xosé Luis Casal Lema- Tamboril
- Antonio Raposo Vidal- Gaita, pínfano, pandeireta e cunchas.
- Pilar Ramallal Fernández- Gaita e pandeireta.
- Diego González Vázquez- Gaita e pandeireta
- Xele Barrio Blanco- Acordeón
- Carlos Barbeito Bello- Gaita.

O seu repertorio nótrese de pezas do cancionero tradicional, dos arquivos dos catro Coros Históricos, de diferentes cuartetos ou agrupacións relevantes do noso país, cancións recollidas por eles mesmos; así como outras moitas pezas da súa creación.

Os Melidaos suman xa tres discos no mercado: “Que ben baila, que ben baila”(2009), “Axudádeme a cantar”(2012), no que incluíron por vez primeira as voces dos seus membros e “Festa na Codeseira”(2015).

Os Melidaos levan anos investigando, conservando, poñendo en valor e espallando a enorme riqueza musical deste País. Un grupo que goza coa nosa música, que busca a información de cada unha das pezas que interpreta, que respecta coa máxima fidelidade as cancións que chegan ata eles e que, por enriba de todo, amosan orgullo interpretando a música galega.



# DUBLINN & ANXO LORENZO

Dende o corazón da música irlandesa chega esta banda formada por Blackie O'Connell; un dos gaiteiros máis apaixonantes da música tradicional cun estilo propio e moi distintivo ("banda de gaitas unipersonal"), xunto cos seus compañeiros Cyril O'Donoghue; ilustre bouzouqui e tamén destacado cantante de folk irlandés e Eoghan Neff; intérprete de violín y musicólogo irlandés premiado internacionalmente. Reúnense



por 1ª vez en Doolin, cuna da música tradicional irlandesa e forman así un trío musical de alto octanaxe caracterizado pola improvisación salvaxe.

Estarán en #pardiñas19 compartindo escenario cun dos grandes da nosa música, Anxo Lorenzo, o cal xa pasou polos máis importantes festivais do mundo celta e leva xa varias xiras por distintos países europeos e americanos. Leva tamén recibido os máis preciados galardóns do mundo da gaita, entre eles o Maccrimmon, considerado como o "premio Nobel da gaita" que se otorga no Festival Intercéltico de Lorient.

**ANXO LORENZO**  
**VORTEX SUMMER TOUR 2019**

09-06-2019 FESTIVAL CORNEMUSES D'EUROPE - CASSEL, FRANCE  
15-06-2019 XV FOLKOMILLAS - CANTABRIA  
21-06-2019 CORNELLÀ - BARCELONA  
12-07-2019 XLI FESTIVAL CELTA DE ORTIGUEIRA - A CORUÑA  
13-07-2019 TEATRO DE ORTIGUEIRA - FEAT. "DUBLINN"  
21-07-2019 CASTLE OF BOUILLON - BELGIUM  
26-07-2019 XXIX PARAPANAFOLK ÍLLORA - GRANADA  
27-07-2019 XXXV INTERCÉLTICO DO MORRAZO - MOAÑA  
03-08-2019 XL PARDIÑAS - FEAT. "DUBLINN" - GUTRIZ  
08-08-2019 XIX FESTIVAL VILLA DE XIXÓN - ASTURIAS  
22-08-2019 XXIII FESTIVAL MUSIQUES DU MONDE - LYON, FRANCE  
25-08-2019 CONCELLO A CAPELA - A CORUÑA

**MELLOR ARTISTA XVIII PREMIOS OPINIÓN DA MÚSICA DE RAÍZ**

**maccrimmon**

# ZENZAR



Zënzar son o grupo de rock máis antigo en galego xa que cumpriron o ano pasado, o 2018, os 30 anos de actividade ininterrumpida. Nacen no 1978, e no 92 graban a súa primeira maqueta, “Contos e Lendas de Terra Adentro” (1992), xa no 95 coñecemos: “Fascinados Polo Prohibido” (1995). O seu primeiro LP, “Disparados Ó Futuro” ((1997), no que confesan: “rock potente e difícil de catalogar, onde predominan as letras combativas, de denuncia social, ecoloxía e manexos políticos”.

Zënzar son Xosé A. Bocixa (voz), Jose A. Regueiro “Tabé” (baixo), Manolo García (batería), Manuel Silveira (guitarra e voces) e Mario Grela (guitarra e voces), lanzan seu segundo LP: “Todo Vai Ben” (Zënzar, 2001). no que colaboran os membros da Banda Pardiñazo: Luis Caruncho, Xan Xove (Papaqueixos) y Romulo Sanjurjo (Os Diplomáticos de Monte-Alto). Unha mostra do noso rock e punk ”.

No 2002 lpresentan o 3º LP: “Rockanrol” (Zënzar, 2002) e no 2006 o cuarto LP: “Sigue... E Dalle” (Falcatuada, 2006). Xuntaselle Paco Cerdeira á guitarra. Participan na homenaxe a Os Diplomáticos de Monte-Alto, “120 Capadores” (Falcatuada, 2007) con “Non chas quero”.

Tivo resoancia a súa participación pola súa achega á música tradicional no Festival de Pardiñas 2008, incorporando un gaiterio e tres percusionistas.

No 2009 entregan “A Tribu” (Zënzar, 2009). Un traballo rock con tintes tradicionais, punks e heavies. Recollen o concerto do Festival de Cerceda no DVD “Zënzar ao Vivo Cerceda 09” (2011), Segue “Vaise Armar” (Zënzar, 2012), e no 2013 celebran os veinticinco anos con “Vai Polos Padriños! Tributo aos 25 Anos de Zënzar”. No 2015 editan “Camiñando Entre Serpes” (Autoproducido, 2015).

Despois de finar José A. Regueiro ‘Tabé’, actua con eles Laura Romero



# TT SYNDICATE

Ultrapassar as barreiras nacionais, ter a hipótese de levar a sua música além-fronteiras é o sonho da esmagadora maioria das bandas portuguesas.

Muitos investem o que têm (e não têm) para marcar presença nos mais significativos eventos internacionais, centrados na captação de talento, como o South by Southwest ou o Eurosonic, na esperança de terem aí a oportunidade que tanto anseiam. Quando acontece o inverso é, no mínimo, estranho. Quando uma banda deste pequeno canto periférico consegue levar a sua música a palcos de toda a Europa, por muito que isso tenha a ver com o facto de se moverem num nicho muito específico, e é completamente desconhecida no seu próprio país, é absolutamente contranatura.

Os TT Syndicate juntaram-se aqui, no Porto, em 2012. Não eram novatos - vinham de projectos com larga experiência internacional como os Mean Devils ou os 49 Special e de bandas de culto como Os Tornados ou Thee Chargers - mas queriam fazer coisas novas, mesmo continuando a reflectir a sua paixão pela música gravada nos 50 e 60. E fizeram.

Entre 2013 e o fim do ano passado editaram quatro sete-polegadas de vinil, através da germânica Migraine, todos entusiasticamente recebidos pelas várias fações da comunidade retro europeia e, alguns, já altamente colecionáveis. Nestes três anos não pararam de dar grandes concertos, um pouco por todo o lado: muitos em Espanha, onde enchem salas atrás de salas e são cabeças de cartaz de festivais, ao lado de nomes como Charles Bradley ou James Hunter Six, mas também em vários outros territórios como Inglaterra, Alemanha, Bélgica, Suíça, França, Holanda, Suécia ou Rússia. Por cada vinte concertos que dão lá fora, dão um cá dentro, normalmente refundido.

Agora que se preparam para editar o seu primeiro longa-duração, está na hora de isso mudar, de lhes reconhecermos o seu talento e nos orgulharmos do seu percurso. Produzido por Nuno Riviera, o subvalorizado produtor e arranjador de algumas das mais estimulantes aventuras musicais da cidade invicta como o Oliveira Trio ou os Lola Lola, este disco é uma fabulosa coleção de canções que, tendo as suas raízes nas mais clássicas variantes dos Rhythm & Blues, são completamente intemporais e altamente personalizadas.

Porque não estamos perante mais uma competente banda retro. Estamos perante uma banda que reflecte, como poucos neste mundo, a actual abertura “transgénero”, de uma comunidade que procura no passado a constante novidade e de toda a dinâmica que esta quebra de barreiras tem vindo a gerar, ainda que subterraneamente.

Os TT Syndicate vão a jogo em tudo: desde a Soul suja e visceral de “No one’s gonna rule my world”, que junta duas das mais carismáticas vozes portuenses – Marta Ren e o anfitrião Pedro Serra – à deliciosa exótica de “Jungle Eva”, passando pelos sofisticados Rhythm & Blues de “What ever happened to you”, pelo Rock’n’Roll incisivo de “Mighty fine” ou pelo Popcorn, ao melhor estilo crooner, de “Melancholic mood” e, no fim, são sóe apenas eles. Fazem música retro, como nunca se ouviu...

Só há uma coisa que os espera, por esse mundo fora: crescimento e consolidação do muito que já conseguiram, à custa de talento puro e duro. Chegou a hora de lhes fazermos justiça cá dentro. Para isso basta deixar-nos levar por este enorme disco...

Pedro Tenreiro 26 – 5 – 2017



# O PARDIÑAS MIUDO

## PETER PUNK

Logo do increíble éxito de Peter Punk co seu primeiro espectáculo chegou a súa continuación. Isaac Rodríguez Miranda é, o artista premiado como mellor espectáculo do Festiclown 08, xa o desfrutamos no Pardiñas do 2013. Volve cun espectáculo aínda mellor, renovado con novas rutinas, novos xogos e preparado para facer rir a tope a todos. Volveremos a desfrutar co “Chungo chungo ke te cagas” aínda e coma sempre no país de Nunca Máis.



Participando activamente co seu público, pedaleando coma un tolo, comendo globos e xogando coma un neno que se nega a medrar.




# CORENTA ANOS NA LINGUAXE DA PEDRA

## RAMON VILLAR GÓMEZ

Ramón Villar festexa os corenta anos de Pardiñas con esta escultura da pandereiteira, para arriquecer a paisaxe natural do Festival, humanizándoa coas nosas artes.

Non concebimos a Ramón Villar Gómez sen a fervenza cultural e artística que é Pardiñas, agora máis intensa polo Festival, Feira e Festa da Música e da Arte, porque o noso canteiro non acouga ata deixar o mundo máis fermoso do que o recibiu..

As e os asistentes contaxianse cada Festival da arte que medra en cada unha e cada un dos asistentes, e o evento convertese nun banquete dos sentidos. É tal a complicidade que se xera cada ano, que Ramón luce no seu obradoiro esta caricatura que foi un agasallo do festival do 2013. Obra dun creador anónimo que alongou deste xeito as lindes deste espazo e deste tempo prodixioso...



Ramón foi aprendendo de moitas e moitos creadores que pasan por este encontro cultural, só citar ó patriarca Xosé Seivane, do que non só aprendeu a “Muiñeira de Chantada” na súa afección á gaita, tamén lle deu leccións sobre a colocación das canteirías da súa casa, pois o mestre da gaita tamén ergueu el o que ía ser o seu abradoiro e fogar en Ribeira de Piquín.

Ramón especialista en atopar a pedra destinada a ser unha escultura, non é o típico canteiro pedreiro que traballa nas canteiras de Parga, Mariz, Miraz..., arrincando blocos, tampouco é o que só as devasta en dous ou tres golpes, é o canteiro artista que busca un estilo orixinal de crear.

Ramón Villar é do mesmo Pardiñas. No baixo da Casa das Artes, hai unha mostra permanente da súa obra, nas fotos. Mesmo na entorna da aldea, hai coma un ambiente, que transmite o son e o recendo, do canteiro que segue a picar a pedra, dende hai décadas. O seu pai e avó xa eran canteiros.

Non é difícil atopar a Ramón descubrindo pedras, polos camiños das Terras de Parga... Con máis agarimo cos buscadores de metais preciosos. E xa na actitude desta busca, hai unha devoción, un halo de misterio e respecto... O es-



cultor vai ollando co corazón cada pedra, por iso as prefire sempre erguidas, endexamais tumbadas, porque só dese xeito, lucen e dan a saber as súas formas, sen agochalas. Hai unha identificación total entre o autor e a obra que está a atisbar, en cada pedra, coma si fosen as e os seus fillos. Este outro sentido, o de saber captar os misterios e segredos de cada pedra, so é posíbel, por ese xeito de acompañar e harmonizar a vida coa Nai Natureza, que ten este creador.

Así, dun xeito máis común, comenta coa súa filosofía: “vexo nelas marabillas: Deus as deu e Ramón as prepara... A pedra é coma unha persoa, que tumbada está morta, de pé está viva”. “Paso un día e non vexo nada, outro día vexo algo... É un don que Deus nos dá, e somos capaces de ver que en cada pedra hai un mundo”.

Das pedras aprendeu esa dimensión de permanencia, de perennidade..., e traballa con ese debezo.

Dando vida a mil criaturas que conviven con él, e está satisfeito, que xunto con outros colegas, sexan os que levan a pedra das Terras de Parga, polo mundo adiante, en mostras e exposicións. El prefire as máis duras, e recoñece que “a que ofrece unha cara máis cativadora, é a antiga canteira de Maio, actualmente de Carballido, da que levaron a pedra da Sagrada Familia de Barcelona.

Esa pervivencia a través da súa obra creadora, labrando a pedra, multiplicase na súa conciencia, de que pertence a unha saga de canteiros, que van a alimentar os seus descendentes... Traballa para deixar un fermoso legado para a súa familia e para o pobo. Mesmo deixa de vender pezas, coma o galo, porque prefire que sexa unha colección, que faga memoria da súa cantería.

Gustalle compartir a súa arte. Nas mostras e festivais, multiplicanse @s admiradores, mesmo alóngalles o punteiro, para que os máis entusiasmados coñezan a maxia da pedra. Gústalle que os máis novos fagan cousas fermosas coma esta.

Aos 62 anos, ten claro que o mellor é deixar pegada nas paraxes de Pardiñas, deixando obras significativas.

Nunha exposición de OS NOSOS ARTESÁNS, organizada polo Concello de Guitiriz, presentaban a obra de RAMÓN VILLAR GÓMEZ, con esta tarxeta de presentación:

“Nado en Guitiriz, no ano 1.947, este escultor sabe reflectir na fría pedra o amor, a paixón, a anguria, a luxuria, a fartura... As súas figuras non son convidados de pedra. Son esculturas que falan con forza, con tenrura, facendo agromar nela os máis nobles sentimentos. Para acadar esta simbiose coa natureza busca, en cada caso, a pedra, a cor, a dureza axeitadas a cada representación: poutas de aguía e peiteiros de seixo... Non aprendeu en ninguha academia. A súa mestra é a mellor que puido ter na vida: a natureza mesma”.



*A obra de Ramón na Casa das Artes de Pardiñas*



## O CANTEIRO ALVAREZ DE BECERREÁ

XOSÉ ÁLVAREZ PARDO forma parte do Festival de Pardiñas dende fai anos, deleitándonos cos sons e a música da cantería cada edición, e transmitíndonos a súa linguaxe en pedra en momentos especiais coma os anos dedicados a Manuel María e Díaz Castro

Manuel María..., que podo dicir deste gran poeta e persoa?

Un home que proclama os dereitos da nosa nación nunha época de represión

coma a que el viviu, que defende a nosa fermosa fala, as nosas tradicións, en fin, toda a bagaxe cultural que fai de Galiza e as súas xentes única na terra, non só é un exemplo a seguir, é unha figura á que hai que ter presente no noso día a día.

¿Pensas que a escultura, a cantería, tamén é capaz de transmitir mensaxes, sensacións, como a poesía?

Por suposto, as pedras fálannos. Quen ollando algún penedo no monte non viu unha cara, un cabalo, un moucho.....???? Ademais a cada persoa susúrranlle cousas distintas, é a fermosura das pedras...

E o pobo galego ten unha relación especial con elas. Construíron os nosos lares, delimitan as nosas leiras, sepúltannos cando morremos...

Para min, a canteiría non é un oficio, é a miña vida, a razón de ser das cousas, forma parte da miña alma... Como lle digo á xente parte do meu corazón é de pedra...

Sempre trato de contaxiar a miña paixón ás novas xeracións, quero que os cativos sintan amor pola canteiría e pola nosa cultura, xa que a canteiría forma parte da nosa linaxe Manuel María proclamaba que Galicia é a fala..., ¿tamén podemos considerar a pedra coma unha linguaxe nosa?

En todo o mundo desenvolveuse a escultura, é algo innato no ser humano, mais en Galiza non nos chamaron escultores, somos canteiros..... O noso traballo, non foi influeciado polos cánones greco-romanos ata moi avanzado o tempo, daí que a canteiría galega é inconfundible, sendo unha forma distintiva da nosa cultura, facéndonos únicos, nin mellores nin peores, só distintos aos demais.

Certamente a canteiría é unha linguaxe, un berro do noso pobo, un berro en galego, un berro que acada ao labrego, ao mariñeiro, ao crego, ao "señorito", tanto a homes coma mulleres.

É algo que é tan noso que ás veces non nos decatamos que nos rodeou,



rodea, e rodeará por sempre, xa que vai impresa no ADN galego.

Manuel María quería que o lembrásemos coma un penedo dos que se erguen na nosa paisaxe, coma un sinal de perennidade, ¿a pedra que ti traballas ten esa forza de persistir no tempo?

Gústame moito esta pregunta. De cativo, cando vin por primeira vez o cruceiro do Cebreiro, decateime que a pedra é eterna, perdura no tempo, achegándote a un canteiriño anónimo que a traballou séculos antes.

Coa imaxinación, que só un cativo pode ter, vin a ese canteiro, un home sinxelo e sen estudos creando unha obra nun penedo, que á súa vez se formou milleiros de anos antes cando a Terra era nova.

Cada ano Xosé achega novas criaturas a cada Festival, neste ano son os instrumentos musicais que constrúe con obxectos reutilizados, aos que lle dá nova vida e os convoca a transmitir sensacións e vibracións da beleza que engrandecen o evento. Antigamente as e os nosos devanceiros facían música con estes obxectos e compoñían melodías moi fermosas.

A súa presenza alongase na Casa das Palabras e na Casa das Artes con obras sobre Manuel María, Díaz Castro, a natureza...

## MARCOS LADRA SANJURJO

Aquí traballando en Pardiñas, mesmo gravando unha pedra para indicar a “Casa das Artes”, Dende fai anos está arrequecendo as actividades de Xermolos con obras que multiplican o seu patrimonio. Contamos con pezas súas sobre Manuel María, Xermolos, etc

Tamén leva anos agasallándonos co Trofeo dos Concursos de Curtametraxes do Festival de Cine de Música de Roca, na foto.



Na imaxe Adrià Pagès co trofeo, obra de Marcos Ladra, de gañador na categoría de fora de Galicia do IV certame de curtametraxes do Festival de Cine de Música en Roca coa súa curta "Ringo"

Marcos agasállanos cada festival cunha obra que fai historia, así neste ano gravou en madeira os versos de Mario do Curro Vello: "Sempre en Pardiñas" 5 a 7 de agosto de 2013



### ***Sempre en Pardiñas***


***Guitiriz esperta ledo cada vrao,  
aguilloado polos espiritos mozos,  
levantando, ó son das gaitas, os brazos,  
inzando corazóns puros de ledicia,  
zafando da friaxe dos invernos longos,  
amando, bailando n'eidos de Pardiñas.***

***Espido o ánimo  
saen do letargo  
pequechos e grandes,  
esquecen aldraxes  
rindo e cantando,  
tripando nos acios  
a carón do tambor,  
danzando xunguidos  
ollando pro ceo;  
temos alá a centos!  
estrelas que inquiró,  
ula nosa dolor?***

***Sementastes! e velaquí o froito: Pardiñas!  
obradoiro de concordía, crisol armónico.  
Non sei se seremos quen de pagala débeda,  
os que aquí viñemos, habémolo intentar.***

***In memorian  
José María Díaz Castro  
Quique Roca Amenedo  
Manuel María  
Victoriano López-Felpeto  
Anísia Miranda  
Julián Bernal  
Avelino Pousa Antelo***


***convosco, sempre en Pardiñas!  
Mario do Curro Vello  
5 a 7 de agosto de 2013***



## XABIER QUIJADA

A presenza do artista Xabier Quijada nesta edición alongase todo o mes de agosto cunha exposición sobre a súa escultura en fotos de Xan Arias.

Xabier une á súa arte propia e orixinal, a tradición secular dos canteiros, por familia, “Os Quijada”, e pola súa parroquia, Donalbai, que contou sempre con cuadrillas que manteñen este oficio... Pero hai outros trazos que definen a traxectoria artística de Xabier Quijada: o seu compromiso co pobo, en concreto coas asociacións da comarca, e así sempre estivo a pé de obra na Asociación Xermolos, achegando a súa vontade de colaboración, a súa arte, o seu afán por compartir o seu xenio creador, coa xente que fai camiño con él.



Canteiro, escultor, pintor..., dende os primeiros anos de Pardiñas, fixose presente a través da súa enerxía creadora: nas exposicións, e coas súas intuicións, para que medrase coma un manancial de beleza, cada xeira máis intensa. Por iso, foi o creador que máis carteis ten deseñado do festival e da súa mostra de instrumentos. A súa obra está tamén nas publicacións de Xermolos. Xa nestes anos, foi abrollando noutros xermolos, que están na Casa das Artes.

### Elementos identitarios.

Cando se convocaba o Premio Guitiriz de Escultura, e mesmo de Pintura, foi o autor máis agasallado. Algunha destas obras está exposta na mostra permanente da Colección do Santuario de Bascuas: “O fillo pródigo”, “A parella”, “A Santa Compañía”, etc., e outras na Casa das Artes de Pardiñas. A relación de Quijada co Festival de Pardiñas ten fitos senlleiros, coma no 2005, cando se fixo unha homenaxe a Manuel María, nos días do festival, e despois cunha exposición en Guitiriz e Vilalba, onde o seu percorrido xiraba arredor dunha peza súa que transmite toda a lirica do poeta, mesmo visualizada nalgunha das súas raíces sentimentais: as Penas das Rodas, o San Alberte..., que está agora na Casa das Palabras.

### Fixo moitas exposicións en todo o país.

Nestes anos, máis centrado na restauración de edificios, vive con ilusión a rehabilitación de edificios senlleiros, ou de elementos na nosa arquitectura popular, coma o proxecto de restauración do cruceiro de Santa Cruz, desfeito polo ciclón Hortensia, e que vai ser recuperado. Os Quijada xa recuperaron o Pazo de Allegue en Alfoz, as balconadas das Torres de Anllo na Costa da Morte, a mansión do Indiano en Viveiro, etc.

Sempre fiel á arquitectura popular da Terra, ten arrequentado a nosa paisaxe con cruceiros saídos da súa man, coma o de Bóveda de Begonte, o de Ramil de Lugo, Oleiros de A Coruña, etc., e restaurado hórreos, fontes, ou muiños coma o da Graña do Ferrol, ou de Castromaior de Abadín. A súa cuadrilla está innovando a construción de casas de pedra, cunha cara máis moderna, pero sempre en harmonía coa paisaxe. Todo isto afecta a que non faga tantas exposicións coma nos 80 e 90, por outra banda, todo o que fai, vai dar a mans particulares que o adquiren, o

que lle produce satisfacción, ao saber que moita xente está a convivir coa súa creación, que o autor volve a atopar moitas veces, con sorpresa e emoción, no recanto máis insospeitado.

### **Mestre de canteiros**

Por esa xenerosidade que reborda, foi mestre de canteiras e canteiros, en Escolas-Taller, coma o que tivo esta asociación, nos anos noventa... Deu clases nos obradoiros das Nogais, Ares, Xermolos, Cedeira (aquí un curso de talla, do que podemos disfrutar dos seus traballos nun festival de Pardiñas...).

Por esta dedicación ao ensino recibiu varios premios de escultura das Escolas Taller do Noroeste.

Agora imparte charlas no seu Taller de Begonte, onde mantén unha exposición, que frecuentan moitas e moitos que queren introducirse nesta arte, por exemplo, do Centro de Artesanía de Lugo.

E deixou máis fermosos, os pobos que o acolleron coma mestre, deixando a súa pegada, mesmo con obras feitas con alumnas e alumnos como as fontes dos adros das parroquias de Mariz e Santa Mariña, un exemplo de mobiliario marcado pola estética da Terra, ou as placas que sinalan os recantos máis significativos de Cedeira e a súa comarca, con placas moi orixinais, coma a de San Andrés de Teixido.

En As Nogais restauraron unha ponte, que supuxo dous meses de traballo a catro persoas..

Mesmo entre nós hai obra recente coma o monumento ao Poeta Xosé María Díaz Castro, sinalando a súa avenida, na saída da autovía, ou o Cristo Resucitado na Igrexa de Maríz, ou as pinturas do Pub Soa..

A súa estela converteuno en primeiro presidente da Asociación Artechá, con sede en Vilalba, e que agrupa a dúcias de artesanas e artesáns de toda a Chaira.

A relación de Xabier coa pedra é plural, dende a escultura á restauración, dende os muros de tacos á arquitectura popular, a sillería... Pero, sen dúbida, son as obras máis pequenas as que máis dedicación lle esixen. Hai unha forte comunicación entre o canteiro e os segredos que garda cada pedra, desentrañando todo un universo, e axeitandoas para as súas visións de conxunto.. As vetas, as formas, as imaxes..., van transmitindo a pegada artística do autor. Neste traballo, Xabier, endexamais perde o sentido da Terra, por iso ata nas encargas, adoita buscar a pedra orixinal do terrón do seu cliente.

Quijada foi asumindo unha formación moi densa, que lle axudou a coñecer a fondo a pintura e escultura galegas, mesmo nese trato persoal cos principais creadores do país. A súa obra máis figurativa ou máis abstracta, apunta a unha grande técnica, coma demostra nese Cristo moderno de 2 metros de alto que podemos ver no seu Taller de Begonte.

Pero traballa todos os materiais: pedra, madeira, ferro..., tanto na escultura como na construción, e xoga coa mestura de todos, para buscar un efecto máis fermoso.



**EXPOSICIÓN DE FOTOGRAFÍA DE XAN ARIAS sobre o proceso de elaboración desta escultura de Xabier Quijada na Casa das Palabras neste verán**

## VALDI, LABRADOR DE MADEIRA E PEDRA

Pardiñas xa non é o mesmo, sen a presenza dun dos seus creadores máis fieis, o labrador de madeira e pedra, Xosé Val Díaz (Valdi). Pois, escolleu o Festival de Pardiñas para montar unha das primeiras exposicións, que foi no XXII Festival de Pardiñas (2001), e nas edicións seguintes e queremos celebrar a súa querencia por todo o que aquí se desenvolve.



Naceu o 18 de abril do 1947, en Montecubeiro-Castroverde. Vivíu en Sada desde o ano 2002. Iníciase na escultura de forma autodidacta influenciado pola obra de Suso de Marcos. Valdi é un mestre, un creador total, na concepción da arte coma expresión da beleza. Non sabemos que é máis importante, si a investigación que fai da capacidade comunicativa de cada material que atopa e traballa, ou a técnica empregada. E tal a intimidade que desenvolve con cada peza, que sabe ler nos seus adentros. Hai unha simbiose total entre o autor e a súa obra.

Esta busca de formas de expresión máis sutiles, levouno a xogos co movemento e as formas moi plásticas, que falan dunha concepción da arte moi orixinal. Está a transmitir como a peza que traballa, endexamais se desprende do núcleo principal. Segue mantendo a súa liberdade, dentro da identidade do material da que nace. Así, nestas pezas, o pene do “Xermolo da vida” ou a serpe, de “Serpe en Do”, penetran dentro do oco, pero están libres, no medio do núcleo que os xerou. Son obras para xirar, así inxectándolles electricidade, xirarían constantemente.

Nesta teima por descubrir novas formas e expresións, Valdi tamén experimenta incorporando ás súas obras: ferro, latón, maquinaria ou cousas recicladas, mesturadas coa madeira e a pedra.

Matina que a madeira é máis quente, produce máis calor, mentres a pedra asemella máis fría... Para Valdi, a combinación de materiais, mellora e potencia a transmisión de mensaxes.

### EXPOSICIÓNS na CASA DAS ARTES UN ESCRITOR QUE ESCRIBE COA PEDRA

Valdi conta contos a través das súas obras. El quere transmitirnos historias. Interésalle máis a mensaxe que a técnica ou o estilo estético, e a ela orienta todo o seu traballo, máis ca un resultado final. Ás veces séntese coma un escritor frustrado, agora dedicado a facer contos coas formas e os materiais cos que traballa. Busca que o que ve a obra, disfrute e se emocione con ela; que acredite que a mensaxe existe.

“As pedras, as madeiras, confesa Valdi, contan cousas, e o autor, o labrador, convídaas a que digan algo, que transmitan o que poden darme, o que podo falar con elas”.

Así, na peza, “Manuel María. Poeta Chairego”, hai coma un arado, unha canle, que se converte en libro, en vida...



Neste diálogo fundante entre o autor e a súa produción, Valdi ten querencias especiais, así aposta polo castiñeiro e o carballo. Porque, segundo el, dánnos demasiado: beleza, pero tamen alimento para as persoas e os animais, abrigo, mobles, calor... E rexeita as madeiras importadas, porque están adulteradas, son incapaces de transmitir a nosa vida, a paisaxe aquí, a Terra que nos sostén... Cando fala deste xeito, un está a recordar os nosos mellores líricos, que tamén buscaban as cousas de nós, para falar de un, coa mellor sinceridade e autenticidade.

As madeiras foráneas, non din todo, sempre agochan algo para a alma galega.

A Terra Chá, Xermolos, a Fundación Manuel María..., temos que agradecer a Valdi, tanta creación que fai inzar entre nós. Conservamos obra súa en Pardiñas: Manuel María, o Gaitero Severiano, etc., pero tamén nese Paseo dos Soños, a carón do Rañego, que estamos a abrir en Vilalba.

## VALDI, A FORMA DAS PALABRAS

Por Iago Santalla

21 de decembro de 2016

Xosé Val Díaz, o gran Valdi, fillo do pobo resistente e revolucionario de Montecubeiro en Castroverde, ven de recibir o merecido título de Chairego de honra. Falamos dun home solidario e totalmente desinteresado que, entre outras cousas, se converteu no gran impulsor, xunto con Xermolos, do Paseo dos Soños en Vilalba, onde cada ano o hectómetro literario homenaxea a un escritor. Valdi sabe mellor que ninguén recoller as esencias de cada literato para plasmalas nunha simbólica escultura que sempre leva a impronta identitaria do afortunado propietario do hectómetro.

Falamos dun home solidario e comprometido co país e coa cultura pero, tamén, dun home profundamente aberto á diversidade, o que o fai imprescindible en moitos ámbitos. Valdi materializa versos coa forza de quen labra a pedra ou dá forma ao ferro. As mans traballadoras saben como darlle forma á sensibilidade para agromar versos como árbores perennes cara ao porvir.

O sábado Valdi tivo a honra de ser Chairego e a Chaira gozou do privilexio de adoptar a un fillo de conciencia rexa e man firme dos que sabe a ciencia certa que é imposible a traizón.

Valdi é o amigo imprescindible, o que sabes que xamais te vai deixar vendido no campo de batalla e o que te vai complementar en todo momento para non calar nunca e erguer voz unísona contra a inxustiza e a barbarie.

Un home cheo de sabedoría que nos ensina a doar aos demais o mellor de nós mesmos e a compartir coa tribu cada idea para medrar en irmandade. Un ser único que berra en colectivo e é capaz de darlle a cada palabra a forma da cultura erguéndoa da nosa realidade cunha única idea: Galicia.

Un verdadeiro home de pobo que soña amenceres, materialízaos en pedra ou ferro e camiña con nós, día a día, cara ao gran amencer da liberdade. Iago Santalla



# A EMOCIÓN DA CANTEIRÍA NUN VISITANTE

JULIO LENCERO é un historiador madrileño que ven de arribar ás Terras de Parga. Namórase da canteiría e achegase ao obradoiro de Ramón Villar en Pardiñas

## “Feira da Música e da Arte de Pardiñas”

Balneario de Pardiñas. É temperán e os escultores xa están preparados..., blandindo os “sacabocados”. De súpeto, petando na dura pedra, voan polo aire os cachotes de granito. Que queren que lles diga! Posuídos do que asemella unha forza sobrehumana, os artistas parecen heroes lendarios loitando contra o informe, contra o Caos.

Non moi seguro dígame para os meus adentros que non son seres mitolóxicos...; son só homes e, polo tanto, deben temer ao Tempo.

Achégame a Ramón Villar Gómez; que me ofrece a man con enerxía.

- As pedras, canto máis duras mellor! -sóltame coa autoridade na materia que lle dá súa intimidade cos penedos de granito da serra da Cova dá Serpe.

E no entanto...-sigo engarzando impresións subxectivas: o Tempo teme á pedra!

Alleo ás miñas fondas reflexións, sen deixar de mover os dedos axilmente, debuxando liñas imaxinarias sobre os volumes do seu cachote, o director da Escola de Arte Xermolos, de Guitiriz, segue falando:

- Eu vexo un lobo! Perfectamente..., un lobo. Olla -dime convencido -: as fauces abertas, as orellas...!

- Manda carallo!

E agarra a buxarda.

- Bótanse de menos os vellos ferreiros; hoxe non saben templar ben a ferramenta – laméntase movendo pesaroso a cabeza.

A min, díme -como tamén á maioría dos veteranos que se deron cita hoxe en Pardiñas-, gústame traballar con métodos e técnicas tradicionais: desbastar a madeira con machada; usar a buxarda, o cicel e os punteiros coa pedra... Entre outras razóns por respecto aos meus antepasados, pois son fillo da cantaría.

Si; aínda que hoxe en día a técnica permite deseñar o obxecto a tallar nun software de modelado en tres dimensións e fabricalo automaticamente (si fano até cos corazóns!); está claro, dígame, que Ramón vai seguir nos seus trece.

Sabiamente, Ramón dáme unha lección de economía:

- Os que curtan con rebarbadora a pedra, teñen moitas presas; aforrarían moito traballo buscando ben a pedra que xa estea medio feita pola Natureza para axeitarse a ela.

Sen dúbida, Ramón é un creador, e sostén nas súas mans todo aquilo no que cre! Herdeiro espiritual daquel primeiro home ao que se lle ocorreu darlle forma aos deuses; imaxineiro que aínda contemporiza coas criaturas híbridas do bestiario medieval e acompaña aos santos da súa confraría nos seus barrocos martirios.

Deixo ao meu amigo concentrado no seu traballo.

Ermidas, igrexas, mosteiros, pazos, pontes, fontes, cruceiros, hórreos...; todo en martelado granito!

Vexo a Víctor Corral, moi coñeci do personaxe ao que xa tiveron o gusto de coñecer na súa casa-museo de Baamonde, e diríxome cara a él. Nos ollos do octoxenario artista reflíctese a calidez natural das madeiras que talla con mestría sen par: o enebro co seu recendo a lapis; o teixo druídico; o rexo buxo; o dourado castiñeiro ou o indispensable carballo.


Para esta ocasión está labrando -en pedra de Friol- unha peza abstracta. Pola súa pureza estilística ben puidese tratarse, sinxelamente, dunha chea de neve dacabalo nunha rama...

A Víctor Curral custoulle liberarse da figuración e da representación dun pasado rural en harmonía coa contorna, que os embates vertixinosos da modernidade trastornaron en gran medida; superar certa melancolía por ese Volksgeist -“a alma do pobo”- que a duras penas sobrevive dende o Romanticismo. Pero na súa longa vida comprendeu que mentres as formas interiores da cultura permanezan, dará igual que cambien as exteriores.

- O único que queda do noso paso por esta vida son as nosas obras -relátame mentres retoca levemente a súa.

- Sobre todo as espirituais -puntualiza.

Julio Lencero





# PARDIÑAS A TRAVÉS DA PALABRA

Comezamos con este texto de Manuel María:

*“En Guitiriz de Lagostelle, Manuel de Paderna atopábase como peixe na auga. Andou alternando e filosofando cos rapaces da Agrupación Cultural Xérmolos, moi gustantes dos ditos e dos versos de Paderna, a quen sempre lle solicitaban colaboración para o seu boletín. Como non podía ser menos, bateu co poeta dos Vilares, Xosé María Díaz Castro e co crego Alfonso Blanco Torrado, carballo rexo da tribo bergantiñán, cantada polo bardo Pondal, transplantado felizmente á Terra Chá. Despois dunha cea moi xeitosa no Gaibor, foron tomar uns cafés e unhas copas ó Parada, onde estivo a botica de Labarta, na que se hospedou Álvaro Cunqueiro cando era neno. Por certo que, en Guitiriz de Lagostelle, foi onde o grande poeta e escritor, ollou o tren por primeira vez, quedando marabillado. Entre café e copa e entre copa e café e cigarro vai e cigarro vén. Manuel de Paderna noticioulles ós seus amigos as súas preocupacións e motivo da súa peregrinaxe.*



Manuel María paseando por Pardiñas con Díaz Castro

*Nesta parroquia de Lagostelle, que quere dicir Lago de Estrelas- dixo moi pausadamente Xosé María Díaz Castro-, debaixo da Lagoa de Boedo, onde din que hai unha vila asolagada, a Cidade Branca historiada por Xosé Lorenzo Tomé, estou seguro de que atopara-lo remedio que andas a procurar.*

*-O malo é como dar con el- dixo Alfonso Blanco Torrado.*

*-Xa estou non bo camiño. As estrelas endexamais me enganan- afirmou Manuel de Paderna-. Gracias pola información. Agora queda todo da miña man.*

*Manuel de Paderna despediuse dos dous amigos, ofrecéndose, como sempre, para canto puidese ser de utilidade...*

*Manuel de Paderna, seguindo o rumor da auga daquela fonte e coa fin de dar coa súa orixe, chegou a Pardiñas. Alí comprobou a existencia doutra fonte das mesmas características.*

*Aquelas augas, precisamente aquelas e non outras, eran as que andaba a procurar para sanda-lo avariado fígado de don Capitón.*

*Moi feliz por estes feitos, Paderna decidiu cristianalas fontes. Chamou a Alfonso Blanco Torrado que, vestido de pontifical, coa solemnidade do caso, acompañado polos rapaces da Agrupación Cultural Xérmolos, e sendo padriño o poeta Xosé María Díaz Castro, bautizaron as augas. Foi un acto moi fermoso.*

*Á fonte que agromou ou que descubriu a Lagoa de Boedo puxéronlle o nome de San Xoán, por se-lo padroeiro da parroquia. E á de Pardiñas, debido á súa humildade e ó bravío do lugar, bautizarona co nome de Fonte de San Francisco. Pero a xente, con esa teima súa de levar sempre a contraria, sen que se saiba a razón nin o motivo, deu en chamarlle Fonte de Santo Domingo. Non hai que lle facer. Alá eles coas súas teimas, as súas devocións e os seus gustos”*

Manuel María.

## PREGÓN DE CARLOS MEIXIDE no Festival de Pardiñas 2018

Alfonso:

O pregón que este ano nos vai a transmitir Carlos Meixide, acaba de subir da tenda de campaña todo apurado para estar aquí a punto neste momento, xa o coñecedes porque é un asiduo de Pardiñas de sempre, mesmo en tódalas experiencias do festival non só na acampada, si non tamén ofrecéndonos os seus libros, a súa literatura e sobre todo a súa ledicia, a súa busca da beleza; Carlos que é autor de moitos libros, co primeiro libro dixital que se editou aquí neste país, pero el quere que sigamos acariciando tamén a escrita, pois, en papel e fixo e está a facer porque penso que vai seguir eses libros que teñen un tinte así un destino máis ben para as crianzas, para a mocidade como son esa trioloxía que é “Ons”, da Illa de Ons; “Cans”, do Festival de Cans de cine e “Guitiriz”, do Festival de Pardiñas. Estades a tempo aínda de lelo, de acaricialo; nesta novela “Guitiriz” fálanos de este festival e de moitas e moitos de vós, de todos e de todas, a veces dun xeito anónimo outros poñendolle cara. Realmente a literatura de Carlos Meixide axúdanos a medrar en paixón, en amor, en coraxe; e é unha literatura que dalle forma, sentido a esta loita que temos a mocidade, non solo do Festival de Pardiñas sinon nos festivais de todo o país e queremos, xa digo mellorar este país e reivindicar o que é noso; pero bueno, a quen lle toca falar hoxe é a Carlos e déixovos con el.



Carlos Meixide:

Moitas grazas Alfonso, e moitas grazas a todos e a todas; non me quero demorar por causa desta calor; fai moitísima calor hoxe en Pardiñas, eu diría que é o Pardiñas máis caloroso que lembro. Non pasaba tanta calor dende a última vez que estiven en Italia. Italia é un país maravilloso, pero fai moitísima calor; non sei si vos destes conta algunha vez, de feito xa é o primeiro que din os propios italianos nada máis saír da casa “bochorno, bochorno”. E si efectivamente fai moitísima calor en Italia, e hoxe aquí a verdade que fai unha calor casi, casi italiana “troppo caldo”.

En todo caso, para min é un auténtico pracer estar hoxe aquí. Como dicía moi ben Alfonso, son escritor e este ano escribín a novela “Guitiriz”, que transcorre neste maravilloso Concello e como non podía ser doutra

maneira no Festival de Pardiñas.

Son unha persoa que adora a literatura dende sempre e hoxe teño a sorte de estar rodeado de grandes persoeiros e persoeiras das nosas letras, algúns deles moi admirados por min, outros tamén. Non pode estar presente, porén, por razóns obvias, o escritor galego que máis admirei sempre, Ánxel Fole, un escritor marabilloso desta provincia: Lugo, aínda que coidado! Tamén escribe moi ben o seu irmán Ken!

Pero como dicía, hai grandes autores galegos: Eduardo Pondal, por exemplo, autor daqueles fermosos versos que non sei se recordades: “Que din os rumorosos na costa verdecente, o raio transparente do prácido luar” que fermosos versos, verdade? E que curioso que xa de aquela había “Luar”.

Mais non vou seguir falando de escritores galegos, senón Camilo... jo, se cela!, por tanto, voume centrar no motivo polo que hoxe estou aquí: o pregón de Pardiñas, motivo que me enche de orgullo e polo que fico moi, moi agradecido. Como dicía Alfonso, dende o ano 2000 asistín ao festival tódolos anos, ao primeiro na procura da beleza ou do que for que houberse, mais axiña me convertín nun asíduo que a estas alturas pode dicir que viviu o Festival en case tódalas súas dimensións posibles: na barra, diante ou detrás atendendo no Ambigú de Xermolos; hoxe vendendo libros no posto de Xermolos; nas tendas de campaña; nos baños químicos... Non hai recuncho que non andara neste festival, que coñezo ben e ten todo o meu cariño. O que nunca imaxinei, porén, poden ter a certeza, é que me vería algunha vez neste rol de pregoeiro, honra que na súa recreación na ficción da novela correspondíalle a Marica Campo, con Mini e Mero interpretando “O carro” canción que emocionaba a un dos protagonistas... E é que hoxe temos aquí, como é habitual enriba deste palco, algúns dos artífices dalgunhas das mellores cancións da historia da música galega. É o caso, insisto, de Mini e Mero, responsables de “O carro”. gran himno oficioso da Galiza; ou do Paco, o dos bloques”, autor destes fermosos versos: “fun a Parga, Guitiriz, Guitiriz e máis Teixeira, fun a Parga e Guitiriz, eu xa fun ó mundo enteiro”!!! Que dicir desa fermosa copla que condensa en catro versos un sentimento profundo que transcenderá á historia.

Ser pregoeiro de Pardiñas, como digo, é a maior honra que existe neste país, pois os pregoeiros de Pardiñas conforman o listado de persoeiros máis ilustres do que se pode formar parte en vida na Galiza.


O día de hoxe xúngueme de por vida ao festival. Os festivais teñen sentido polo que significan nas nosas vidas: a xente que neles coñecemos, as alegrías que experimentamos..., por tantas e tantas cousas, pero todo iso marabilloso que acontece en Pardiñas non sería posible sen persoas que traballen polo Festival. Eu sei ben o que é facer festivais, non é nada doado sacar adiante unha iniciativa cultural. Do mesmo xeito, non é nada fácil que se fale dun concello co cariño co que se fala de Guitiriz. Cando vou polo mundo adiante cos meus libros, sinto un cariño real polo concello de Guitiriz, e sinto que ese cariño en boa medida ten moitísimo que ver co Festival de Pardiñas e co traballo que desde hai corenta anos fai a asociación Xermolos. Chegados a este punto, para que negalo, hai que falar de Alfonso, quen sempre está aí que sempre estivo aí en todos os episodios que forman parte da historia de Guitiriz: como nas revoltas contra os enterramentos no concello dos vertidos do Casón, episodio que intentei reflectir na novela. Aquela resposta veciñal da que Alfonso e tantos veciños e veciñas formaron parte é un orgullo. Tamén merece a pena recordar a recuperación da casa de Díaz Castro, gran poeta gutiricense... Pero sobre todo, o gran símbolo é este Festival de Pardiñas, o festival máis antigo de Galiza. Ogallá

que dure por sempre porque é o festival, dígovolo de verdade, máis maravilloso que poida existir.

Alfonso está aí, sei que estades moitos máis aí, eu coñecín a moitísima xente: María, Mar, Merce, Esteban, Félix, Sonia, Ángel... toda a xente que coñecín de Xermolos que estiveron sempre traballando arreo para sacar adiante este festival, e outra xente nova que veu despois... Ogallá que esto siga adiante, e sobre todo que nos deamos conta de que as cousas non suceden soas, polo tanto non podemos esixir que sucedan se non poñemos tamén o ombróna medida das nosas posibilidades.

E nada máis non quero dar a chapa, que xa estou montando un mitin.

Simplemente iso, recordar tantos momentos fermosos que vivín eu aquí en Guitiriz, e sobre todo eiquí no Festival de Pardiñas, tanta xente maravillosa deste concello e non só, pois aquí coñecín xente de toda Galiza aquí coñecín xente de Abadín, Abegondo, Agolada, Alfoz, Allariz, Ames, Amoeiro, Antas de Ulla, Aranga, Arbo, Ares, A Arnoia, Arteixo, Arzúa, Avión, Baiona, Baleira, Baltar, Bande, A Baña, Baños de Molgas, Baralla, Barbadás, O Barco de Valdeorras, Barreiros, Barro, Beade, Beariz, Becerreá, Begonte, Bergondo, Betanzos, Os Blancos, Boborás, Boimorto, Boiro, A Bola, O Bolo, Boqueixón, Bóveda, Brión, Bueu, Burela, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Caldas de Reis, Calvos de Randín, Camariñas, Cambados, Cambre, Campo Lameiro, Cangas, A Cañiza, A Capela, Carballeda de Avia, Carballeda de Valdeorras, Carballedo, O Carballiño, Carballo, Cariño, Carnota, Carral, Cartelle, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Castro Caldelas, Castro de Rei, Castroverde, Catoira, Cedeira, Cee, Celanova, Cenlle, Cerceda, Cerdedo, Cerdido, Cervantes, Cervo, Chandrexa de Queixa, Chantada, Coirós, Coles, Corcubión, O Corgo, Coristanco, Cortegada, A Coruña, Cospeito, Cotobade, Covelo, Crecente, Cualedro, Culleredo, Cuntis, Curtis, Dodro, Dozón, Dumbría, Entrimo, Esgos, A Estrada, Fene, Ferrol, Fisterra, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Forcarei, Fornelos de Montes, Foz, Frades, Friol, Gomesende, Gondomar, O Grove, A Guarda, A Gudiña, Guitiriz, Guntín, A Illa de Arousa, O Incio, O Irixo, Irixoa, Lalín, A Lama, Láncara, A Laracha, Larouco, Laxe, Laza, Leiro, Lobeira, Lobios, Lourenzán, Louso, Lugo, Maceda, Malpica de Bergantiños, Manzaneda, Mañón, Marín, Maside, Mazaricos, Meaño, Meira, Meis, Melide, Melón, A Merca, Mesía, A Mezquita, Miño, Moaña, Moeche, Mondariz, Mondariz-Balneario, Mondoñedo, Monfero, Monforte de Lemos, Montederramo, Monterrei, Monterroso, Moraña, Mos, Mugardos, Muíños, Muras, Muros, Muxía, Narón, Navia de Suarna, Neda, Negreira, Negueira de Muñiz, As Neves, Nigrán, As Nogais, Nogueira de Ramuín, Noia, Oia, Oímbra, Oleiros, Ordes, Oroso, Ortigueira, Ourense, Oural, Outeiro de Rei, Outes, Oza-Ce-



suras, Paderne, Paderne de Allariz, Padrenda, Padrón, Palas de Rei, Pantón, Parada de Sil, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pazos de Borbén, Pedrafita do Cebreiro, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Petín, O Pino, Piñor, A Pobra de Trives, A Pobra do Brollón, A Pobra do Caramiñal, Poio, Pol, Ponte Caldelas, Pontearreas, Ponteceso, Pontecesures, Pontedeume, Pontedeva, A Pontenova, As Pontes de García Rodríguez, Pontevedra, Porqueira, O Porriño, Portas, Porto do Son, Portomarín, Punxín, Quintela de Leirado, Quiroga, Rábade, Rairiz de Veiga, Ramirás, Redondela, Rianxo, Ribadavia, Ribadeo, Ribadumia, Ribas de Sil, Ribeira, Ribeira de Piquín, Riós, Riotorto, Rodeiro, Rois, O Rosal, A Rúa, Rubiá, Sada, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Samos, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, San Sadurniño, San Xoán de Río, Sandiás, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso, Sanxenxo, Sarreaus, Sarria, O Saviñao, Silleda, Sober, Sobrado, As Somozas, Soutomaior, Taboada, Taboadela, A Teixeira, Teo, Toén, Tomiño, Toques, Tordoia, Touro, Trabada, Trasmiras, Trazo, Triacastela, Tui, Val do Dubra, O Valadouro, Valdoviño, Valga, Vedra, A Veiga, Vereia, Verín, Viana do Bolo, O Vicedo, Vigo, Vila de Cruces, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa, Vilalba, Vilamarín, Vilamartín de Valdeorras, Vilanova de Arousa, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilardevós, Vilariño de Conso, Vilarmaior, Vilasantar, Vimianzo, Viveiro, Xermade, Xinzo de Limia, Xove, Xunqueira de Ambía, Xunqueira de Espadanedo, Zas

Grazas! Pero en particular moitísimas grazas, e xa vos deixo, a tódolos guitiricenses, de corazón; e tanto me dá da parroquia da que veñades, sexades de Becín, O Buriz, Labrada, Lagostelle, San Salvador, Santa Cruz, Sambreixo, Santa Locaia, Santa Mariña de Lagostelle, Santo Estevo de Parga, Mariz, As Negradas, Pedrafita, Pígara, Roca, Trasparga, Vilar, Os Vilares...

Moitísimas grazas a todos, grazas Guitiriz, grazas Pardiñas, e vémonos moitos anos máis. Un bico!

Carlos Meixide.



Asoc. C. Xermolos

20 de febrero de 2018 ·

Hoxe Xermolos presentou no IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz unha iniciativa a prol da lectura e da música creadas por persoas relacionadas coa súa veciñanza. E nada mellor que unha novela xuvenil: "Guitiriz", do escritor e músico Carlos Meixide. Nesta novela recrea momentos da historia de Xermolos: o Festival de Pardiñas, a loita contra os bidóns do Casón, a teima por recuperar o rural a través da casa de Díaz Castro que Xermolos quere converter na Casa da Xente. Nesta novela o seu autor remarca con emoción este esforzo comunitario a prol do futuro do rural. Fotografía: Suso Pena



## PREGÓN XXXVIII FESTIVAL PARDIÑAS (6/08/2017) por FINA CASALDERREY

Boa, emotiva e entrañable tarde a todos e a todas.

Cando me convidaron a participar como pregoeira e, ademais, no día no que se entregan os premios Terra Chá, deixei todo por vir compartir o momento e o día enteiro con vós

De feito, hoxe, 6 de agosto é o día do Patrón na miña parroquia do Divino Salvador de Lérez, en Pontevedra. A verdade é que o San Benitiño fíxose moito máis popular, non sei se



porque alguén escribiu para el unha canción poñéndoo por diante ca o de Paredes (ben sabedes do poder de sedución da música) e ao pobre San Salvador xa non se lle fai festa grande. Xa non estoupan no ceo os foguetes que anunciaban o remate da procesión da misa do día, ese intenso ruído, marabillioso, que nos batía no estómago e nolo facía doer gozosamente, mentres os rapaces saltaban valos e atravesaban leiras na procura das canas para lles aproveitar o cordel.

Para recuperar a festa, faríanos falta unha persoa extraordinaria, de alma branca, entusiasmo contaxioso e fe na xente moza; unha sorte de mago capaz de facer que o epicentro dun terremoto diferente, gozoso e de máxima intensidade, xurdise nun lugar pequeno, removese o mundo e atraese xente de distintas xeracións, tal como acontece aquí, en Pardiñas.

O certo é que un día, un mago innovador chamado Alfonso Blanco Torrado chegou dende as terras de Pondal a Guitiriz e, acompañado de boa xente, hai 41 anos fundou, arredor dunha biblioteca que el mesmo montara, a Asociación Cultural Xermolos, e vaia se xermolou!! Este feiticeiro deu co mellor método para facer do entusiasmo unha bóla de neve imparable que se fai máis e máis grande cada ano. Polo camiño vai atrapando: amizade, xenerosidade, ledicia, compromiso, responsabilidade... "BO ROLLO", diría o propio mago, promotor do FESTIVAL DE PARDIÑAS, un dos seus xermolos.

Pardiñas, un lugar da parroquia de San Xoán de Lagostelle, resoa hoxe en todas partes; as redes sociais botan ata fume estes días, porque, igual que Manuel María fixera co regato do Cepelo, Alfonso e todas e todos os que dende entón seguides o seu ronsel, puxestes Pardiñas no mapa do mundo!

Resumindo (porque sei que a súa humildade, por auténtica, fai que non se sinta cómodo), diría que, se Alfonso Blanco Torrado fose unha parte dun coche, sería o motor; se o fose dunha árbore sería o zume que o nutre; e se fose unha casa, imaxínoa coas portas e ventás sempre abertas e o pan enriba da mesa.

Hai aquí moitas horas de esforzo colectivo, diría que ata de xenio; pero nunca de rabia -nin nos seus rostros, nin nos seus actos-, quizais porque os de Guitiriz destes coa Chave de Bascuas, alá na parroquia de San Salvador de Parga, e, tal como conta a lenda, levades na fronte a súa marca para espantardes o devandito mal.

Van alá, con esta, XXXVIII edicións ininterrompidas dun Festival que non precisa do meu pregón para que se coñeza, pero hei confesarvos que eu quixen saber máis, quixen descubri-lo

todo sobre o festival, sobre Pardiñas...

E préstame dicirvos que me emocionou saber de tanto esforzo colectivo, do perfecto relevo xeracional para facerdes posible esta explosión de música e de instrumentos musicais, de artesanía, de arte, de literatura, de cultura popular, de cultura, de irmandade e amizade, de respecto á diferenza, de reivindicación do noso, de ledicia, de festa na que caben milleiros de soños.

Todo resulta auténtico! Foi coma se me inxectasen unha apócema intravenosa directa aos sentimentos, ás emocións, á miña propia infancia... e a tantas cousas que quedaron tatuadas na pel da miña alma:

As merendas nas leiras... non sei se porque á 1: 45 da madrugada cerran a festa os Sacha na Horta, esas mozas e mozos que revolucionaron a agricultura botando valos abaixo "sachando" ledicias coa súa música.

Lembrei cando, despois de sementar as patacas, ou de as apañar -as cortadas nun caldeiro, as pequenas noutro e aparte as grandes-, estendían aquel mantel de cadros, esfiañado polos bordos, e sobre el poñían os bacallaus rebozados, o queixo de tetilla e o marmelo, o viño tinto e a gasosa...

Un día na leira duns, outro día na doutros... Ao remataren, non se lles notaba o cansazo, as risas e o humor danzaban arredor daquel mantel, como as vin danzar hoxe.

Vénme á cabeza miña nai no alto da balaustrada do convento de San Salvador de Lárez, onde tal día coma hoxe nós, a rapazada, bailabamos... E falando de bailes, o primeiro que me namorou do meu compañeiro de camiño, foi o ben que bailaba.

Esta festa, non sei a razón, quizais pola implicación dos centros de ensino coa maxiva participación de alumnado no certame Terra Chá, lémbreme tamén o meu tempo de mestra en Moraña, cando andabamos a compilar cantigas e tiñamos que recorrer aos máis vellos, aos gardadores da memoria oral. Sabiamos que a señora Aurora Crestar da parroquia de Rebón, (100 anos a principios dos oitenta do pasado século), era a única persoa viva que de cativa, a principios do século, fóra pedir a auga polas portas con toda a rapazada de Rebón, acompañados da señora María. Nos tempos de secas estivais, nenos e nenas, acompañados dun adulto, ían polas portas das casas cun caldeiro e unha cruz nas mans a "pedir a auga", é dicir, a pedir cartos para logo faceren unha misa ou unha novena, segundo o recadado, levar o san Pedro en procesión ata o río e alí, mollarlle os pés. A señora Aurora xa levaba un tempo encamada, a veciñanza leváballe de comer máis xa ninguén falaba con ela. Así fora esquecendo as pala-



bras. Isto, xunto coa cegueira que padecía, convertíana nunha muller totalmente dependente da caridade dos demais e afixérase aos silencios perennes. Comezamos a falarlle, ao principio respondía con monosílabos, pero pouco a pouco, en varias tardes, comezou a lembrar a canción de pedir a auga. Cada verso que recordaba, nos iamos repetindo canda ela:

Ángeles somos, del cielo venimos,  
 cruces traemos, el agua pedimos.  
 Ángeles somos del cielo bajamos,  
 cruces traemos el agua buscamos.  
 Agua danos señor Dios  
 porque la tierra pide a vós.  
 Agua danos la Virgen María  
 porque la tierra la pedía.  
 San Isidro Labrador,  
 danos agua y quita sol.  
 Y con el poder de la Virgen María,  
 un Padrenuestro y un ave María.

Deseguido rezaban xuntos, cos da casa e remataban:

Ángeles somos, del cielo venimos,  
 A su puerta estamos , dinero pedimos.

Por certo, en Moraña regueifaban dunha banda e doutra do río Umia: “Nós de aquí e vós de alá/ somos tantos coma vós/ nós comemos o carneiro/ as cornas son para vós”. “O cura de Troáns non ten capa nin capelo, vén o noso de Moraña que a ten de terciopelo.” Aquí... creo que sabedes moito dese xeito divertido de retrucar...

A verdade é que a aldea e a festa popular forman parte da miña escola do fantástico.

Certo que non estou aquí para falar de intimidades...

Pero ten razón o mago Alfonso: “Pardiñas é un manancial de emocións”, tamén para remover nas lembranzas dos que nos achegamos.

Coñecín a Alfonso no Muiño do Rañego, en Vilalba. Alí onde fan as máis fermosas homenaxes aos nosos mellores autores. E alí, moi preto, dou fe de que existe un paseo que chaman O Paseo dos Soños e que garda memoria dos que soñaron mundos mellores.

Un deses soñadores inmortalizados foi Agustín Fernández Paz, aquel neno do barrio das Fontiñas, de Vilalba, que se achegaba ao río Magdalena e botaba botellas á auga con desexos escritos dentro. En cada botella un, coa esperanza de cambiar o mundo. Sabía que nada hai no universo que teña máis forza ca as palabras. Aseguraba que todas as persoas temos necesidade das historias, sede de palabras. “Necesítámolas coma comer, coma beber auga, para entender o mundo e para entendérmonos a nós mesmos e celebrarmos os dons que a vida nos dá”.

Agustín levaba tatuado na súa fronte o lema “Outro mundo é posible”, un mundo sen que a nosa lingua teña que estar sempre a ser cuestionada, un mundo no que as nenas poidan ser protagonistas, na vida e na literatura.

Ben sei que sabedes deste mestre innovador, comprometido e entusiasta, que pronto se converteu nun clásico da LIX, quizais o máis admirado e querido por todas e todos vós; sabedes dos seus libros e do rastro que nos deixou: ese batallón de lectores e lectoras, de escritores e escritoras que se foron facendo grazas á súa obra e ao seu exemplo. A súa escrita foi unha goma de borrar prexuízos, un SOS delicado, fermoso e vigoroso cara a solidariedade e a recuperación da



memoria. Agustín, explorou os territorios sen límites da imaxinación, escribiu contra as desfeitas que aniquilan identidades, contra as desigualdades, a favor da xustiza e da liberdade, da biodiversidade lingüística e cultural, da loita ecolóxica e do amor que o atravesa todo.

El, igual ca Manuel María, pensaba que “Galicia somos nós, a xente e maila fala”. Agustín foi enxeñeiro en soños, empeñado en construír coas súas historias as máis fortes e fermosas pontes para comunicar Galicia co mundo e á xente nova cos devanceiros. Coñecía a fórmula que contaxia amor polos libros. Foi militante de base niso de facer chiscadas aos beneficios da lectura. Poderíamos xogar con cada un dos seus libros a algo así como “Buscando a Wally” e atoparíamos a Agustín lendo, sutilmente camuflado en calquera dos seus personaxes. Ás veces, a propia animación lectora convértese na trama, coma en Un río de palabras. En ler, en escribir, en defender a lingua... empregou a vida.

Agustín estivo en Pardiñas, e sei que hoxe, alá onde se atope, quizais conversando con Díaz Castro sobre as feridas de emoción que pode producir a beleza, está feliz de saber que a xente nova, coma os que participastes no XXXVIII Certame Terra Chá, siga a crear historias, versos, teatro, na lingua que tanto amou, e a pintar a paisaxe que tanto o inspirou. Sementou futuro, e vós sodes os novos gardadores e gardadoras do tesouro, que xa comezades a sementar tamén.

Préstame dicirvos que sinto coma se Agustín me estivese murmurando ao oído: “Non te esquezas de felicitar aos gañadores e gañadoras do concurso e, sobre todo, de animar aos que participaron a que continúen a facelo. Si, Agustín volve estar aquí hoxe, onde hai unha Feira Festa enorme que non esquece premiar a quen fai do uso da palabra a mellor arma contra a violencia.

Parabéns a todas e a todos os premiados.

Que continúe a festa!



Fotografía Foto Suso

# XABIER P. DOCAMPO, SEMPRE ENTRE NÓS

O 26 do San Xoán do ano pasado deixounos Xabier P. Docampo, un dos nosos escritores máis significativo, un home bo e xeneroso, que foi sempre ánimo e alento para o Festival de Pardiñas e parra Xermolos e a Irmandade Manuel María. Foi pregoeiro e participaba en moitas das nosas actividades. Segue con nós, en Pardiñas e na Terra Chá o seu berce, coma demostramos con esta “Árbore dos contos e dos soños” que segue medrando no Paseo dos Soños”, obra de Valdi, plantada ao pé do Rañego o 24 de outubro do 2009.

*Comenta no seu blog Manuel Bragado Rodríguez o 25 de outubro de 2009 sobre a fotografía:*

*“Esta foto tirada onte en Villaba constitúe un orgullo para a nosa Literatura Infantil e Xuvenil contemporánea: os catro premios nacionais Agustín Fernández Paz, Xabier DoCampo, Fina Casalderrey e Paco Martín”*



## XABIER P. DOCAMPO, sempre entre nós

palabras de Xabier Senín na inauguración da última Feira do Libro en A Coruña

Queridas persoas amantes dos libros.

Ninguén dos que aquí estamos podemos deixar de ter presente o amigo que nos acaba de deixar. Pensar en Xabier, en Paco Docampo, é pensar sobre todo, na literatura, nos libros. Ben sei que Xabier abrangueu moitas facetas das que se amosaba orgulloso. Traballou como profesor e axudou a poñer en marcha con grande esforzo persoal o programa pionero “Preescolar na casa”; fixo cine, traballou na radio, no teatro..., pero practicamente todas estas actividades tiñan relación cos libros e a lectura. Non hai moito participaba no “Galicia por diante” da Radio Galega

cun espazo de libros no que recomendaba e animaba a ler cada semana un dos moitos que a el lle gustaban. Poñía verdadeira paixón nos seus comentarios e, xaora, convencía as persoas que estaban escoitando para ler ou reler o libro que Xabier escollera para falar ese día.

Pero comecemos polo primeiro. Xabier non naceu en casa de moitos libros, máis ben escaseaban, pero a súa casa non era allea á literatura porque seu



pai, muiñeiro, contaba os contos coma ninguén, e outro tanto cómpre dicir do padriño, zapateiro, que xuntaba arredor da súa banca veciños desexosos de escoitar as súas historias. Nun e noutro lugar Xabier mamou o gusto polas historias ben contadas, aprendeu inconscientemente a difícil técnica do relato oral que os seus mestres tan ben dominaban. Escoitar a seu pai era unha verdadeira regalía, e aquel rapaz quedou para sempre prendido nas súas palabras.



Así foi como comezou a recoller palabras coma quen seitura. De seu pai gardou as relacionadas co muiño no que traballaba: a canle, as moas, a moxeda, o eixe, o rodezno, o aliviadoiro... Un día fíxonos entrar a uns cantos amigos nun muiño vello abandonado para explicarnos os elementos e a función de cada un deles. As súas palabras conseguiron revivir aquel lugar: os cheiros, os ruídos e mesmo semellaba que a fariña se nos metía pola camisa. Ao remate, mesmo nos obrigou a baixar a todos ao lugar por onde saía a auga despois de facer o seu traballo e que el chamaba o inferno.

Tamén colleu palabras de Tomás, o seu padriño zapateiro, que lle aprendeu o oficio e “o orgullo das cousas ben feitas e rematadas”: a subela, a bigornia, o pau do burro, o sacabocados, as tenaces, a coitela, a solución, a banquilla, que el chamaba banca... Sabía ben cousas do oficio: preparar os cabos para coser, acomodar as formas para asentir as peles..., e gabábase de saber solar uns zapatos se dispoñía da ferramenta axeitada. Eu non dubido de que o conseguise. No taller do seu padriño, co mandil posto, entre cosido e cosido, o zapato ben agarrado á perna co tirapé, escoitou algúns dos contos que lembraría durante moito tempo.

Esta experiencia halle servir, pasados os anos, para contar as mesmas historias, sucedidos, relatos, moitos dos cales explican a vida, a historia, o tempo. Foi, sen dúbida, un dos mellores narradores orais deste país que percorreu do Miño a Ortegal. Pero non queda só en Galicia, conta no norte de Portugal ata Porto. Chega a Lisboa, e aínda máis abaixo, a última vez co seu amigo Vergílio Vieira. Faise asiduo aos encontros de Verines en Asturias; chega a Madrid, a Guadalajara e a Esporles, fermosa vila da Serra da Tramuntana mallorquina, por citar só algúns dos lugares nos que puideron gozar dos seus relatos.

Seguindo a ruta de moitos dos nosos paisanos, atravesa o Atlántico e vai contar á Feira do libro de Bos Aires, asiste á Feira da Habana e á de Guadalajara en México, visita Valparaíso, sempre contando historias fantásticas, relatos do mundo real, sucedidos que engaiolan e que fan abrir os ollos a rapaces e maiores. Pero non só foi contar contos, senón que explicou todo o que sabía da literatura popular, da literatura oral que está na cerna do seu traballo. Con palabras de Alan Poe, foi quen de “engaiolar a alma co artificio da palabra”.

E accede á literatura escrita, a que se deu en chamar culta. Acompaña a súa nai mentres traballa de costureira. Diante da máquina de coser Alfa, pasou algúns dos momentos máis felices da súa vida. Muller traballadora que chegara unicamente aos estudos primarios, pero con gran sensibilidade pola boa literatura, recitáballe de memoria o Cántico espiritual de San Juan de la Cruz, que sabía enteiro. E así foi como meteu no corpo e na alma daquel cativo o amor á literatura. El ficaba engaiolado pola súa voz. De por parte, Paco, que xa sabía ler, líalle algúns dos poucos libros que andaban pola casa, entre eles varias vidas de santos, ou Ben-Hur, pero sobre

todo A illa do tesouro, á que lle faltaban a capa e as catro primeiras páxinas. Leu aquel libro unha e outra vez. A ela gustáballe escoitalo sabedora de que o cativo estaba sentindo pracer na lectura.

Da nai tamén foi gardando as palabras que tiñan que ver co seu oficio de costureira: enfiar, ganduxar, nobelo, pespunto...

E así, aos poucos, foi collendo o gusto polos libros, e converteuse nun lector empedernido. “Daquela o que a min máis me gustaba eran os contos, as historias: contalas, escoitalas e lelas”, confesa el mesmo n’ O armario novo de Rubén.



E de tanto inventar e ler historias, un día deu o salto á escrita. Sendo ben novo, con once anos, comezou a inventar, a escribir historias polas noites que ao outro día lles lía aos seus amigos Paco e Rafael. E vén o momento en que se sente con folgos para imitar os grandes autores que estimaba. Primeiro publica O misterio das badaladas e dous ou tres libros máis de aventuras. A partir do ano 1986 non deixa de escribir pensando nas rapazas e nos rapaces. Libros para todas as idades: De cores e amores, para os máis cativos; Bolboretas, unha das mellores descrições do primeiro bico que se poden ler. E cando remataba cada libro, sometíase a un control sen o cal a obra nunca vía a luz: dáballo a ler a María Jesús e agardaba, paciente pero inqueda, pola súa opinión. Só despois, e non antes, facíallo chegar a outra xente, amiga: Chus Fernández, Isabel...

A Xabier gustábanlle os libros ilustrados. Entendía que ilustrador e escritor eran parte indisoluble nunha obra de arte. E escolleu como parella artística -así dicía el-, a Xosé Cobas, e entre os dous fixeron nacer moitas historias que traballaron durante longas horas ata que un e outro quedaban satisfeitos. Día tras día, á noitiña, como tamén con Agustín, falaban por teléfono, poñíanse ao tanto da marcha do país e facían proxectos, mesmo unha revista. Os dous estaban convencidos de que a ilustración non é algo exclusivo da literatura infantil. Por iso nace O libro das viaxes imaxinarias, esa xoia da edición galega na que a plástica se conxuga coa boa literatura para dar lugar a unha obra artística de primeiro nivel.

Chegaron os recoñecementos ao máis alto nivel, o máis significativo, o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil a mediados dos 90 por Cando petan na porta pola noite. E segue a remoer as palabras para dar nacemento a novas historias. Non hai moito, n’ A illa de todas as illas, homenaxea a literatura de aventuras facendo confluír varias historias clásicas para contarnos una nova. Como el mesmo dixo ao presentalo, “é un libro de libros, un libro que nos comunica con outros libros. O tema é a lectura, os libros e a paixón de ler.”

E un día, non hai moitos anos, propuxéronlle ler o pregón da Feira do Libro de Rábade, a vila onde naceu. Alí regaláronlle un libro de fotos antigas e reparou no retrato dunha rapaza que vestía un abrigo de astracán. Faláronlle da historia daquela moza e, pouco e pouco, foi facendo dentro del unha nova novela que ía escribindo aos poucos nun caderno presidido pola famosa imaxe da rapaza. O Docampo levou canda el aquel caderno por medio mundo. Nel trazou ma-

pas, deseñou casas, recreou espazos públicos e privados e foi facendo súa aquela historia que traballou co coidado dun ourive das palabras. Esta súa derradeira obra tráeme á memoria o que escribiu hai anos n' O país durminte: "... gústame pensar que por cada libro que escribo existe alguén a quen lle gusta lelo..."

Hai cinco anos, o 12 de marzo de 2013, escribiu no seu blog sobre Noelia, unha cativa que se dirixiu a el para dicirlle que lle gustara moito o conto que lles lera. Sentiuse conmovido "ata onde o seu corazón resiste", e prosegue: "Teríades que ver como me estaba a ollar Noelia cando dixo isto... Alí, nos seus ollos, estaba a rebentar un foguete de lucería. Vin algo que hai moito que non vía: a ollada das verdades da alma, esa pola que se pode penetrar no corazón limpo e fermoso dunha nena que garda nel toda a inocencia do universo. Só escribir, crear novas historias anxeio. Nin éxito literario nin premios nin recoñecementos públicos andei nunca a procurar... Mais se esas cousas arelase nalgún momento da vida, todas, todas as trocaría agora polas palabras de Noelia. Para escoitar cousas así é polo que me paga a pena facer o que fago e seguir desexando escribir un conto máis. (Blog 12 de marzo de 2013)

Xabier tiña en moi alta estima a amizade e gustáballe xuntarse cos amigos: fixo o camiño de Santiago cun grupo de profesionais da escritura e a ilustración, varias excursións a Portugal, outra ás Médulas. Escuso dicir que esas noites, antes de ir para a cama, era o centro da xuntanza, e poñíase a contar contos ata ben entrada a madrugada. Aquel ano de 2009, nunha casa rural de Sober, a noite comezou coma todas as anteriores, pero aquel día non habería parola. Ergueuse, fíxose o silencio e anunciou que aquel non sería un serán de contos, pois cumpría falar de algo moi importante, da supervivencia da nosa lingua. Esa noite déronse os primeiros pasos de Prolingua.

Anímovos a entrar nas librarías como el facía, porque polo medio do amor tamén andan os libros; remexede, mirade as novidades, folleade algunha páxina ao chou. A el gustáballe comentar os libros que lera, intercambiar pareceres sobre lecturas comúns. Nunca lle chegou a preocupar a desaparición do libro de papel, por máis que escoitase os agoiros dunha morte inminente. Poida que o mundo en que estamos nos traia mudanzas. Xa asegurou Paco Martín que se cadra temos que pensar en ampliar o concepto de libro que temos hoxe e ir abrindo os ollos da nosa visión futura para seguir amando os libros doutras maneiras.

Quero rematar cunhas palabras de Xabier sobre a nosa a lingua que pronunciou no pregón da feira do libro de Lugo: "Do noso idioma tiramos a esencia de nós, pero se desaparece, tamén desaparecemos nós e xa nunca máis seremos o que somos. Queremos defender esta nosa lingua, non queremos ofender a ninguén, pero tampouco queremos ser incapaces de defender o que é noso."



# A CANCIÓN, A PALABRA EN MÚSICA

## O PREGÓN DO XL FESTIVAL DE PARDIÑAS

O pregón do XL festival tamén vai ser cantado por representantes da nosa música, sobre todo cantoras e cantores, presentados por Mero.

Elas e eles son: María Manuela, Pilocho, Quintas Canella e Miro Casabella.

### BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO, MERO

Nacín en Vilalba da Terra Chá de Lugo un 27 de xuño de 1951 no seo dunha familia numerosa. Estudo despois en Lugo e fago Maxisterio para, logo, impartir docencia no rural, por escolas e colexios da provincia (Vilariño do Buriz; Rábade, Antas de Ulla, San Martiño de Monte de Meda no Picato) e despois vou definitivo para Olas-Mesía (A Coruña) a unha escola unitaria que será concentrada no Colexio de Xanceda, no que exercín, despois de case corenta anos, ata a prexubilación no ano 2011.

Foi da miña profesión da que vivín e, no meu vagar, gusto cantar e musicar versos, compoñer cantigas e participar en eventos e monografías musicais de autores galegos. Fun membro iniciador de Fuxan os Ventos e despois do grupo A Quenlla, con eles gravei máis dunha trintena de Cds. Levo moitos anos recollendo Cultura Tradicional e facendo un arquivo sonoro para o País, doado hoxe ao Museo do Pobo Galego.

Así foi o primeiro arranque para o nacemento dun Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade, APOI, arquivo sonoro desa Cultura Popular recollida –neste caso– desde os meus destinos e, nalgúns casos, polo meu alumnado ao longo de corenta anos, participado tamén, xa digo, coa aportación doutras recollas de compañeiros. Dese traballo vén o Pedrón de Ouro concedido no ano 2009. Moitas desas pezas, das compilacións, tamén foron gravadas e devolvéronse ao patrimonio musical e oral, ao común da xente, verdadeiros donos deses tesouros.

Levo desenvolvidas obras escénicas musicais e de colaboracións teatrais (con Galicia Canta ao Neno, ou con Volta e Dálle: Pan e Menciñeiros, feiras medievas e tradicionais exercendo de cantores de coplas de cego), visuais e musicais (sobre a Memoria Histórica, sobre o Nacionalismo, sobre a Poesía de Postguerra, dos Silenciados/as, dos Fuxidos e Escapados, dos Señores/as da Palabra, etc.) de aí o Premio Galiza Mártir, da Fundación Alexandre Bóveda no ano 2012.

Conto con colaboracións feitas con outros grupos e formacións, iniciativas culturais de toda índole. Mesmo recóllome a escribir artigos e colaboracións en xornais e revistas (Galicia Digital, A Peneira, Eixo Atlántico, Xistral, Galicia Hoxe, Revista Irimia, A Nova Peneira, Novas de Turonio, Redes Escarlata...) e relatos, historias e contos, lendas en libros (Somos lenda viva, Contos de vellos para nenos da Editorial Citania, estudos sobre algún aspecto da música tradicional, en concreto dos Cantos, Coplas e Romances de cego dos que van publi-



cados dous volumes con documentación gráfica, escrita e sonora dos mesmos cantos e informacións de procedencia, da Editorial Ophiusa, polos que recibimos o Premio Once-Galegos da Solidariedade. Tamén son co-autor dun estudo da música galega do Nadal Galego, libro e gravacións, mesmo técnicas de recolla aos informantes, ou propostas didácticas “A carón da escola” editadas por Ophiusa. Fixen algunha tradución de libros ao galego (Ai, que medo, de Ricardo Alcántara, da editorial Rodeira) e colaborei co-autor en libros de textos de EDB e Rodeira, en Sociais, Coñecemento do Medio e mesmo Lingua e Literatura Galegas para distintos cursos de Primaria e Secundaria durante tres ciclos de lexislacións cambiantes. Fixen e fago letras de cantigas e de monografías ao redor de temas de actualidade, así como músicas de poemas doutros ou propios, para traballos didácticos da canción popular ou nos ámbitos da docencia (Xogando coa Música, de Sotelo Blanco).

Charlas ao redor da Música Galega e ponencias ou palestras da Cultura Tradicional, cantos de cego, cantos de Nadal, copleiro popular, ...en moitos encontros celebrados en Galiza e, no exterior, en Barcelona, Cuba na Feira do Libro, Universidade de São Paulo, na Universidade de Varsovia, en Andorra, na Universidade de Cáceres e Salamanca. Así como tamén a deriva aos cantos de autor e as modalidades expresivas de autores galegos.

Colaborei na “Rosaliana”, ópera galega sobre supostos sucesos referidos a Rosalía de Castro, con máis de corenta pezas de creación musical e vocal, para dar expresión a unha interpretación galega sobre a poeta por excelencia e o suposto desenvolvemento de vivencias con Murguía, Pondal, Curros, Gaiteiro de Penalta, Aurelio Aguirre e outros coetáneos, a partir da súa estadía en Madrid e das mortes de Carral.

Gústanme moito as descrições das persoas da contorna e da lembranza cotiá. Para o meu pracer fago eses relatos da xeografía humana e escribo versos, tamén, sobre todo, para consumo propio. Recibín premios por algúns deles do meu entorno nativo en Paradela, Viveiro, Vilalba e en Begonte, con varios premios estatais de Poesía do Nadal. Son tamén responsable de tres libros de poesía, un, o primeiro, Na Lonxitude do Tempo como consecuencia dun premio de poesía en Viveiro, “O premio de poesía Antonio Prados Ledesma” na súa 3ª edición e no ano 2002 e que despois publicou Espiral Maior. Tamén na Colección “Foulas do Rañego”, no 2005 saíu Recendos de Luz e Sombra, e no 2011 No papel que mudo escoita con ilustracións de Sabela Arias e tamén na Colección das Foulas do Rañego editado pola Irmandade Manuel María da Terra Chá.

Mesmo neste Festivalnos lotes de libros do Certame Terra Chá van encartados os seus últimos libros: No perfil das verbas e no Baleiro dunha soidade

## MARÍA MANUELA

Esta creadora participou no primeiro festival de Pardiñas, e vive case toda a súa vida en Ferrolterra (1948). Xa no 1974, grava cancións coma «Pedro Chosco» e «Ana Mariña», e xa no 75 agasallounos co primeiro disco de longa duración: Cantigas ao meu xeito. Dende que se casou con Miguel Tranquilo (1968) forma duo con él, e gravaron seis discos, dous no 1977: Idioma meu e Panxoliñas, e xa no 1979: Cantigas para nenos e neneiros. En 1982: Ergueremo-la esperanza. En 1989 colaboró con la obra A mulata Coromoto en homenaxe a Celso Emilio Ferreiro,



e xa despois: Barco na alba e I mos cantar xuntos, álbum infantil. Despois de finar Miguel (1998) segue a súa traxectoria en solitario dedicandolle Para Miguel, e coma Uxia Senlle ou Xurxo Souto colabora con Burla Negra contra a desfeita do Prestixe.

O seu grupo acompañante consta de siete músicos: Paco Barreiro (guitarra), Xurxo Varela (viola da gamba e guitarra), Ma Pablo Pérez o Simón García (contrabaixo). Dopico (guitarra, mandolina e voz) e Pepe do Pico (zanfona e percusión), Roberto Grandal (acordeón).

Discos:

En solitario

1974: Pedrochosco / Ana Mariña (sencillo).

1975: Cántigas ao meu xeito (LP, Polydor).

1977: Idioma meu (LP, Zafiro).

1977: Cántigas para nenos e neneiros (LP, Zafiro).

1979: María Manuela (recopilación).

1999: Para Miguel (CD, Boa Music).

En el dúo Manuela e Miguel

1982: Erguerémo-a esperanza (LP, Ruada).

1990: I mos cantar xuntos (Xerais).

1991: Barco na alba (LP, Sons Galiza).

Colaboracions e traballos colectivos

1977: Panxoliñas nas voces María Manuela e Xoán Rubia, con Xoán Rubia (1947-).7

1989: Homenaxe a Celso Emilio.

2012: O meu primeiro Celso Emilio.89

2013: A miña primeira Rosalía.1011

## PILOCHA

Aínda que naceu en Vigo, vive en Lugo. Dende os 70 desenvolve unha grande actividade musical en varios grupos, algúns xa desaparecidos: “De catro a catro” ou “Roi Xordo”, así coma do “Movemento Popular da Canción Galega”, igoal ca Pepe Quintas que tamén nos acompaña neste pregón, o que foi o eixe imprescindible na transición entre “Voces Ceibes” e a música de hoxe: foi o intre no que debatía a relación da nosa música tradicional e os instrumentos eléctricos, percusións e baterías

O primeiro disco chamouse “Piloche” en 1978 con cancións coma “O sancristán de Coimbra” ou “Alecrín”, ao tempo que co Grupo Universitario de Cámara de Compostela gravou as cancións de Martín Códax e Alfonso X. Despois de vivir un tempo en Andalucía, volta e é convidada a gravar con “Milladoiro” no disco “Gallaecia Fulget” (1995).

Colabora no disco “Calamidá sentimental” (1998). con “Milladoiro”, Laura Quintillán, Quico Paz Antón do grupo “Na lúa”, Anxo Pintos de “Berrogüeto” e “Leilía”. Agora traballa co Teatro do Atlántico. Está a traballar na iniciativa: disco e colaboracións con todas as artes “Memoria do 36”





Pregoeiro da XVI Mostra de Instrumentos de Música Tradicional. Con Miro Casabella podemos celebrar a historia da nosa música dende hai décadas e segue a ser pioneiro nesta arte. O ano 2008 celebrábase os 40 anos de Voces Ceibes (1968-1975), no Teatro Rosalía de Castro de A Coruña, alí estaba Miro xunto con Raimon, e na nosa memoria aquel acontecemento do 1968. ¡En cantas vegadas nos lembrou Manuel María, aquel concerto de 1967, de presentación en Compostela de Raimon!

Só dende Xermolos puidemos seguir as distintas etapas da traxectoria de Miro... No 4º Festival de Pardiñas (1983), actuou nunha tarde maxica de canción de autor, compartindo escenario con Fuxan os Ventos, no que interviña Mero, e cun grupo no que ía a participar coma creador durante varios anos, Doa,,,

Despois estaría con nós en momentos puntuais: un concerto de Burla Negra, de denuncia do Prestige., e todos os anos en celebracións coma o recital de poesía cantada, a carón do Miño, na celebración: “Memoria da Chaira enteira”, no cabodano de Manuel María.

Naquel concerto de memoria da loita a prol da democracia e contra a ditadura, sentimos a mesma frescura e viveza na voz e na palabra do cantautor... Miro segue aquí con toda a súa forza e emoción, sen escurecerse a enerxía da súa arte e do seu compromiso. Con esa ferverza de rexistros que fai tocar todas as fibras do corazón. Nestes anos seguíu mantendo aceso o espírito do pobo coa mesma paixón, sen sombras nin fases...

É esa sinceridade, a que lle permite cantar con tal transparencia, que non deixa lugar á indiferencia. Estamos a escoitar a voz do mesmo pobo, do verdadeiro, da Galiza que segue a sufrir o asoballamento na súa carne e espírito.

No seu repertorio hai canción propia, como “Romance de Castrelo de Miño”, “Soia”, “No desterro”, e moitas outras, pero tamén das e dos nosos poetas..., que atoparon nel o mellor altofalante das súas esencia líricas.

A súa dedicación á poesía cantada é unha achega extraordinaria á nosa literatura, pois puxo voz e emoción a todo o seu percorrido, dende os cancioneros medievais: Don Dinís, Airas Nunes, Alfonso X, o Martín Códax, os romances “de amor”, de don Gaiferos de Mormaltán, de dona Eusenda”, das tres comadres”, ata o Rexurdimento: Rosalía e Curros, ou as distintas xetacións do XX, coma Ramón Cabanillas, Pimentel, Celso Emilio Ferreiro, Manuel María, Uxío Novoneira, García Bodaño, Bernardino Graña, Marica Campo, etc.

Miro Casabella (Ferreira do Valadouro, Lugo, 1946), actuou por toda Galicia, Euskadi, Catalunya, Madrid, Valéncia, Alemaña, Francia, Bélxica, EE.UU., Canadá... Miro é un xenio da música, polo dominio dos instrumentos como a guitarra, zanfona, cítara, gaita ou harpa; ata o prodixio das interpretacións de todo xénero de melodías, dende a balada ata o blues, É esta virtuosidade a que o converte nun creador sempre fresco, nas distintas etapas da creación e da cultura do noso pobo, nas que foi punta de lanza na música e na arte, en xeral.

O seu compañeiro de Voces Ceibes, Vicente Araguas, ten dito: “Dos anos de Voces Ceibes, tan fermosos que doen e laian, recordo con predilección o canto cheo de rexistros, timbrado como un río insurxente, de Miro Casabella, artista altivo, inspiración sabia, que ía e viña da balada ao folc con tempo para a canción belixerante xunguida ao carro popular.... Neto dun cego, cantante comprometido nos anos baldeiros, músico folc no grupo Doa cando a



fusión era aínda entelequia, utopía, bagatela. Miro das metamorfoses...

Dentro do movemento “Voces Ceibes”, no 1968, dá a coñecer o primeiro disco: “Miro canta as súas cancións”: “Ti, Galiza”, “Soa”, “No desterro”, “O labrego”... No que revela a orixinalidade en cancións de autor, que transmiten os anxeos do país. No 1969: “Miro canta Cantigas de Escarnho e de Mal Dizer”, no que manifesta a maestría interpretando a nosa literatura medieval. No 1972, en “Coma os vellos troveiros”, coñecemos unha das obras que máis ía soar: “O meu país”. No 1977, deu a coñecer “Ti, Galiza” (LP, Ariola, Serie Pauta). Un ano despois na mesma productora: “Treboada” (LP, Ariola, serie Pauta, 1978). Xa co Grupo Doa: “O son da estrela escura”. Grávase en Madrid en 1979. Clave Records. E no 2004; Orvallo (Picap).

Doa, foi a primeira formación folk instrumental de Galicia, á que Miro achegaría a súa voz, a zanfona e a cítola. Xunto a innovación instrumental, o canto de Miro, foi unha das marcas significativas do novo disco.


A súa colaboración con DOA, que participou no IV Festival de Pardiñas, foi transcendental para a interpretación e a investigación da nosa música. Foi un grupo que se dedicou a afondar nos rexistros infinitos desta arte: dende o jazz, ata a música clásica... A experiencia de Miro foi fundante para Doa. No primeiro disco: “O son da estrela escura” (1979), volve aos romances, aos que nos tiña embargados, nun tempo no que a música era o salouco da alma, magoada por tanta represión. Naquel momento colaboraban músicos, que foron mestres nesta arte. M. Canadá que actuou en Pardiñas con Milladoiro, ou Luciano Pérez, gaiteiro e constructor de instrumentos, sempre presente na Mostra de Instrumentos, mesmo coma pegoiro en dúas edicións. Nunha xira por Estados Unidos e Canadá: Miro, Luciano Pérez, Xoán Piñón e Carlos Castro, que tamén faría unha alongada viaxe instrumental con grupos coma Fuxan os Ventos, Saraibas, etc.

Miro volvería despois a música en solitario, e tamén a longas tempadas de creación, sen subir ás palestras.

## XOSÉ QUINTAS CANELLA

Na foto histórica da seguinte páxina, do arquivo de Xoan Piñón, os compoñentes do Grupo Malvís (1978) debatindo sobre o mundo musical. O último da dereita, Xosé Quintas, que estaba a preparar a súa composición “Porque no mundo menguou a verdade” (1978)..., xa naquel momento preto de Miro Casabella, e no medio deles Xoan Piñón, con outros membros de Doa que ían gravar “O son da estrela escura” (1979).

Voces Ceibes, arredor do 68, foron a voz e a palabra contra a ditadura, como estamos a ver na traxectoria de Miro Casabella, cando Xosé Quintas Canella xa estaba a crear música dende as cantigas dos cancioneros medievais, e a música popular, en xeral. e vai dandonos a coñecer a Mendiño, Don Denis, Fernandes de Torneol, Pero da Ponte, Airas Nunes... Quintas estivo acompañado nas súas composicións por Eloi Vázquez (zanfoña, guitarra acústica, etc. e tamén o acompañamento de Anxel Barbadillo e Anxel Salgado, aló polo 1.975. Participou no Movemento Popular da Canción Galega (1974), que convocaron o macrofestival organizado no Pavillón do Obradoiro de Compostela algunha Só imos citar algunha das cancións musicadas por Xosé Quintas, sobre versos de autores medievais coma “Vi eu, mia madre, andar”, “Sedíame eu na ermida de San Simón”, sen esquecer as composicións sobre letras propias coma “O rei García”, “A miña amiga”... (Letra e música: Quintas Canella).





Quintas participa en actividades de Xermolos e da Irmandade Manuel María, ao longo de todo o ano, e imos referir estas palabras súas no **PREGÓN DA XIX MOSTRA DE INSTRUMENTOS**:

“Se a nosa terra ten de seu unha maneira propia de dicir as cousas, é porque ten un xeito distinto de sentir as emocións e, polo tanto, precisa palabras únicas e diferentes para poder expresalas, como no caso da morriña, a saudade, a retranca e tantas e tantas outras que nos

singularizan, que enmarcan o noso carácter e definen a nosa identidade... Pola razón que sexa, Galiza ten harmonías, cadencias e sensacións de seu, que son propias e ademais exclusivas, e que tan ben se acomodan ós nosos instrumentos, coma a gaita e a zanfona e os pandeiros, e tantos e tantos outros, propios e alleos, que teñen tamén o denominador común dun xeito peculiar e diferente de ser tocados e harmonizados. E nestes tempos perigosos da globalización, o mellor que lle podemos ofrecer ó mundo é a nosa singularidade, factor de identidade e principio único con atractivo e excelencia que nos relacione e vincule coa universalidade. Porque non nos equivoquemos, o universal son as cousas próximas, as do rueiro, sen paredes, cancelas nin balados. E sen complexos. E vovos dicir outra cousa, se perdemos a nosa singularidade que vai ser da nosa identidade. E sen identidade que vai ser de nós, un país moribundo habitado polos que non serían máis que comunitarios autónomos do noroeste.

En relación con todo isto que vos digo, hai anos, moitos por suposto, principiaba as miñas actuacións coa lectura duns versos: Na Fala dos Meus”..

### **PARA O PREGÓN de cantoras e cantores EN PARDIÑAS, ANO 2019.**

Alguén le esta alegoría de cantores: Cantoras e cantores somos; relatamos tempos dunha historia que se fai en cada verso, medido por saloucos.

Pregoamos a esperanza do porvir, cheo de anceios, evocando a semente que nos deixaron antes, aqueles que nos precederon e que un día xermolou e fíxose palabra en voz, semente.

Así é a palabra en música, a canción. Imos pola vida poñendo voz aos que non falan, aos que non deixan falar, aos que calan, aos que nada esperan nin agardan.

E tecemos poemas cabalgando melodías co noso canto, con cada verso, facendo bulir os sentimentos, compartindo a dor, modulando os laios entre os latexos. Neste xeito sublime que abonda a condición da verba, cos alentos, entre bicos de tenruras, entre bágoas e desesperados berros, polo medio das ondas que navegan harmonías, vibrantes notas e silencios, recantos dunha ansia que pendura no perfil perfecto dunha flor, coa súa cor, co recendo.

Cantoras e cantores somos, levamos ancorado alá no fondo das entrañas, no tramado corazón, ese xeito de narrar e o noso inconformismo, a nosa loita ferida no aquén do noso amor, cando se envolve cos namoros que estremecen licuando as olladas namoradas, nesa loucura e paixón.

Alí estará sempre, tédeo sempre presente, unha cantora, un cantor para debuxar no aire, cos seus trinos a media voz, unha estrela, un desexo, unha sede compartida en auga fresca que se materialice nun forte brado e clamor.

Cantoras e cantores somos, relatamos tempos dunha historia antiga que chama á danza, coa denuncia, co amor, coa dor, ...entre harmonías, sons que xorden de alá do fondo do corpo, da alma, das nosas ansias líricas, ... farán nacer unha canción. (MERO).

Empezaría MARÍA MANUELA e, faríao cantando, antes de ler, un anaco de “Habemos de ir a Viana” cos acordes de Manolo Dopico na guitarra... e despois de cantar ese anaco, le este breve texto:

...CORENTA ANOS NOS MIRAN, DESDE AQUEL PRIMEIRO “PARDIÑAS”, eu estaba alí, naquel

primeiro xermolo impreciso deste Festival, daquelas aínda ousado e atrevido que non podía imaxinar “este Pardiñas de hoxe” no que estamos. Puf, ...se miramos para atrás...

Pero non, o máis importante que debemos saber é que hoxe ata aquí chegamos. Chegamos polos esforzo de moita xente. De moitos que xa navegan mares da nostalgia. Moitos amigos e compañeiros de loita. Foron os que nos aforteceron e pasaron por estes eidos de alento, Díaz Castro, Manuel María, Anisia, Fiz Vergara, Pepe Neira, Avelino Pousa Antelo, Agustín Fernández Paz, Xabier P. Docampo, ...Moita xente nosa que fixo semente de porvir. Hoxe, tamén nos acompañan moitos “dos de sempre” dos que se doen con nós, nas nosas mesmas dores e que rin tamén con nós nas nosas ledicias, dos que veñen sempre a carón e poñen a súa presenza e a súa arte ao noso servizo, ao servizo desta -causa común que é Pardiñas. E moita outra xente, que tamén traballa aquí e normalmente non vemos. Están por detrás dos escenarios, están na sombra. Xentes de todo tipo, de todas as idades, de calquera aspecto e de toda condición. Traballan na causa común dun Festival que é máis ca un festival calquera. Traballan para unha causa sublime, a causa da Nosa Cultura. Traballan na Nosa Dignidade, sen esquecer outras moitas dignidades e dereitos humanos, dos que nos fan ser solidarios cos que resisten e loitan, sobre todo con toda aquela xente minorizada e oprimida, que sempre agardan por nós.

MIRO interrompe a María Manuela cando acaba o seu texto e canta un anaco de “O MEU PAÍS” ou o que queira. E le o texto que crea conveniente:

...Así é María Manuela, así van sucedendo as cousas. Eu podo mesmo falar daqueles tempos primeiros de Voces Ceibes, na noite dos tempos, daquela xente universitaria que quería tecer soños e loitou coa voz e coa palabra. Aquelas primeiras veces en que se sentía a Serrat, Llach, Sisa, María del Mar Bonet, Raimon, Pi de la Serra, Guillermina Motta, Ribalta, Aute, Paco Ibañez, Pablo Guerrero, Luis Pastor, Labordeta, ... e os nosos: Benedito, Guillermo, Xerardo, Vicente, Xabier, Suso e Bibiano ... Era inevitable berrar “ANIS-TÍA !!! LIBERDADE !!!” anque fose escondendo as palabras no medio do “anís da nosa tía”:

A miña tía Libertá, cando volveu de París,  
trouxo unha chea de cousas e un garrafón de anís.  
E cando me preguntaban: ...meu neno que vas tomar,  
eu sempre lle contestaba “anís, tía Libertá!  
Anís tía Liberta! Anís tía Liberta!  
Quero beber a fartar: anís tía Libertá!

Maiormente, o que se facía era máis de provocación que de afirmación. A actitude xeral era antisistema. Daquelas non se falaba do sistema senón das estruturas. Defendíase o a fala galega, non só polo feito nacional, que tamén, senón por ser “a fala do pobo traballador” e a gaita, a zanfoña, o pandeiro e o resto de instrumentos tradicionais deste colectivo, xustificábase co mesmo dogma argumental que proclamaba a indiscutible conveniencia de usar todos os soportes e trebellos das “camadas populares”. Porque daquela había coma unha idea universal de cambio e transformación. Aquilo que nos movía era algo máis que rebeldía e inconformismo da mocidade, había un fervor xeneralizado de renovación, das persoas e da sociedade. No estado español as accións ocasionais dos individuos foron callando e deron paso a colectivos como a Nova Cançó e aquí a Voces Ceibes, paradigma dos voceiros da contestación activa e dun xeito de canción acumado, con moi pouca fortuna, coma “canción protesta”. Así chegaron os tempos do Kumbaiá e do Venceremos Nós. Pero que traían tamén unha alforxa chea de novas cancións, de novos poemas clarificadores e capaces de transmitir esa conciencia necesaria que nos identificase Nación, levada ao lombo dunha xenerosa mostra de poemas.

Nesta situación eu quero reclamar o espazo merecido para os/as artistas galegas, para músicos e cantoras de auga fresca. Abrídelles paso, son galegos e por exercer nesta Lingua teñen moitos máis problemas para abrir calquera porta. Ben sabedes, non fai falta que vos diga, nós mesmos estivemos poucas veces ou nunca!. Desde as instancias poderosas teiman sempre en traer de fóra e pagar grandes orzamentos, pero dos de aquí, e menos con eses orzamentos, ninguén se acorda e non nos chaman!

Entra QUINTAS CANELLA e quizais cante ou recite algo para, logo, ler directamente:

...Fas ben lembrar, meu amigo Miro. O pasado non debe esquecerse, é un acto de xustiza e de honestidade que dignifica. A nós nunca nos deron as oportunidades debidas e aínda hoxe proclamamos as nosas censuras. Moitas e moitos de nós teceron aqueles soños que hoxe son novos nomes e novos grupos que, á súa vez, tecerán novos soños e abrirán novos horizontes e novos grupos, novas voces. Hoxe aquí, neste festival, tamén é bo denunciar a falta de presenza dos artistas galegos. Precisamente neste festival sabedes ben o que é que miren para outro lado, que non vos apoiem con anuncios grandes de prensa, de televisión, de redes que machacan con cuñas informativas. Tamén sabedes ben que mal senta que non vos beneficien con axudas económicas xenerosas como lles fan a outros...

Cómpre dicir que así é Pardiñas. Un referente de cordialidade e inclusión, de participación, de encontro con nós mesmos, de ledicia aguzada no esforzo e na feliz confluencia da Causa que nos move, esta Matria, esta Terra Cha inmensa que nos habita entre “FERRADOS DE CORAZÓN E FANEGAS DE ALMA” como dixo o Manuel María para definila. Ou, como diría Díaz Castro: Nun mar de terra verde que anega as mañás, ...nun relato da emoción máis necesaria.

Por lembrar e facer memoria. Nos tempos nosos confluían as vontades dos novos tempos, xornalistas e programadores como Antón Luaces de Radio Juventud, Enrique Mariñas, Xerardo Rodríguez e así como o incombustible Nonito Pereira, que tanto fixo pola música en xeral e pola galega en particular, a Emilio Díaz e moitas outras persoas de ben. Nomes de músicos como Bernardo Martínez, Xoan Piñón, Henrique F. Ferreira, Henrique Temes, Xaquín Blanco e Xosé Baldomir. Chegaban golpes de voces, moita xente, con moita vontade de abrir camiños novos:

Chegaron numerosas actuacións que deron pé a que se foran coñecendo a moitos dos que logo serían os meus compañeiros no Movemento Popular da Canción Galega. A memoria é feble polo que resulta inevitable a omisión dos nomes dalgúns dos mozos e mozas cos que compartín escenario como Antón Valcarce, Xurxo Mares, María Manuela, Pilocho Antón Seoane, Rodrigo Romaní, Agustín Maroñas, Faiscas do Xiabre, Emilio Cao, Xosé Manuel González “Ulises”, Ermida, Suso Vaamonde, Fuxan os Ventos, que sei eu ...

Entra PILOCHA abondando nas verbas de Quintas:

...Eu seguirei con máis nomes, meu amigo. Pero antes sabede que eu canto desde aquela noite dos tempos que moitos non lembrades. Colle o micro e canta –a viva voz- un anaco da Canción de Guerra Dacal.

Despois comeza a ler: ...“Tes razón, eran grupos e nomes: ...Xocaloma de Carballo, Saraibas de Ortigueira e Cedeira, Raíces da Terra, Folc Ceibe, Candieira, Os Xogares, A Familia, A Roda, Doa, Mareira, O Carro, Milladoiro desde aquel Movemento Popular da Canción Galega, Benvirá, Xico de Cariño, Roi Xordo, Emilio Cao, Jei Noguero, Suso Vaamonde, O galego exiliado Xulio Formoso, Xabier G. del Valle, Miguel e María Manuela, Xoán Rubia, Luís Emilio Batallán, o dúo María e Xabier, Miguel Enríquez, Amancio Prada e moitos outras e outros. Aparte especial merecida de Xosé Afonso e Luís Cilía, Adolfo Celdrán, Mikel Laboa, Luis Pastor...que veñen facer concertos en Galiza e se suman a Verbas Xeitasas, Fuxindo Cara Dempois en Viveiro, Monchente, Pablo Quintana, Campana de Pau, Brath, Taranis, Semente Nova, Outeiro e os Breogáns, Graciela Pereira, Natalia Lamas (Piano clásico Galego), Dolores Plata, Muxicas, Pallamallada, Faltriqueira, Treixadura, Anxo Rei, Pancho Álvarez e moitos grupos de gaitas e gaiteiros afamados seguindo a senda do Gaitero de Penalta ou do Cachafeira de Soutelo de Montes, veñen Os Campaneiros, Os Alegres, Os Rosales, Emilio Corral, Ricardo Portela, Os Gaiteiríños”, Toxos e Frores, Rei de Viana (con todo o elenco de música e danza, de posta en escena con traxes, luces, ambiente...), Raparigos de Ferrol, Froito Novo de Melide, Airiños Galegos, ...moita xente quedou no esquecemento e tamén entre as ansias de asociacións e iniciativas culturais de todo tipo, musicais, de teatro, baile galego, cuartetos e coros, que partían de asociacións como A Auriense, a dos Cigurros da Rúa de Petín e O Barco, A “Bertón” de Caranza en Ferrol, a asociación que derivou na Mostra de Teatro de Ribadavia, O Galo de Santiago, O Facho, a do Carballiño, Valle Inclán de Lugo, ...milleiros de vontades e iniciativas, deica

hoxe!”.

Entra Mero falando e, xa, para pechar o pregón:

...Son moitos, certamente Pilocho, ...máis dos que actuaran naqueles tempos de censura policial e política, cando en Compostela un domingo, no Pavillón da Santa Isabel, o día 2 de marzo de 1975, nun 1º Festival Folk Galego, festival organizado polo Facho e O Eixo. Ou daqueloutro posterior que se quixo facer en Lugo, nas festas do San Froilán do 75 e no que levaba o nome de Mostra da Canción Galega e participarían Xurxo Mares, Xosé Manoel, Rodrigo Romaní, Antón Seoane, Fuxan os Ventos, Miro e Quintas, tamén Agustín Maroñas. Foi prohibido horas antes, polo Goberno Civil. E quedarán por citar outras moitas persoas: desde as influencias do rock –hoxe hai aquí moitas e novidasas en concerto ou mesa redonda, como fixeron da man de Xurxo Souto. Son centos de grupos novos, aos que hai que dar apoio- e tamén os do jazz, e xa no comezo de século co folk de Mercedes Peón, Carlos Núñez, Xosé Manuel Budiño, A Quenlla, Susana Seivane, Berrogüetto, Cristina Pato, Luar na Lubre, Uxía, etc. Bandas como Lamatumbá, The Homens, Triángulo de Amor Bizarro, Loretta Martin ou Niño e Pistola. Tamén contamos para a nosa Historia musical con solistas de grande categoría dignos de lembranza, Narf ou Silvia Penide e moitos máis. Rapeirantes en galego grazas a Dios Ke Te Crew, Leo de Arremecaghona e o Xesús. Ah, e todas aquelas formacións e persoas que xa non cito por non caer nunha ringleira de nomes novos que me levarían en precipicio de enumeración nunca acabada, ...que saiban perdoar os meus silencios...

Será a “Crónica cantada dos silencios rotos” ou “As voces e cancións de autor”. Somos cantores, no exercicio dunha concienciación e dun alento liberador desde os niveis populares, amosando sempre a nosa oposición ao réxime vixente neste momento, naquel momento, en calquera momento, porque sempre amosan unha nefasta deixadez e ausencia de interese para a palabra e a voz, a música, a danza, o teatro e as artes todas. Sempre apartan dos que discrepamos, dos dereitos humanos máis fundamentais que constantemente reclamamos. Nós os cantores, que non “cantantes” que serían os de obrigados acatamentos, daremos crónica cantada, ceibe e anárquica, que recuperen o dereito á pluralidade sendo arma de avance e futuro, de sinal irrenunciable da nosa identidade, a propia do Noso Pobo.

E –chegado aquí- que eu ben me gardei adrede, debo falar do valedor principal deste encontro: Alfonso Blanco, que ademais de poñer a idea, puxo a sabedoría dunha CULTURA, en letras grandes. Puxo a vontade firme de non se deixar vencer. Os límites poñerémolos nós. El fixo un festival como eido de liberdade, de exposición da Cultura Galega. Sen axudas oficiais e libre de ataduras. Un festival plural e cheo de dignidade, no que non se fabrican tan só espectáculos abraiantes senón tamén as angueiras para nos facer todas e todos protagonistas da honra e do orgullo de ser quen somos. Somos todas e todos, hoxe, de aquí, actores e intérpretes do porvir e das lembranzas, da emoción de sentirnos lonxe das soidades máis soas, das señardades. Estamos no encontro feliz e de confluencia das artes e desta IRMANDADE, celebrando a memoria coas nenas e cos nenos, coa mocidade e os maiores que se senten arroupados na cósmica paisaxe da Nosa irrepertible Terra Cha.

Seguiremos afirmándonos sen medo e coa luz no medio de tanta escuridade, recuperando o sorriso da loita e do esforzo, aínda na dor e na tristura da incompreensión pero sen rendernos ao feliz destino que nos agarda, indo irmáns e donos de nós. Conscientes de sabernos fillas e fillos desta Lingua, destas artes, desta música, desta Patria. Cantemos e bailemos sendo conscientes da nosa sorte e de reconfortarnos na ledicia de ser como somos, de falar como falamos. De ter esta Lingua que nos gratifica e nos embarga na tenrura e na doce sensación de ser donos de nós, posuidores da nosa Casa, protagonistas do noso destino e desta Terra, desta Festa que hoxe nos convoca e dá conciencia colectiva da irmandade que nos xungue tirando do mesmo carro, ...para non caer no esquecemento ou na preguiza, coa razón e a verdade que nos asisten, levando por bandeira a Nosa Dignidade, e cantando xuntos:

Empeza Mero e cantamos todos a canción de “O Carro”, acordes da guitarra de Manuel Dopico.

# O XL DENDE A MOSTRA DE INSTRUMENTOS TRADICIONAIS

Neste XL de Pardiñas traguemos o pregón de Xan Rodríguez Silvar, o do 2018, que cadrando cos 50 anos de Os Raparigos do Ferrol, agasállanos cun eido marabilloso da nosa música, e seguimos facendo historia na 25 Mostra de Instrumentos da Música Tradicional.

**PREGÓN DE PARDIÑAS 2018**  
**XXV Mostra de Instrumentos de Música Tradicional**  
**Feira e Festa da Música e da Arte**  
**por Xan Rodríguez Silvar de RAPARIGOS**

Boa tarde, é unha honra para nós estar hoxe aquí nesta especial edición de Pardiñas no que se fan os 25 anos de Mostra de Instrumentos de Música Tradicional, Feira e Festa da Música e da Arte, unha longa e valiosa traxectoria a prol da cultura galega que lle da máis responsabilidade, se cabe, a este pregón.

Escribindo o texto para o díptico do festival vin, en mil caracteres con espazos, a historia de 50 anos de Raparigos, un resume que non pode dar máis duns fitos biográficos sobre os que agora nos gustaría partillar convosco algunha reflexión que, anuncio, vai levar letra e música, pero por separado.

E para comezar coa música, unha peza, *A ROMERÍA* de Benjamín Fernández Pazos

...

RAPARIGOS somos ferroláns. Hai medio século na cidade bulían varios mundo musicais ao redor da gaita. Os cuartetos ou quintetos que facían as festas parroquiais, a banda de cornetas, e gaitas e percusión da Bazán -unha empresa patriarcal- o grupo de danzas da Sección Feminina, e a banda de gaitas e tambores dos scouts do Grupo 19, na que nos iniciamos non poucos gaiteiros da época.

Tamén estaba Constantino Bellón, dirixindo a banda da Bazán e dando clases particulares. Nunha delas coincidimos en 1967 Carlos Vázquez Cabreira, el cos seus 16 anos, e eu con 14. O conto é que Bellón nos animou a ir ao concurso de Santiago pola Ascensión do 68, ao que tamén foi el con outro alumno, o novo Carlos Icaza, e co seu neto Ángel Muñoz. Ese concurso gañouno Basilio Carril; nós conseguimos experiencia e azos para repetir a experiencia polo San Froilán dese ano, cun fermoso arranxo de Bellón de *Os teus ollos*. Levamos o primeiro premio ante Os Garceiras, Os Montes de Lugo, Os Amigos de Lugo, Primitivo Díaz o gaiteiro de Ribadeo, entre outros grandes da gaita de entón. Todos eles homes



maiores, á nosa ollada de raparigos de 15 a 17 anos. Quedamos tan abraiados que fixemos un desastre na repetición de honra.

Cando tamén gañamos a Ascensión do 69, desatamos un balbordo -coma unha especie de operación triunfo- que nos abriu as portas para tocar en moitas festas e romaxes nos anos seguintes. Quizais aquel intre marcou unha nova etapa, na que fomos dos primeiros rapaces con estudos e algúns medios en sumarnos aos grupos que mantiveran vivo ata entón -dende o seu traballo no campo, en oficios, en empregos, na industria,...- o facho da música de gaita galega.

En lembranza desa etapa imos tocar unha peza, “*O meu Xanciño*” de Don Pío Rodríguez Puga, que teremos tocado tantas veces corredeira adiante.

...

Os concursos foron unha escola de aprendizaxe que nos permitiu aplicar as ensinanzas de Bellón, pero os centos de quilómetros por romaxes, déronos seguridade interpretativa, aprendendo a tocar en toda circunstancia (incluíndo remolque de tractor, cos foguetes aos pes do “funcionario” coa cabicha nos beizos), e a observar á xente, ao pobo xeneroso, que agradecía as pezas con biscoitos e copas de coñac, que esquivábase con vasos de auga do pozo da casa.

Sen ese entendemento da resposta da xente ás pezas do repertorio non teríamos conseguido o son que temos. Lembro ter sentido a sensación de estar a vivir un mundo que trocaba rapidamente.

Esa primeira etapa rematou no 74, último dos Raparigos orixinais debido á marcha por estudos a EEUU de Carlos, que morrería demasiado cedo, aos 41 anos, sendo líder en Gran Bretaña dun grupo de investigación en virus. Aquí podía ter rematado o conto, e xa sería digno de ser contado. Mais o grupo refíxose con membros de Xente Nova, grupo tamén da “factoría Bellón” que acadaran tamén un 2º en Compostela e un 1º en Ponteareas. Son eles Xavier Rodríguez Fariñas, gaita aquí presente, e Rafa Victoria, bombo de vacacións, substituído hoxe por Marcos Gómez Lamas, de Igrexafeita.

Con esa formación continuamos indo a concursos (un 1º, 1977, e un 2º, 1980, en Ponteareas) e tocando nos nacentes Festivais Celtas (Ortigueira 1979, 81, 87; Pontevedra, Castrelos 1979 encetan unha longa lista)

Imos lembrar esa etapa interpretando unha peza montada recentemente, a *Alborada de Ribadeo*, de Francisco Landín.

...

Os 80 foron anos de inquiredanzas e traballo. Participamos no nacemento da Asociación de Gaiteiros, naquelas reunións de Ortigueira e Melide; asistimos ao facer de Antón Corral no seu obradoiro ortegano, con gaitas en tonalidades varias e a fruta barroca en Sol, animounos a pensar en novos vieiros, dentro da formación tradicional.

Así en 1982 entrou no grupo Tonecho, Antón Varela, e feitos quinteto, dende 1983, comezamos a organizar xiras, principalmente por Francia e Gran Bretaña, as primeiras auto organizadas, ás últimas xa a demanda, cando nos fixemos coñecidos no circuíto folkie de Inglaterra, Gales, Cornualles e Escocia. En 1981 gravamos o primeiro vinilo de gaita da Editorial Ruada, GAITEIROS GALEGOS VOLUME I, un innovador selo galego, e non volveríamos a entrar en estudio como grupo ata dez anos despois, con Tempero entre amigos, gravado con Sons Galicia.

Para lembrar eses rexistros de RAPARIGOS e evocar ao San Froilán, imos tocar a foliada que leva ese título. ...



Eses anos 90 foron de moita intensidade: o fenómeno das bandas de gaitas, os grupos folkies,..., convivían con grupos como RAPARIGOS, que mantendo o esquema máis tradicional seguimos estando aí. De feito tivemos a honra, xunto con Milladoiro, de representar a Galicia na Expo do 92.

Os concertos e recitais estendéronse ao resto da Península Ibérica, mais as obrigas profesionais (entre nós había un técnico de Bazán, un profesor de instituto, un médico e un luthier,...) foron espazando as actuacións, que non os ensaios, mantidos cada inverno. O noso compromiso coa gaita mantíñase tamén no xurado do concurso Constantino Bellón (por 20 edicións) ou facendo colaboración con outros grupos, ben coñecida é a traxectoria do Tonecho en Cempés.

Si ben deixamos pouco gravado como Raparigos, estivemos nos rexistros da música do crego ferrolán Xavier Méndez Fanego, Os Salmos pra Nosa Terra coa Polifónica da Bazán en 1973, e A Misa do Pobo de Deus, ambos da Ed.Pax, 1974; Carlos e eu nos dous discos dirixidos polo Padre Feijoo ao Orfeón Terra a Nosa, Cantos de Galicia, 1974. Eu mantiven unha estreita colaboración con Emilio Cao en varios dos seus discos e actuacións, e os actuais Raparigos gravamos no fermoso disco O Eirado de Berros do Castro.

Seguimos agora interesados en tocar e recuperar pezas que está aí, esquecidas á vista de todos, pero que merecen seren escoitadas, como esta singular versión da Pandeirada de Torás feita polo noso admirado Rogelio de Leonardo Bouza.

...

Ninguén sabe do seu camiño cando o enceta. Do que si estamos certos é que a peregrinación milenaria da gaita e as percusións non se podería facer sen músicos, para encher a cabeza ou papeis, nin sen artesáns para facelos soar.

Nós debémolle moito a esa primeira “gaita de Montalbo” que logo soubemos que tiña nome, Represas, e orixe, Pontearreas. Tamén á gaita de Manuel Lago, de Valdoviño, que tocamos nos scouts, e algún na casa. Ás admiradas e fermosas gaitas de Paulino Pérez de Sarria, no seu obradoiro da Deputación de Lugo, que aínda conservamos e tocamos. Aos punteiros de Antón Corral en Re, Do e Si, coa súa afinación poderosa, brillante e doce ao tempo. Ao punteiro en Do do inesquecible Xosé Seivane, feito en Chao de Pousadoiro, Ribeira de Piquín. E por suposto, ás gaitas que soan hoxe aquí, de Tonecho.

Tamén hai que lembrar a percusión. Manuel Fernández, Barranco, fíxonos o noso primeiro e resistente bombo, e Tito Fuentes, un habilidoso amigo scout, o primeiro tambor. Ambos serían logo seguidos por pezas do amigo Somede, pero tamén caixas metálica e de madeira fixeron quilómetros de alboradas. O tambor que hoxe soa é factura de Pablo Carpintero nas mans de Ramón Dopico Graña que encheu co seu ben facer o baleiro da perda en 2009 de Anxel Muñoz.

Escoitémolos soar nesta peza, As mozas de Braíño, de Rogelio de Leonardo Bouza

...

Sen instrumentos calan os músicos, sen música non hai vida que pague a pena.

Por iso desexamos, neste fito dos 25 anos de Mostra de Instrumentos de Música Tradicional, non so continuidade, tamén mellor visibilidade para recoñecer o esforzo de canto artesán estades presentes.

Así para que nos escoiten ben os medios de comunicación e o mundo da cultura, quero meter no paraugas do termo gaitero a todas as xentes que mantendes este festival, berrando ao xeito popular: VIVAN OS GAITEIROS!!

**E o Pregón do Mestre Antón Corral, no 2017.**

O pregoeiro Antón Corral acaeu na Asociación Xermolos porque foi mestre de gaita nas primeiras clases de Xermolos, igoal co seu fillo Carlos. Pero como estamos celebrando o XL Festival, cómpre remarcar a importancia de Antón Corral na nosa música:

Antón Corral (A Coruña, 1936). A súa infancia transcorre en Lugo, onde axiña toma contacto coa música a través do mestre Antonio Sandar. Os seus dotes musicais lévano a ingresar como educando na Banda de Infantería de Santiago de Compostela, alí coñece a Basilio Carril, e fai as súas primeiras incursións na docencia de gaita e perfecciona a técnica de instrumentos como o clarinete, óboe, saxo tenor ou gaita. En 1957 volve para Lugo e continúa co labor de músico na Banda Municipal de Lugo, no grupo Os Modernos, no cuarteto Os Montes e dá clases de gaita en distintas asociacións. En 1959 casa con Isaura e faise viaxante comercial. En 1973 dá un xiro á súa traxectoria adoitando o mester de artesán de gaitas e, ao finar o artesán da Deputación de Lugo, Paulino Pérez, pasa a ocupar ese baleiro xunto a Jesús Pérez. O ambiente pouco motivador fai que se traslade a Ortigueira para fundar unha escola taller de instrumentos tradicionais. Alí crea o seu primeiro grupo didáctico. En 1981, despois de fracasar ese proxecto, regresa a Lugo, e coa colaboración de antigos alumnos e Carlos, o seu fillo, crean o taller “Soutelo de Montes”. Mais a teima da docencia que leva dentro faille aceptar o ofrecemento para converterse no guía da escola de instrumentos tradicionais da Universidade Popular de Vigo. Alí xerárase toda unha estirpe de mestres, músicos e Artesáns. En 2008, trala morte da súa dona, decide instalarse en Tui, onde organiza un novo grupo didáctico e forma ao seu neto Ramón Corral, actual artesán do Obradoiro Antón Corral.



*Antón Corral e Xosé Seivane, pregoeiro da I Mostra*

Prezados amigos, moi bo día!

Primeiramente, gustárame dedicarles o meu agradecemento á Asociación de Gaiteros Galegos por terme convidado a ser o pregoeiro dentro deste festival, no que xa se celebra a vixésimo cuarta Mostra de Instrumentos de Música Tradicional. Unha mostra considerada a máis antiga do país.

É para min un pracer estar hoxe aquí con vós apoiando este acontecemento, que non só serve para dar testemuña de que segue a coidarse a nosa música tradicional e os seus instrumentos, senón que tamén contribúe a que se siga afianzando a súa supervivencia e unha frutífera posteridade.

Dende aquela idea primixenia de festival, que se xestou no colo da Asociación Xermolos, esa semente inicial transformouse nun feito no ano 1980 e foi indo a máis e acadando un cume cultural nestes trinta e sete anos. De certo, polo Festival de Pardiñas teñen paseado a súa arte senlleiros personaxes do mundo da nosa cultura, que abranguen diversas áreas artísticas. Aquí teríanse dado cita grandes intérpretes musicais, artistas plásticos, artesáns da tradición, autores literarios..., tanto da nosa terra como de fóra dela.

E para conseguir reunir, cada ano, a un elenco tan selecto, aí están os organizadores que xunto á Asociación de Gaiteros Galegos, bótanlle doses incalculables de pulo e ilusión para que cada ano agrome aquí en Pardiñas esa querenza pola cultura que nos dà identidade de pobo e a posibilidade de compartila. Oxalá que siga herdándose nos vindeiros

organizadores e membros da Asociación de Gaiteros, esforzo por incrementar o apego ao noso! Pois, sen persoas desta calidade, nas que por riba de todo pesa o amor á conservación e difusión do que nos caracteriza como pobo, o futuro cultural que nos é propio, sen él .baleiraría e mesmo chegaría a esvaecerse e desaparecer. Parece que foi onte cando percorría corredoiras e romarías como gaitero cos Modernos ou cos Montes. Esas músicas, tamén tocadas nesta contorna, acompañaríanme moitos momentos ata o meu destino artesán. Ai encheuse de xeito definitivo a miña vontade. Unha aspiración que derivou, ao pouco tempo, nun desexo constante por transmitir o que aprendera: a través da observación, dos consellos dalgúns amigos construtores de instrumentos e por medio da investigación que eu mesmo efectuaba.

Foi ese constante proceso de aprendizaxe no que os fracasos levaban á corrección de eivas, o que me converteu nun artesán autodidacta. Ese non ter de quen aprender fixo que me proera e se instalara en min a teima pola docencia.

Era necesario transmitir e rachar co peche que ata ese momento tiña recluso en illotes o oficio de artesán. Dende o primeiro día que contei con algún coñecemento, sobre construción de instrumentos tradicionais, sentín a necesidade de compartilo e tamén adoptei a loita por que esa sorte de formación estivese protexida e regrada pola administración e así fose un oficio con futuro para os novos.

Foi un longo camiño de alegrías e decepcións.

De alegrías, cando vía como eses rapaces que acudían ao meu obradoiro ou á escola taller, nos diferentes lugares onde desenvolvín o meu labor, abrían os seus ollos cheos de curiosidade e desexo de aprender. Un deses primeiros alumnos que tiveron foi Sito Carracedo que hoxe ten o seu obradoiro aquí en Pardiñas. Aínda recordo con que interese aprendía comigo a facer palletas, aquel rapaz de espírito inquedo e creativo. E1 foi un dos primeiros que andou ao meu ca-

rón, axudando en todo o que podía, cando montei aquel primeiro taller a primeiros dos anos setenta en Lugo. Gardo con grande cariño aqueles tempos.

De decepcións, cando comprobaba, ao cabo do tempo, que toda aquela efervescencia que se xeraba arredor das escolas taller que se ían organizando e remataban por fracasar debido aos freos e atrancos que supuña non ter o apoio dos que tiñan que ser os encargados de sustentar a nosa cultura.

Pero, despois de tanta loita e de tantas idas e vidas, recalei no porto co ar propicio da Universidade Popular, e aí comezaron as satisfaccións. Cada día os alumnos eran máis. Curso a curso saían numerosos músicos e artesáns, cunha especial sensibilidade, que iría perdurar no tempo xerando outros novos músicos e artesáns, que poboaban a xeografía galega.

Hoxe, esas primeiras expectativas foron resarcidas en todos os aspectos. Durante a miña traxectoria fun atesourando discípulos profesionais. Na miña familia, o meu fillo Carlos adoitou a miña profesión e, durante o tempo que levo en Tui, vou vendo cumpridos máis soños. O máis importante deles é que a terceira xeración continúa co legado musical. E para pórllle un broche de ouro ás miñas aspiracións, o meu neto Ramón, ademais de músico, escolleu o oficio de artesán, o que me enche de orgullo e me emociona cando o escoito formularme preguntas con esa ilusión que ten de bandeira.

Vai ser nesta Mostra de Instrumentos de Música Tradicional, que por primeira vez, expón un sucinto escaparate de todo o labor que se está a desenvolver no Obradoiro Antón Corral de Tui.

Con todo, gustaríame ter, nesta tarde, unha lembranza para dous artesáns moi próximos a min, e que xa non están entre nós. Un deles vén de deixarnos hai pouco. Trátase de Antón Varela, máis coñecido por "Tonecho". O outro é o artesán co que compartín e aprendín, nun intercambio mutuo dentro da grande amizade que nos unía. Falo do inesquecible Xosé Seivane. Estou seguro de que o seu característico halo está presente hoxe aquí.

Para rematar, dicirvos que sodes un pobo especial, que posúe o ímpeto para levar a cabo senlleiras iniciativas de Cultura con maiúscula. Seguid acendendo os vosos soños e non perdades ese pulo para emprender actividades en prol da vida, a favor da cultura.

Gozade deste grande festival de fermoso lema: Feira e Festa da Música e da Arte!

Desta Mostra de Instrumentos de Música Tradicional! E moitas grazas a todos!



**Antón Corral con Xaneco Tubío,  
representante da Asociación de Gaiteiros Galegos**

A nosa relación coa Asociación de Gaiteiros Galegos sempre estivo vencellada a Santiago Caneiro, a Xaneco, a Oli, e moitos outros creadores... Xa somos unha familia, e hoxe sentimos a presenza de Santiago con máis forza, necesitamos do seu alento. E así, recurrimos á súa xenerosidade en varias circunstancias. Agora queremos achegar un traballo que nos mandou para a revista dedicada a Xosé Seivane, porque é unha mostra da loita por conservar a identidade da nosa gaita. É un documento histórico destes anos, e ninguén mellor ca el, que coordinaba aos e ás gaiterías galegas. Pero queremos principiar por aquela xornada de recoñecemento á Asociación de Gaiteiros Galegos cando a nomeamos "Chairega de Honra", no 2013 nun acto ateigado de agarimo na Casa da Música Xosé Seivane de A Pastoriza, tal coma anunciou Xermolos:

Xermolos e a Irmandade Manuel María concédennlle á Asociación de Gaiteiros Galegos o recoñecemento de CHAIREGA DE HONRA. O acto tivo lugar na Casa da Música Xosé Seivane da Pastoriza que recibiu este nome nos Encontros da Terra Cha organizados por Xermolos coa participación da Asociación de Gaiteiros.

Polo San Xoán, que é o que significa Seivane, o 22 de xuño, no seu berce, na Pastoriza, recoñecemos o inmenso labor da AGG a prol do país, conservando e dignificando un dos nosos sinais de identidade, a nosa música... Un recoñecemento que recibiron anos anteriores: Fiz Vergara, Paco Martín, Bernardino Graña, Isaac Díaz Pardo, Avelino Pousa Antelo, Antía Cal, Felipe Senén, Uxío García Amor, Marica Campo, Neira Vilas, Anisia Miranda... Presideu a celebración Santiago Caneiro, Presidente da Asociación de Gaiteiros Galegos.



Con motivo dos 25 anos da Asociación de Gaiteiros Galegos, Xermolos organiza varias actividades, coma o recoñecemento de Chairega de Honra e un- Guieiro dedidado a Xosé Seivane, gaiteiro e constructor de gaitas da Chaira (Fonmiñá-Pastoriza). Xermolos agradece deste xeito a colaboración da AGG nas Mostras de Instrumentos do Festival de Pardiñas, a primeira que se celebrou no estado.

## **Celebración de Chairega de Honra**

**Pastoriza, 22 de Xuño de 2013. Ás 12 horas na Casa da Cultura**

**Táboa Redonda coa participación de Santiago Caneiro, Presidente da AGG; Pablo Carpintero, músico e investigador do noso folklore; Erea Estévez, mestra de música e gaitera; Raul Galego, mestre e gaitero solista; Xaneco Tubío, artesán, percusionista e músico; Olimpio Xiráldez, constructor de gaitas e músico**

Neste festival tamén queremos agradecer a Santiago Caneiro o moito que fixo polo Festival. Deixounos o 15 de xullo, pero seguimos sentindo a súa xenerosidade e disfrutando da súa



arte. Sempre concebíu a súa música para partillala, emporiso seguimos facendo os mesmos paseos sonoros sentíndoo á nosa par animándonos sempre a seguir adiante. Santiago foi o terceiro presidente da Asociación de Gaiteros Galegos . O primeiro foi Ricardo Portela e despois Xosé Ferreiros.

Na súa homenaxe recuperamos un artigo que publicou no monográfico dedicado a Xosé Seivane, e que acaae moi ben nesta revista dedicada á nosa música, xa que conta a loita da Asociación por manter a identidade da nosa música. E nesta celebración coral do XL de Pardiñas merece un recoñecemento especial Santiago Caneiro, agora coa palabra e a música de Os Carunchos e Mero Iglesias:

Vaste xa amigo Santiago,  
vas facer outro camiño.  
Unha sorte e un orgullo  
coñecerte noso amigo.

Un exemplo de país,  
de traballo con cordura,  
do valor de compartir  
da defensa da cultura.

Somos orfos mais sabemos  
as gaiteras e gaiteros  
que debemos darche as grazas.  
Grazas Santiago Caneiro.



## ***Na memoria de Santi Caneiro, desde os territorios da música galega. por Mero Iglesias***

Sería bo que alguén falase algunha vez dos intres que suceden antes de que un grupo ou personaxe, sexa quen sexa, chegue a un escenario e faga uso dun tempo de comunicación verbal, de entendemento musical e mesmo interpretativo no espazo de expresión humana e do corpo. Ben sexa en directo, a viva voz, ou mediatizado polos equipos de luces e son que para amplificar o sinal se inventaron. Tan so aquelas persoas que pasaron por esas situacións saben que hai moreas de vontades xuntas, que se unifican para que todo saia como é debido. Aquelas que saben dos tempos, dos nervios, das présas, dos problemas impensados, das luces, dos fallos de última hora, das urxencias, dos problemas e circunstancias que finalmente mandan e obrigan a resolver como mellor se pode. Por detrás da actuación, hai técnicos de todo tipo que gardan e procuran que todo saia ben. Detrás da persoa actuante, está unha xente anónima que –pendente en todo lugar do que pasa- xunta o seu saber ao saber de quen dá a presenza cara ao público. Son técnicos que saben dos aparatos que manexan, son persoas que coidadosamente tenderon cables e caravillas, facendo probas e precisando a aventura do espectáculo que vai acontecer.

Santiago Caneiro Aneiros, ademais de ser un gran coñecedor da cultura tradicional, ademais de ser un grande e experimentado músico, era tamén un técnico de son. Unha desas pezas anónimas que fan posible un espectáculo. Eu coñezoo dende hai moito tempo, en realidade non sei canto pero sei que é moito. Moitas veces se preocupou de que os sons que eu producía fosen e chegasen do mellor xeito posible ás miñas referencias necesarias, pero tamén á xente que escoitaba. E por riba facía o milagre de coordinar de tal xeito que equilibra- ba os sons de todo un grupo numeroso como o noso, A Quen- lla. Moitas veces estaba inquedo, pero na confianza que todo saíse ben. Cando xa todo se materializaba e saía como era de- bido, entón escoitaba e deixábase vir canda nós na emoción de comunicar tantos anxeios comúns, percorrendo xeitos inter-



pretativos e voces, relatan- do aconteceres e soños. Anxeios de amor á Matria, anxeios de amor á palabra, á Nosa Palabra; anxeios de denunciar e poñer o dedo na chaga, de chegar a concienciar, de sentirnos tocados e agraviados polos feitos tristes ou felices para que subesen ler en nós a ledicia e porvir. E percorremos Galiza enteira cantando, aventurando lugares liberados, inventando músicas e letras que nos consolasen.

Santiago Caneiro era, sobre todo, o meu amigo. E xa se sabe que, coma neste caso, cando perdemos unha amiga ou un amigo, perdemos memoria infinita e miúda, perdemos contornos, relacións, desexos, anhelos, arelas, utopías e ilu- sións. Perdemos arrollos e berces, perdemos fondo e fondura, perdemos forzas e alentos. A música deume, neste caso, un

amigo fiel no que confiar cegamente, como demostrou toda a vida. Era máis novo cá min un novenario de anos e gabábase de ter nacido un día 25 de xullo. Gardaba aínda aquela cinta de casete na que nos gravara nunha actuación de Fuxan, nos anos da polca, cando actuáramos nos arredores da súa casa e cun magnetófono copiara o concerto enteiro, mesmo coas presentacións. Tiña unha grade memoria e sabía todas as letras. Pobre de min, mentres, eu tiña que lelas pois son o gran esquecedor de todas elas, mesmo aquelas que cantei miles de veces. Con poucos anos quedou prendido da música, da Música máis Nosa, da tradicional. En Ferrol comezou a andaina, primeiro con Terra Meiga e despois no Grupo Etnográfico para facer o labor de campo, tan gratificado de recoller directamente o noso maior tesouro: a tradición aínda viva! Tamén formou parte de Folk Alén e púxose a dar clase na Banda de Gaitas de Santa Mariña do Monte, en Lembranzas do Condado de Doniños, no Grupo Xuvenil das Pontes e, con todas elas e eles, formou A Banda de Gaitas "Aloia". Sabía que o labor docente era básico para poder multiplicar esforzos, inventa concurso de participación, forma novas gaiteras e gaiteiros nas asociacións de veciños, dá clase de percusión e canto tradicional nas escolas municipais dos arredores e, desde a súa perpetua curiosidade e coidado, invita a sumar moitas vontades nas Pontes, cos Seivane, con Manolo Seijo e mesmo pensando neles desenvolve e perfecciona os foles das gaitas para Antón Varela e a familia Seivane.



*No tamboril con Susana Seivane.*

veciñais, xantares festivos, celebracións significadas, celebracións de memoria histórica, ...había que romper en dignidade. Había que erguer un facho esperanzado deste a Música Tradicional. El fíxoo, desde un fondo amor polo Noso, reconfortándose na autoestima. Hai que dicilo ben forte e en alto, estaba orgulloso de saberse herdeiro de tanta tradición. Sabíase posuidor das claves precisas para entender un mundo musical auténtico e noso en propiedade.

Dá cursos de etnografía e de folclore, axuda a padroados, participa en libros e conferencias, colabora en festivais, arma obradoiros de construción de instrumentos e imparte clases de gaita, tambor, pandeireta e bombo sen esquecer o canto tradicional e o de baile en grupos parroquiais e no Grupo Alxibeira. Artella modos de participación en cantos de todo tipo e nas distintas ocasións do ano, contextualizando debidamente os cantos participativos, as danzas, os cantos de Nadal, cantos de aguinaldo e reis, foliadas, cantos de taberna, cantos de autor, cantos de música popular, festas



*Entre outros Raúl, Xaneco, Mingos de Melide, Ana, Xoán, ...*



Forma parte da Asociación Cultural Alende e nos anos noventa forma parte da Asociación de Gaiteiros Galegos, da que foi presidente durante vintemoitos anos, despois fixérono Presidente de Honra ata que chegou esa enfermidade que nos come a memoria, esa que nos fai estraños de nós mesmos, esa que nos deixa desposuídos de nós, faltos de acordos, de ecos, de imaxes, de sons, ...e alá se nos foi o Santi. Aquel que tantas veces coa empresa de Tedaga, xunto con Ana e con Cholo, nos puxo a súa megafonía para multiplicar os soños e as voces. Gozaba tocando calquera instrumento ou só coa voz, lembraba ao Zeca Afonso e moitas cantores/as de auga fresca. Sabía centos e miles de cantigas. Moitas veces pechaba os ollos e inventaba novos horizontes abertos, totalmente abertos e cheos de liberdade. Cadramos en moitas manifestacións en Compostela, reivindicando os dereitos dun pobo que necesita da súa voz e do reconforto consigo mesmo. Soñaba a liberación da nosa Patria, da nosa verba exacta, da nosa música tantas veces ninguneada por voces que berran máis, aínda que sintan menos, moitísimo menos. Sufría vendo como nos comían espazos con melodías pegañentas vidas de fóra, non por ser alleas senón alleantes. E eu, hoxe, desde aquí, no Festival de Pardiñas, no ano que andamos de 2019, na mesma campá que tantas veces andaches e amplificaches, manexando os botóns dos grupos da mostra de instrumentos e artesanía; ergo a miña copa e brindo por ti, Santiago Caneiro Aneiros, Santi, músico e técnico de son, soñador de soños compartidos, cantor e confabulador de encontros pero sobre todo “amigo”, amigo nesta dor lembrado. Centos de cancións de ti serán lembranza, como aquela que de “amor” tantas veces xuntos cantamos: ...”Que lonxe, que lonxe estás. Canta terra entre nós dous. Peno dende que te fuches ateigado de ilusións. Cartas van e cartas veñen e as palabras tinta son. Quero escoitar a túa voz. Cantador, cantador!”. Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero.

***Seivane, artesán dos primeiros integrantes da AGG, e persoa ben querida no seo da mesma, este foi abordado pola prensa ourensá, que lle preguntaron sobre a súa opinión verbo do traballo que está a seguir Foxo en Ourense coa “Gaita marcial”, ao cal Seivane responde cunha dura crítica, argumentando a desviación do noso instrumento por outros derroteiros foráneos”.*** Santiago Caneiro

## **A Asociación de Gaiteiros Galegos e as memorias dun conflito por Santiago Caneiro**

A comezos da década dos 70 teñen lugar na vila de Ortigueira as primeiras xuntanzas de gaiteiros e artesáns coa común preocupación de unificar criterios deste gremio de profesionais en torno ó seu peculiar mundo.

Xiraban por aquel entón, as discusións sobre o prezo a estipular das actuacións en alboradas e romarías que lles cobrarían ás comisións de festas e o establecemento duns mínimos cachés.

Por outro lado, e debido a que moitos dos pioneiros destas xuntanzas eran tamén artesáns do máis selecto do país, tratábase nestas xuntanzas a posible unificación de medidas nas diferentes pezas da gaita para posibilitar aos gaiteiros ter un criterio máis libre de elección á hora de elixir diferentes pezas de diferentes artesáns.

En todos estes debates do momento reinaba no ambiente un desexo de que os gaiteiros volvesen a ser unha parte importante da sociedade galega, como o foron noutros tempos pre-

téritos.

Aquelas primeiras xuntanzas de Ortigueira trasladaríanse anos máis tarde en plena transición do Franquismo á democracia a Melide, realizándose as mesmas no museo “TERRA DE MELIDE” e baixo os auspicios dos directivos da asociación “Froito Novo” da mesma vila, onde anos máis tarde xurdiría a iniciativa de fundar a ASOCIACIÓN DE GAITEIROS GALEGOS.

Por fin, o 28 de Maio de 1988:

- Ricardo Portela Bouzas
- Antonio X. Castro Rodríguez
- Xosé Vicente Ferreirós
- Xosé Fernández Costas
- Xosé Álvarez Marías
- Ricardo Santos Blanco
- Xosé Domingos Fuciños Gómez
- Xoán Rodríguez Silvar
- Xoán Xosé Fernández



Forman a primeira Xunta Xestora na que actuaría como presidente provisional Ricardo Portela Bouzas e de secretario Xosé Domingos Fuciños Gómez.

O día 17 de febreiro de 1989 era legalizada a A.G.G. con sede en Melide, e coma finalidade o estudo, fomento, divulgación e defensa da cultura da gaita galega, sen fins lucrativos e que desenrolará a súa actuación en toda Galicia.

Duraría aínda varios anos Ricardo Portela ocupando a presidencia desta asociación como indiscutible persoa unificadora, afable e de grande carisma entre todos os gaiteiros que lle chamaban respectuosamente mestre, coma se dun texto bíblico se tratase.

Ricardo Portela foi substituído na Presidencia por Xosé V. Ferreirós, coñecido gaiteiro integrante do grupo Milladoiro, pero continuando Ricardo como presidente honorífico até o día do seu finamento en Pontevedra.

Nesta época comézase co traballo estruturado, créanse as diferentes vocalías nas vilas e cidades galegas, e comézase unha campaña de implantación que contará a finais do exercicio con cento cincuenta socios entre gaiteiros, percusionistas, artesáns, musicólogos, investigadores e xente en xeral vinculada ao mundo da cultura galega.

Realízase o I FESTIVAL DA A.G.G. en Compostela, coa actuación do pobo de Imende e os seus bailes tradicionais, o grupo Raparigo de Ferrol e o finado Carlos Díaz, O XESTAL, de nexo de unión entre estes grupos, e Serxio, gaiteiro solista da Fonsagrada.

Durante este exercicio actúa como vicepresidente X. L. Foxo, que asiste ás reunións na época en que se elixe o anagrama que vai encabezar publicamente os escritos da Asociación, celébrase unha xunta extraordinaria da directiva convocada polo presidente Ferreirós cun único punto de orde do día, de chamada de atención a Foxo, daquela vicepresidente, pola utilización e divulgación en Ourense da “GAITA MARCIAL”; despois dun longo debate, Foxo argumenta que este tipo de gaita é un INVENTO SEU e que non está na súa intención causar ningún mal a AGG co seu experimento, en todo caso que se isto o considera a AGG pernicioso, el estaría disposto a retiralo das súas escolas en Ourense.

Argumenta Foxo na súa defensa que a el dáballo vergoña asistir a LORIENT coa banda de gaitas da Deputación cos seus “traxiños folclóricos” e as súas “gaitiñas”, e que por iso inventaba unha nova vestimenta e lle daba unha nova disposición á gaita para facela “máis maxestuo-

sa”.

Estaban presentes naquela xuntanza Ferreirós, Xan López, Manuel Parrado, Foxo, Antonio Pereiras e Santiago Caneiro. Nesa mesma reunión, e para que quede claro que ten boa disposición de colaboración ofrécese de “mediador coa Xunta de Galicia para conseguir subvencións da mesma a través da súa influencia”.

Posteriormente a esta xuntanza e durante o primeiro mandato de dous anos da actual directiva –formada por Santiago Caneiro como presidente, Xan Tubío como secretario e Xan López como tesoureiro-, no transcurso dun Festival de música tradicional na Rúa de Valdeorras, e con motivo dunha exposición de instrumentos galegos fabricados por Xosé Seivane, artesán dos primeiros integrantes da AGG, e persoa ben querida no seo da mesma, este foi abordado pola prensa ourensá, que lle preguntaron sobre a súa opinión verbo do traballo que está a seguir Foxo en Ourense coa “GAITA MARCIAL”, ao cal Seivane responde cunha dura crítica, argumentando a desviación do noso instrumento por outros derroteiros foráneos; X. L. Foxo responde días máis tarde a esta crítica de Seivane e alcúmao de “culturalmente humilde” ademais de desprestixialo como artesán publicamente na prensa.

A través dunha conversa mantida con Directivos da AGG, Foxo presiona á mesma declarando que se esta realiza algunha actitude hostil cara el, encargárase de organizar unha asociación paralela para contrapoñer á AGG e afundila. Xurde entón a Asociación de Bandas de Gaitas que se presenta en Ferrol por vez primeira coa presenza de pouquísimas bandas, e preside esta recién creada asociación Xabier Carro; lense os fins desta asociación e curiosamente coinciden plenamente cos fins da AGG, polo que membros do grupo Berce de Ferrol alí presentes, que á súa vez eran membros da AGG, formulan a pregunta á mesa de o porqué da fundación doutra asociación con eses mesmos fins sendo todos da AGG, ao cal respostan que esta non cumpre obxectivos das recién creadas bandas de gaitas.

Os membros da AGG rematan por preguntar aos novos xestores da AGB se intentarían formar esa comisión específica dentro da AGG, ao que respostan negativamente.

Na seguinte Asamblea Xeral da AGG lense os artigos de prensa onde Foxo inxuria gravemente a unha das persoas máis queridas no seo da asociación, o artesán Xosé Seivane, e o seu presidente, Santiago Caneiro formula á Asamblea Xeral de socios a expulsión de Foxo do seo da asociación. Decídese por unanimidade e ponse en coñecemento do ex socio a súa baixa así como se dá consabida conta á prensa e á Deputación Provincial de Ourense.

Días despois desta data sucédese unha auténtica morea de comunicados de Foxo descalificando á AGG e pola súa contra Xabier Carro, presidente daquela da ABG nega a través da prensa que Foxo fose expulsado da AGG e tacha á mesma de sectaria e acúsaa de comezar unha “caza de bruxas”.

A AGG non quere entrar na polémica suscitada nese momento e orquestada por Foxo, intentando buscar apoios nalgúns socios amigos, e segue o seu curso de traballo normal, comezando por atender unha demanda do propio S. L. Baltar, presidente da Deputación Provincial de Ourense, que convoca a un total de vinte entidades entre asociacións veciñais, bandas de gaitas, entidades privadas de venda de instrumentos, gaiteiros cabreados de Ourense, constructores de traxes folclóricos e AGG, entre outros, e co motivo de que lle explicásemos o que estaba a acontecer coa Real Banda da Deputación de Ourense. A AGG falou primeiro, e denuncia ante Baltar que denunciabamos publicamente que a Deputación Provincial estaba a financiar con fondos públicos o experimento persoal de Foxo, a “Gaita Marcial”, e toda a parafer-

nalia escoceszante , ao cal Baltar resposta que a Deputación era moi libre de investir os cartos onde lle petase, e que a real banda era evidente que non era a imaxe de Galicia, que estaba inspirada nas escocesas, que mesmo lle ía competir a elas no seu mesmo terreno, e que gustaba moitísimo alí onde actuaba, polo que non vía a necesidade de ter que cambiala; en todo caso se a AGG tiña outro proxecto de banda galega que o presentara, que estaba disposto a financiarlo en pé de igualdade, que ademais el mesmo xa non estaba capacitado para dar marcha atrás coa Real Banda porque era un proxecto que viña de máis arriba...

Nese momento comeza unha escalada de bandas de gaitas que están a ser presionadas para introducir nas súas filas tambores metálicos empregados polos escoceses nas súas bandas, e moitas delas van accedendo, comprendendo o poder que Foxo exercería sobre esas bandas de así non faceren, lémbrese que está á fronte da Deputación de Ourense, con carta branca..., e que a decisión de controlar as súas actividades ven de máis arriba...

A propia banda que dirixe o presidente da AGG é presionada en diversas ocasións por Xabier Carro, presidente da AGB para que se asocie a esta última porque senón quedará aillada e sen actuacións.

Tempo a andar dase o seguinte conflito no que xa intervén a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Esta, a través do seu secretario xeral Homero P. Quintana e o seu vicesecretario Xavier Senín, convidan á AGG a unha Xuntanza na propia Consellería para que as asociacións participaren nun certamen que se vai a realizar na TVG sobre os grupos e bandas de gaitas, amén doutros campos da música galega, anecdoticamente din que non sabían da asistencia da AGG, e que foi a de bandas quen lles comunicou que contasen con esta na reunión e falase francamente coa AGG en ton distendido e absolutamente claro. A argumentación que a Consellería lle presenta á AGB é de que pretenden que na TVG se vexa o máis enxebre e auténtico do noso folclore e a nosa música, e que precisan de que AGG participe activamente para facer que os grupos galegos, na súa maioría, participen para facer un certame máis representativo, co cal e visto dese xeito, a AGG accede, formando parte activa non sen antes poñer un par de condicións que farían posible a súa participación.

1.- Que as bandas ourensás con aparencia pseudoescocesa non poidesen participar, ao cal o Sr. conselleiro accede sen paliativos, argumentando el mesmo que isto non sucedería, pois eles xa tiñan o seu propio campo, e retrucando a AGG que si participasen enganaríase á opinión pública, pois estas entrarían en contradición co propio espírito do programa.

2.- Dar outra redacción á base V. para garantir que a percusión americana e os instrumentos electrónicos non poidesen participar, ao cal tamén accede a consellería.

O Xurado quedaría composto por : Xabier Carro, Antón Varela, M<sup>a</sup> do Carme Penas, Carlos Núez e Xosé Luís Blanco.

Unha vez comezadas as gravacións, a nosa representante no xurado M<sup>a</sup> do Carme Penas detecta que un nutrido número de bandas non cumpre coas bases, ao empregar instrumentos de imposible entronque coa nosa tradición, polo que o fai saber ao resto do xurado, negándose este a admitilo e tomando postura común para permitir que esas bandas concursen



sen máis.

A AGG solicita entón unha xuntanza coa Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, para informarlle da particular marcha do certame e do incumprimento do acordado coa AGG ao cal o interlocutor Xavier Senín, a título persoal, comprender pero que elevará ao Secretario Xeral Pérez Quintana o noso sentimento. Acto seguido a AGG retira ao seu representante e pono en coñecemento da Consellería, así como da prensa en xeral, feito que foi silenciado por esta última.

Convócase unha xuntanza coas bandas da AGG participantes e estúdiase a retirada das mesmas do certame, chegando á conclusión da imposibilidade desta medida debido a que algunhas xa tiñan saído na TVG e o certame xa estaba encetado, co que se acorda continuar a nivel de bandas e grupos.

A xunta directiva da AGG recibe das delegacións de Arousa e Vigo unha solicitude de expulsión para os membros do xurado que pertencen á mesma, por contraponerse ás negociacións que a AGG mantivera coa consellería. Ante esta petición a xunta directiva cursa unha carta aos devanditos membros, os cales son convocados a unha xuntanza á que non asisten, e posteriormente estes remiten á prensa a súa propia disidencia ao tempo que á AGG.

Ao mesmo tempo xurde un movemento xeralizado en contra da Real Banda da Deputación de Ourense capitaneado por varias asociacións: gaiteiros cabreados de Ourense, gaiteiros con conciencia de Vigo, gaiteiros tradicionais de Ourense, os cales enchen de volandeiras explicativas ali onde actúa a Real Banda facéndose unha pregunta xeralizada: pensa vostede que son gaiteiros galegos?

Na AGG nunca se debateron accións deste tipo nin nada temos que ver con estes movementos, en todo caso esta é a historia de todo este conflito. Con este pequeno repaso queremos dar un pouco de luz a todo isto. Temos claro que a orixe de toda esta guerra está na Gaita marcial, pois para iso foi creada, para dar guerra.

O instigador da mesma e de todas as extorsións coa absoluta financiación da política reinante na Deputación de Ourense é Xosé Lois Foxo, sen este personaxe a historia tal vez fose outra. Pero “guerras aparte” a AGG non deixou de traballar e xa conta neste momento con perto de 400 persoas asociadas e concienciadas do longo camiño que nos queda por percorrer e para facer iso que todo o mundo di:

Dignificar o noso instrumento por excelencia, a gaita e o seu entorno.

Cadernos. No país das gaitas, (pax.35, 36, 37, 38)

Santiago Caneiro, Presidente da Asociación de Gaiteiros Galegos



# 26 Mostra de Instrumentos de Música Tradicional

3-4 Agosto 2019



## ADICADA A SANTIAGO CANEIRO - Pardiñas 2019

Un ano mais a Mostra de Instrumentos de Música Tradicional organizada pola AGG no Festival de Pardiñas abre as súas portas para amosar o traballo de numerosos artesáns e artesás neste espazo consagrado xa como a mostra máis antiga e importante da Península Ibérica e un referente indispensable da música tradicional galega.

Esta edición adicámوسlla a Santiago Caneiro Aneiros, e facemos unha mención moi especial a quen sen dúbida foi un dos grandes conseguidores de ter chegado ata aquí, o noso Presidente durante mais de dúas décadas, quen co seu traballo e a súa adicación loitou incansablemente pola nosa cultura tradicional, sempre con humildade e de xeito altruísta, sempre a disposición do que fixera falta en calquera lugar do país. Santiago deixounos o pasado 15 de xullo, mais xa forma parte do noso imaxinario colectivo e seguiremos traballando na súa memoria.

A apertura da Mostra comezará co pregón o sábado ás 17:00 h. a cargo de Xosé Lois Mouriño Couto, un dos artesáns promotores desta feira dende o seu inicio. Lois Mouriño desprázase no ano 1985 ata Lugo, onde comeza a súa formación como artesán de gaitas, no obradoiro de Sito Carracedo. No ano 1987 crea en Compostela o Obradoiro de gaitas Mouriño onde comeza a súa faceta como artesán de instrumentos tradicionais galegos. Ao longo destes anos ten impartido diversos cursos, de construción de instrumentos musicais, concertos di-



*Lois Mouriño tocando no  
XXIII Festival de Pardiñas - 2002*

dáticos para tódolos públicos, e aulas de gaita en varios centros galegos europeos e centros culturais do noso país. Como músico ten fundado, xunto a outros compañeiros varios grupos de música como; Durindaina e Orquestra Os Modernos. Tamén ten colaborado con outros grupos como: Colexiata do Sar, Brincadeira, Brisas da Terra, Os Estalotes, Faiscas do Xiabre, Caldaloba, Cantigas e Agarimos, ou coa Banda de música de Santiago de Compostela. No ano 2015 pecha definitivamente o seu obradoiro de instrumentos tradicionais, despois de ter construído durante 30 anos, principalmente gaitas, con destino a tódolos puntos da xeografía mundial. A día de hoxe continúa a traballar en Compostela en “A Grileira”, quizais, a única tenda do país adicada exclusivamente a instrumentos de música tradicionais galegos.

Continuaremos coa música de As Cantigas de Elena as 18.00 h. As Cantigas de Elena é un proxecto que recompila melodías recollidas a Elena Alonso Pino (Toutón, 1 de xullo de 1928), por parte de María Vidal, Pichi Abollado e o seu neto, Pipo Alvariño. Elena recordaba multitude de melodías, algunhas delas moi antigas, e as cantaba dun xeito irrepitible. Tras unha sobremesa de cea de noite boa de 2016, Pipo Alvariño, María Vidal, Pichi Abollado e Miryam González acordaron que as fermosas melodías que conservaban de Elena non podía permanecer mais tempo no olvido. Así nace o proxecto As Cantigas de Elena. O propósito deste traballo é mostrar como eran as veladas musicais de Pipo Alvariño coa súa avoa Elena: unha voz, unha guitarra e un acordeón.

As 19.30 horas, será o momento de coñecer @ afortunad@ do boleto gañador do sorteo un pandeiro (doado por Tunhas) e unha pandeireta (doadada por Foliquireas).

A xornada do domingo iniciarase ás 11:30 horas coa apertura da mostra, seguido dunha demostración de construción de palletas a cargo do mestre palleteiro Jaime Pena que terá lugar as 12.00h. E ás 12:30 horas continuaremos cun Obradoiro de Treboada da man do artesán e gaiteiro Oli Xiráldez, no que teremos a oportunidade de desfrutar e coñecer mais sobre esta formación instrumental típica da comarca do Baixo Miño, formada orixinariamente por unha gaita de barquín, un tambor e un ou dous bombos de grandes dimensións, e que se foi modificando, aumentando o número de bombos, e substituíndo a gaita de barquín pola de sopro directo.

Xa pola tarde, ás 18.00 horas terá lugar o Obradoiro de Baile Tradicional, con Ruth Pérez bailadora da A.C. Cántigas e Frores de Lugo dende o ano 2003 ata a actualidade. No ano 2009 incorpórase como bailadora á compañía de baile “ProxectoDanza” coa que no 2011 presenta o seu primeiro espectáculo “Latexo”. Participa tamén como bailadora no espectáculo de baile “O poder do Arcabuz” de Quique Peón Cía. Imparte aulas de baile tradicional en diferentes asociacións da provincia de Lugo, actividade que compaxina coa participación no grupo de pandereteiras da A.C. Cántigas e Frores.

E xa para rematar a xornada da tarde, ás 19.30 horas realizaremos o sorteo dun tambor doado por Manels Percusión e unha gaita doada por “Os canallas”, un traballo colaborativo de Afonso Castro, Alberto Pires, Oli Xiráldez, Patricia González e Queima.

Ademais das actividades previstas dispoñemos dun escenario libre durante os dous días para músicos que desexen tocar ou artesáns que queiran facer algunha demostración. E como nas pasadas edicións, na mostra non faltarán nin a música nin o baile tradicional, que estarán presentes durante a fin de semana.

Imos tod@s a danzar a Mostra de Instrumentos de Música Tradicional de Pardiñas.

## PROGRAMA

### **Sábado 3 de agosto**

De 17.00h a 21.30h – XXVI Mostra de Instrumentos de Música Tradicional

17.00 h. – Pregón. Lois Mouriño

18.00 h. – Concerto. As Cantigas de Elena

19.30 h. – Sorteo

### **Domingo 4 de agosto**

De 11.30 h a 14.00h e de 17.00h a 21.30h – XXVI Mostra de Instrumentos de Música Tradicional

12:00 h. – Demostración de construcción de palletas. Jaime Pena.

12.30 h. – Obradoiro de Treboada. Oli Xiráldez.

18.00 h. – Obradoiro de baile tradicional. Ruth Pérez

19.30 h. – Sorteo

## **LISTADO DE ARTESANS ARTESÁS**

Afonso Castro / Gaitas / O Rosal

Alberto Pires / Gaitas / Pontesampaio

Alfonso García-Oliva / Instrumentos musicais históricos e tradicionais / Navajeda - Cantabria

Aragón y Parrado / Gaita irlandesa. Uilleann pipe / Guadarrama - Madrid

Dacorla Artesanía / Percusión tradicional / Fornelos de Montes

Foliqueiras / Percusión tradicional / Vigo

Iago Salgado / Instrumentos tradicionais / Teo

Julio Fernández / Instrumentos de vento / Quintela de Leirado - Ourense

Manels Percusión / Percusión tradicional / Ordes

Master Gaita / Gaita electrónica / Sada

Miguel Rivas / Percusión e vento / Vigo

Nebra / Gaitas e zanfonas /- Porto do Son

O Chilro / Percusión e gaitas / Cambados

O Reberete / Vento e percusión tradicional / Amoeiro - Ourense

Obradoiro Antón Corral / Gaitas / Tui

Obradoiro de costura Saiáns / Traxe tradicional galego. Especialidade en fundas para instrumentos, vestidos e farrapos de gaitas / Saiáns

Obradoiro de Gaitas Seivane / Construción de gaitas / Cambre

Ocarinas Paparolo / Fabricación artesanal de ocarinas e asubíos / Santiago de Compostela

Oli Xiráldez / Gaitas e requintas / Calo - Teo

Pablo Carpintero / Reprodución de instrumentos antigos, percusión, gaitas e requintas / Compostela

Palletas Carrera / Palletas / Vigo

Queima / Instrumentos tradicionais de vento e percusión / Redondela

Suso Gestal / Instrumentos de vento / Abellá

Tunhas / Percusión tradicional / Ames

Víctor Barral / Foles para gaita / Madrid

Xaneco / Percusión e zanfonas / Outeiro de Rei

Xermán Arias / Luthería e zanfonas / Sarria



# CREADORES QUE TECERON 40 ANOS DE PARDIÑAS

**EXPOSICIÓN NA CASA DAS ARTES, o domingo de Pardiñas (de 12 a 20 horas), e no mes de agosto na Casa das Palabras.** Vai constar de varias actividades, como

a proxección contínua dun video documental sobre festivais montado por Gabriel Arias Rodríguez... Así coma achegas dixitais de ducias de creadores coma Kantero, Foto Suso, Camelia Iglesias Manolo Espiñeira, Juan Luis Tomé, Manolo Brea Amenedo, Paco dos Bloques, Pixelin e outros.

Será un paseo por todo o festival dende os seus inicios empezando polo papel: fotos, revistas..., ata chegar a parte máis moderna na proxección con fotos e arquivos antigos. tamén teremos unha exposición das revistas que se fixeron todos os festivais.

Xa nas escaleiras da Escola de Pardiñas colocaranse os anos dos festivais como previo paso á exposición simbolizando os pasos que foi dando o festival ata chegar á 40 edición.

## PILAR IGLESIAS ARES

Pili Iglesias Ares agasállanos o XL con dúas obras que alongan décadas de creación en Xermolos e en concreto en Pardiñas: exposicións, mostra de artesanía, obradoiros, o cartaz do XVII Festival de Pardiñas, e mesmo un mural con este título: Pili non é unha artista convencional, reborda a súa sensibilidade en todas as actividades do pobo, de Guitiriz... Involúcrase nas festas e celebracións estacionais, aquelas que protencian a vida e o sentir común. A súa man e o seu inxenio engrandecen, cada ano, o Entroido, a Cabalgata de Reis, o Festival de Pardiñas... Naceu en Baamonde, pero leva anos afincada en Guitiriz, onde está a desenvolver un intenso traballo coma mestra de pintura. Por iso, non lle foi difícil mergullarse neste manancial de creación, que é a Feira e Festa da Música e da Arte, e dendo o principio arrequentouna coa súa presenza artística. Dende aquel ano, que prestou a súa maxia estética, a publicitar o XVII Festival cun cartel, saído do seu pincel, ata a súa participación, todas as edicións con pintura, cerámica, gravados... Axiña, a súa proxección artística, estendeuse por toda a comarca, e dá clases en Begonte, NTeixeiro, A Castellana, Parga, Guitiriz..., e fai exposicións en Vilalba, Baamonde, na Chaira da emigración, no centro galego de Sestao, etc.

Si podemos percorrer toda a xeografía da comarca, a través da súa obra, tamén podemos rastrear a súa evolución como



*As dúas obras de Pili celebrando os corenta anos, unha recollendo as camisetas e outra cunha composición de todos os cartaces (fotografías Juan Luís Tomé)*



creadora, dende un estilo máis figurativo, ata outro máis abstracto.

Son máis de 30 anos de traxectoria, dende aqueles anos que estaba a abrirse a este universo, mesmo da man da pintora Oliva Mejuto e do acuarelista Juan Prada, o autor do cartel do XI Festival (1990). Son aproximacións felices ao debuxo artístico, ao gravado calcográfico, que cada xeira, foron abrindose a novos horizontes estéticos: a cerámica, o cristal pintado... Nesta altura da súa traxectoria, o manexo das técnicas, convertena nunha pintora de moitos rexistros: oleo, pasteis, texturas, carboncillo...

Si percorremos a súa obra, descubrimos que son as buguinas, un dos temas preferidos... Aínda que a súa imaxinación navega por calquera recanto enchoupado de auga. Quizais, a súa simbiose con Guitiriz, levouna a transmitir esta identificación coa auga, no seu estilo artístico, coma podemos celebrar nesa obra maxistral que lle dedicou, e que podemos contemplar na colección permanente da Casa Habanera, que adxuntamos nesta reportaxe.

En Pardiñas, tamén podemos gozar da súa cerámica, á que chegou máis tarde... Dende o ensino con Pepita de Bonxe, ata os cursos en Guitiriz. Grazas ás aulas de Pili, moitas e moitos da comarca, están a abrirse a estes campos de creación. Así a súa man creadora, percíbese na exposición de Debuxo Infantil que é un recanto moi entrañable do Festival de Pardiñas dende hai 40 anos.

## XAN AMIL

Xan Amil Castro é o autor da icona dos XL anos do Festival de Pardiñas que luce en todos os cartaces e publicidade do festival, mesmo converténdose nun cadro rifado entre centos de desexosos de conservalo para sempre entre os seus recordos.

Xa hai anos que podemos disfrutar do xenio artístico de Xan Amil Castro (Guitiriz 1962), as pezas de cerámica nas exposicións de Pardiñas e os debuxos e ilustracións que Xan Amil achegou a varias publicacións da Asociación Xermolos.

Mesmo foi o autor dos carteis das V e X edicións do Festival de Pardiñas, e xa máis preto no

2007. Naqueles primeiros anos de Xermolos no que todo era máis feito a man e agora tamén, Xan era o autor de moitos dos carteis que anunciaban as nosas celebracións: Entroido, Nadal, Letras Galegas.

A creación deste artista multiplicase en moitos soportes, algúns tamén cun sentido publicitario, pero sen perder endexamais esa estética peculiar que definen a súa obra. Un día temos que facer un estudio sobre as ilustracións das ducias de camisetas que foi xenerando Pardiñas nestes 40 anos, moitas delas saídas do seu maxin.

Mesmo na Casa das Palabras e na Casa das Artes, dous dos espazos de creación que fan abroillar a nosa traxectoria cada día, disfrutamos de obras de Xan, cerámica e pintura que xa forman parte do patrimonio de Guitiriz, pois agasalounos con 3 pezas de cerámica e o cadro dos "25 anos de Pardiñas" (2004). Os asistentes ós festivais xa disfrutaron de mostras da súa cerámica hai anos, mesmo o primeiro achegamento de Xan Amil á cerámica foi nun curso convocado por Xermolos.



Coma ilustrador non só descubrimos a súa arte na Revista Xermolos e nas nosos libros: Doce anos na busca da nosa identidade, Volta a España a pé, etc. Tamén ten feito obra de ilustración para revistas coma "O Xistral", voceiro do Centro Galego de Barakaldo, a que publica Comiñóns Obreiras da Renfe de A Coruña, etc..

Coma cultivador do debuxo no 2005 gañou o 1º Premio nun certame sobre "O Quixote" convocado polo Concello de Guitiriz e o Café O Correo organizoulle unha Exposición: "Debuxos con colesterol".

Pero, sobre todo, Xan é o creador dos colectivos de base desta comarca de Guitiriz, só neste ano deseñou as camisetas de festas de Roca, Pascua dos Vilares, Pardiñas (Peña do Curro Vello) e os carteis San Xoán 2006.

# O FESTIVAL DE PARDIÑAS PREMIO MARTÍN CÓDAX DA MÚSICA Ó MILLOR FESTIVAL NO 2019



**Patty López Fraga**  
9 de May ás 11:37 · 🌐

Premio ó traballo, ó esforzo e ó amor posto durante 40 anos ininterrompidos no mellor Festival do Mundo! Parabéns sempre! #Pardiñasdasmoeavida 🍷

**Susito de Parga**  
Hai 45 minutos · 🌐

Hoxe levo todo o día pensando no día de onte e a verdade é que me sinto moi orgulloso de pertencer a familia de Xermolos é especialmente ser amigo dunha das persoas que mas aprendin na miña vida Alfonso Blanco Torrado e sobre todo estou orgulloso do Festival de Pardiñas , un festival feito co voluntariado de moitos xermolos !! Longa vida o Festival de Pardiñas !! #XLFestivaldePardiñas #Xermolos !!!

👍👍👍 Ti, Zé Ninguém, Suso Pena e 39 máis 2 comentarios

👍 Gústame    💬 Comentar    ➦ Compartir

**Fas Cinante** O mellor festival do mundo!! Podedes estar ben orgullos@s!! 🍷  
Gústame · Respostar · 28 min

**Isa Taboada** Festivalazo !!! Sen duda... Dos mellores!!! Por moitos máis!!!!  
Gústame · Respostar · 25 min





## Dálle ó cante Pardiñas 2019

Venres 2 de Agosto de 20h a 23h

### VII Encontro de Cantos de Taberna de Guitiriz

Os grupos participantes estarán formados por un máximo de 10 compoñentes.

A inscrición é gratuíta, farase por orde de contacto a través do e-mail da organización: [xermoloscantes@yahoo.es](mailto:xermoloscantes@yahoo.es) ou ben por wassup no teléfono 619 622 696  
As prazas son limitadas.

A recepción dos grupos realizarse o venres 2 ás 20:00h no Campo da Feira de Guitiriz.

O repertorio será preferiblemente tradicional.  
Admítense instrumentos pero todas as pezas serán cantadas.

Cada grupo percorrerá un itinerario diferente por tres tabernas e irá acompañado por un membro da organización.

Os compoñentes dos grupos estarán convidados á bebida nos locais do seu itinerario.  
As consumicións que entran dentro da invitación son as básicas, como cervexa, viño, auga e refrescos, o resto deberán abonalo.

Agardamos as vosas inscricións!!!

Se es dos que dá o cante...non falgas ó VII Encontro de Cantos de Taberna de Guitiriz!! Agardámo-vos!!

Organiza Xermolos coa axuda da hostalería Guitiricense.



*Fotografías da pasada edición dos Cantos de Taberna do XXXIX Festival de Pardiñas feitas por Suso Pena*



# Contra a violencia sexual: Agresión OFF



Os festivais e festas de calquera índole congregan habitualmente un grande número de público, no caso do Festival de Pardiñas, arredor dunhas 20.000 persoas anualmente. Estes eventos de

masas, con grandes aglomeracións de persoas e en grandes superficies de difícil control, conforman un espazo de conflito onde a violencia sexual pode resultar inadvertida e ser invisibilizada. Por ese motivo, é responsabilidade nosa e de todas as persoas que forman parte de diferentes entes organizativos, tomar partida ante esta situación e asumir as responsabilidades pertinentes, tanto na prevención coma na xestión de situacións xa acontecidas.

Neste ano 2019, o Festival de Pardiñas súmase á campaña da Xunta de Galicia “AGRESIÓN OFF. Eu digo non á violencia sexual”, tomando conciencia desta problemática e tentando crear unha cultura de respecto, convivencia e seguridade durante o transcórrecer de todo o festival.

Esta campaña recolle, entre outras cousas, un DECÁLOGO CONTRA A VIOLENCIA SEXUAL:

1. As agresións sexuais SON UN DELITO recollido no Código Penal.
2. Nada xustifica unha agresión: NIN O XEITO DE VESTIR, NIN A EXHIBICIÓN DO CORPO. NADA! Tes dereito a gozar SEN SER IMPORTUNADA/O OU AGREDIDA/O.
3. Tes dereito a pasalo ben, a gozar en LIBERDADE e con SEGURIDADE. A rúa, a noite e as festas tamén son das mulleres.
4. Sen consentimento non é unha relación. É UNHA AGRESIÓN.
5. O CONSENTIMENTO NON É ILIMITADO. Tes dereito a repensalo e a non seguir. NON É NON!
6. Baixo a influencia do alcol e outras substancias, segue existindo o dereito a dicir non. SE NON HAI UN SI, É NON. Non hai outra interpretación.
7. Insistir cando te rexeitan é acosar. NON TE POÑAS PESADO/A.
8. Se precisas axuda fronte unha agresión, CHAMA AO 112 EMERXENCIAS. VANTE AXUDAR.
9. Si presenzas unha agresión sexista, NON A PERMITAS!, CHAMA, DENUNCIA, ACTÚA!
10. E lembra: se sofres unha agresión sexual, sexa nas circunstancias que sexa, NUNCA TE SINTAS CULPABLE. A RESPONSABILIDADE É SEMPRE DE QUEN AGREDE.

Ademais, coa propia campaña desenvolveuse unha aplicación móbil institucional, da Xunta de Galicia, con información útil e consellos para evitar e prever agresións sexuais, así como pautas para saber a onde dirixirse para maior apoio e información. Podes descargala escaneando o seguinte código QR no teu celular:



# XL Festival de Pardiñas

Ano 2019

- GUITIRIZ -  
Festa Interese Turístico Galego

## Feira e Festa da Música e da Arte

Venres **2** Agosto

Ás 20:30 h.- **VII CERTAME DE CANTOS DE TABERNA**  
polos bares de Guitiriz coa colaboración da hostalería

Sábado

**3**

Agosto

Ás 16:00 h.- **XL MOSTRA DE ARTESANÍA / ABERTO DE BILLARDA**

Ás 17:00 h.- **XXVI MOSTRA DE INSTRUMENTOS de MÚSICA TRADICIONAL**

**PREGÓN DE LOIS MOURINHO**

Ás 18:00 h.- **CONCERTO DE AS CANTIGAS DE ELENA**

Ás 19:00 h.- **XL CARREIRA POPULAR. Pola noite FESTA con:**

Ás 20:00 h.- **BLOQUINHO DE XERMOLOS** DENDE 2011 (Galiza)

Ás 21:00 h.- **OS MELIDAOS** 2017 (Galiza)

Ás 22:30 h.- **HARMONICA CREAMS** 2013 (Xapón)

Ás 00:30 h.- **HABELAS HAINAS** 2015 (Galiza)

Ás 02:30 h.- **DUBLINN & ANXO LORENZO** 2016 (Irlanda + GZ)

Ás 04:30 h.- **ZËNZAR** 2008 (Galiza)



Domingo

**4**

Agosto

Ás 11:30 h.- **XXVI MOSTRA DE INSTRUMENTOS de MÚSICA TRADICIONAL**  
**XL MOSTRA DE ARTESANÍA**

Ás 13:00 h.- Vermú no campo con **OS RUEIRIÑOS** 1983 (Galiza)

Ás 16:30 h.- Pardiñas Miúdo con **PETER PUNK** 2013 (Galiza)

Ás 19:00 h.- **PREGÓN MUSICAL: PILOCHA, MIRO CASABELLA** 1983,  
**MARÍA MANUELA** 1980,  
**QUINTAS CANELLA** 2012 e MERO 1983

Ás 20:30 h.- **OS CARUNCHOS** 1995, 1998, 2000 (Galiza)

Ás 22:00 h.- **CANTANDO AS CORENTA** (Galiza)

**ANTÓN REIXA, KEVIN WEATHERILL (IMMACULATE FOOLS),  
PEPE VAAMONDE, SITO CARRACEDO, SUSANA SEIVANE,  
UXÍA, XOSÉ MANUEL PEREIRO (RADIO OCÉANO) e XURXO SOUTO**  
**•BANDA PARDIÑAZO, CORAL, GRUPO DE GAITAS E BLOQUINHO DE XERMOLOS•**

Ás 01:30 h.- **TT SYNDICATE** 2018 (Portugal)



**GADIS**

//ABANCA

galicia



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

C. MONTES  
SAN XOAN DE LAGOSTELLE



CONCELLO DE  
GUITIRIZ



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



Asociación de Gaiteros Galegos

**AGRESIÓN OFF**  
ou digo non á  
violencia sexual

XUNTA DE GALICIA

**Xermolos**   

www.xermolos.org



# 26 Mostra de Instrumentos de Música Tradicional

3-4 Agosto 2019



## Pardiñas Guitiriz

Organiza:



Asociación de Gaiteiros Galegos


Colaboran:



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE  
CULTURA E TURISMO



# CANTANDO AS CORENTA



**Pepe Vaamonde**

(2009)

**Xurxo Souto**

(Os Diplomáticos)

(1991 - 1994 - 2003 - 2005 - 2014)

**Kevin**

(Immaculate Fools) (1990 - 2002)

**Susana Seivane** (2004-2013)

**ANTÓN REIXA** (Os Resentidos)  
(1986-1990)

**Uxía** (Na lúa 1988)

**Xosé Manuel Pereiro** (Radio Océano)  
(1987)

**Sito Carracedo** (Gris Merengue 1987)

**Coral, Grupo de Gaitas & Bloquinho de Xermolos**

**BANDA PARDIÑAZO :**

**Richi Casás & Antón Díaz (Papaqueixos)**

Xan Xove (Jarbanzo Negro)

**María Prado (Banda Xangai)**

Álvaro Trillo (Dios Ke Te Crew)

**Olivier Cano (Tres Trebóns)**

Guni Varela & Mangüi Martin

(Diplomáticos de Montealto)

**Mercé Palacios**

Roberto Comesaña

**Xosé Luis Miranda**



Domingo

**4**

**Agosto**  
2019

Pardiñas 2019



**GADIS**

//**ABANCA**

galicia



Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA

C. MONTES  
SAN XOAN DE LAGOSTELLE



CONCELLO DE  
GUITIRIZ



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



Asociación de Gaiteros Galegos

**AGRESIÓN  
OFF**  
eu digo non á  
violencia sexual

XUNTA  
DE GALICIA

**Xermolos** f t i

www.xermolos.org

